ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

**CONCELLO DE VIGO**
Expte.1966 /1102

# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
## Sesión do 24 de outubro de 2025

**ASISTENTES:**

**Membros :**
D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dª Mª José Caride Estévez
Dª. Ana M.ª Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

Dª Elena Espinosa Mangana
Dª Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e catro de outubro de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(797).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 15 de outubro e ordinaria do 17 de outubro de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(798).- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO CONTRA O OUTORGAMENTO DAS "SUBVENCIÓNS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS 2025". EXPTE. 287105/301.**
Visto o informe de fiscalización de data 14/10/2025, sométese a aprobacíon o informe-proposta de data 11/09/2025, asinado polo asesor xurídico adxunto a Benestar



Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 1 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Social, a xefa de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

## I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión do 07.02.2025, acordou aprobar as bases reguladoras e a convocatoria das «SUBVENCIÓNS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2025» (BOPPO nº 34 do 19.02.2025; extracto da convocatoria: BOPPO nº 37 do 24.02.2025).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de posibilitar a execución de proxectos e actividades na área dos servizos sociais de Vigo por parte de entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro, dirixidos ós colectivos que na Base 2ª se relacionan: familia e infancia, maiores, persoas con discapacidade, persoas emigrantes, inmigrantes e pertencentes a minorías étnicas, persoas marxinadas sen fogar e persoas toxicómanas.

I.3. De acordo coas Bases e a normativa reguladora das subvencións, estas axudas públicas outórganse de acordo cos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade (Bases primeira, novena, décimo primeira e concordantes), así como os de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, transparencia, igualdade e non discriminación (Art. 8.3 LXS e Art. 5.2 LSG).

I.4. As Bases foron integramente publicadas no BOPPO, na web municipal e no taboleiro oficial de anuncios e edictos do Concello. O prazo de presentación de solicitudes foi dun (1) mes, contado desde o dia seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO n.º 37 do 24.02.2025 e rematou o 24.03.2025.

I.5. Tal como se reflicte na Acta da Comisión de Avaliación destas axudas de data 03.06.2025, durante ese prazo presentáronse un total de 58 proxectos de distintas asociacións, comprobándose o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa e realizando os requirimentos de documentación preceptivos.

Todos eles foron examinados e valorados por esa Comisión, quen propuxo a estimación duns, cos importes concretos a percibir en cada caso, e a desestimación doutros, indicando neste caso o motivo concreto da denegación con fundamento nas Bases da convocatoria.

I.6. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG...) e na Base reguladora undécima, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 04.07.2025 acordou, por proposta da instrutora do expediente e previo informe da Comisión de Avaliación, resolver esta convocatoria de axudas nos seguintes termos:

*«PRIMEIRO: Conceder con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00 a cantidade de 89.926,37€. en concepto de subvencións a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2025, segundo o seguinte desglose:*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Nº | EXPTE. | NOME ENTIDADE | PROXECTO | PUNTUACIÓN OBTIDA | IMPORTE CONCEDIDO |
|---|---|---|---|---|---|
| 25 | 280286-301 | ASOCIACION PLAN COMUNITARIO DE TEIS | "GUINDASTRES" | 21 | 1.955,14 |
| 58 | 280696-301 | ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER | MOITO POR GAÑAR:Modificación de hábitos e recuperación psicofísica | 21 | 1.955,14 |
| 56 | 280689-301 | FUNDACION IGUAL ARTE | TALLER DE JOYERÍA PARA CHICOS CON DISCAPACIDAD 2025 | 20 | 1.862,04 |
| 7 | 279384-301 | ASOCIACIÓN PARKINSON DE VIGO | PARKINSON CANTA | 19 | 1.768,94 |
| 34 | 280437-301 | ASOC GALLEGA DE AFECTADOS POR VIH/SIDA | DESESTESARTE | 19 | 1.768,94 |
| 51 | 280607-301 | ASOCIACION DE ATENCIÓN A LA PARÁLISIS CEREBRAL Y AFINES AMENCER-ASPACE | SERVIZO DE APOIO AS FAMILIAS DE PERSOAS CON PARALISIS CEREBRAL E OUTRAS PATALOGIAS | 19 | 1.768,94 |
| 57 | 280692-301 | FUNDACION SANTA CRUZ | ESTIMULACIÓN COGNITIVA PARA LA INCLUSIÓN Y BIENESTAR | 19 | 1.768,94 |
| 23 | 280190-301 | ASOC DIAGNOSTICADOS DE CANCRO DE MAMA | POLO MESMO CAMIÑO 4.0! PROGRAMA DE APOIO PSICOSOCIAL PARA PERSOAS DIAGNOSTICADAS DE CANCRO DE MAMA | 18 | 1.674,08 |
| 1 | 278717-301 | ASOCIACION GALEGA DE FIBROSE QUISTICA | PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL PARA PERSOAS CON FIBROSE QUISTICA | 17 | 1.582,73 |
| 4 | 279196-301 | ASOCIACIÓN GALLEGA DE HEMOFILIA (AGADHEMO) | Proxecto Escolas de Aprendizaxe para familias de nenos con hemofilia do Concello de Vigo | 17 | 1.582,73 |
| 12 | 279505-301 | ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR | PICO E CUDA EN BEADE 2025 | 15 | 1.396,53 |
| 48 | 280603-301 | ASOCIACION GALEGA DE LUPUS | PROXECTO DE BENESTAR PARA AS PERSOAS CON LUPUS NO CONCELLO DE VIGO | 15 | 1.396,53 |

*SEGUNDO: Desestimar as solicitudes de subvención ás entidades que a seguir se relacionan, por non ser conformes coas bases reguladoras aprobadas en Xunta de Goberno Local na súa sesión do 07.02.2025:*

| Nº | EXPTE. | NOME ENTIDADE | PROXECTO | PUNTUACIÓN OBTIDA | MOTIVO DESESTIMACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| 30 | 280432-301 | ASOC GALLEGA DE JUGADORES ANONIMOS | Prevención e educación en condutas aditivas en nenos de 6º de primaria en Vigo | 0 | BASE 3.3 .- Proxecto que xa está a executarse na Concelleria de Politica Social |
| 37 | 280440-301 | FUNDACION CUME PARA EL DESARROLLO DE CULTURAS Y PUEBLOS | CUME-MELLORA DAS COMPETENCIAS DIXITAIS DAS PERSOAS MAIORES | 0 | BASE 3.3 .- Proxecto que xa está a executarse na Concelleria de Politica Social |
| 41 | 280494-301 | FEDERACION DE ASOCIACIONS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA | Envellecemento Activo dirixido a persoas xordas na cidade de Vigo | 0 | BASE 3.3 .- Proxecto que xa está a executarse na Concelleria de Politica Social |
| 42 | 280496-301 | ASOC DA III IDADE NEVOX | "NA IDADE DE APRENDER A COMUNICARNOS DIXITALMENTE" | 0 | BASE 3.3 .- Proxecto que xa está a executarse na Concelleria de Politica Social |
| 45 | 280506-301 | ASOC CULTURAL GALLEGA DE FORMACION PERMANENTE DE ADULTOS | MAIORES CONECTAD@S | 0 | BASE 3.3 .- Proxecto que xa está a executarse na Concelleria de Politica Social |
| 49 | 280605-301 | ASOC DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS DE GALICIA | CULTIVA A MENTE E CORPO. PROGRAMA DE PREVENCION DO DETERIORO COGNITIVO E FÍSICO | 0 | BASE 3.3 .- Proxecto que xa está a executarse na Concelleria de Politica Social |
| 18 | 280056-301 | ARNELA SOC COOP GALEGA | BENQUERER. PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO EMOCIONAL E SOCIOEDUCATIVO GRATUITO | 0 | BASE 6.a) Non ter a forma xurídica dunha entidade ou fundación |

S.ord. 24/10/2025

*TERCEIRO: Publicar este acordo e os seus Anexos no "Portal da Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Vigo (http://transparencia.vigo.org) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).*

*CUARTO: Notificar o acordo a todas as entidades interesadas, con indicación de que contra o presente acordo poderá interpoñerse, potestativamente recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaranse a partir do día seguinte ó das respectivas notificacións».*

I.7. Este Acordo da Xunta de Goberno local, que puxo fin á via administrativa, foi debidamente notificado ós interesados nas datas que constan nos respectivos expedientes. Durante o prazo habilitado para a interposición do recurso potestativo de reposición, presentouse un por parte do representante da «Asociación Galega de Familias Numerosas (AGAFAN)», CIF G-15428600, co contido que será obxecto de análise neste informe, emitido por solicitude da Xefatura de Área de Benestar Social.

## II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomia de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Bases reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais no ano 2025 (BOPPO nº 34 do 19.02.2025; extracto da convocatoria: BOPPO nº 37 do 24.02.2025).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. O recurso potestativo de reposición presentado diríxese contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 04.07.2025, desestimatorio da solicitude da «Asociación Galega de Familias Numerosas (AGAFAN)» de concesión dunha axuda económica con cargo ás bases reguladoras das «SUBVENCIÓNS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2025».

III.2. O escrito de recurso cumpre cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interponse en prazo (o acordo desestimatorio foi notificado o 10.07.2025) e forma (ppio. antiformalista: Art. 115.2 LPACAP) polo representante (Presidente) da entidade, D. Luís Sánchez González (DNI n.º ***1988**) e diríxese fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes. LPACAP e Base décimo terceira), solicitando a admisión do recurso e a revisión da valoración efectuada do seu proxecto, deixando sen efecto a súa exclusión por presunta escasa relevancia e concedendo a axuda solicitada ou outra contía proporcional conforme á puntuación revisada. De ser o caso, solicita tamén que se lles notifique a puntuación detallada e motivada obtida en cada criterio de avaliación segundo a Base 9ª.

III.3. De acordo co disposto no Art. 124.2 da LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24.1 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.4. Procede, pois, entrar a coñecer o recurso:

– ***Recurso:*** Recurso de reposición presentado pola «Asociación Galega de Familias Numerosas (AGAFAN)», CIF G-15428600. Rexistro electrónico municipal: 05.08.2025; Doc. n.º 250214770; Notificación acordo XGL: 10.07.2025; Exp. solicitude nº 280688/301; Exp. recurso nº 287105/301 .

– ***Fundamentos:*** *"1. Inadecuada apreciación da relevancia e interese xeral do proxecto. A resolución incorre nunha falta de motivación, o cal vulnera o artigo 35 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece a obrigación de motivar as resolucións que impliquen a denegación de solicitudes, especialmente en procedementos competitivos. Dita omisión impide o dereito de defensa e contradición desta entidade. O proxecto "Benestar Familiar: Construíndo un futuro mellor" ten como obxectivo principal favorecer a integración social das familias numerosas en situación de vulnerabilidade na cidade de Vigo. Está deseñado para impactar de forma directa sobre máis de 3.800 familias con título oficial no mu-*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 5 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*nicipio, moitas delas en risco de exclusión, con discapacidade, monoparentais, vítimas de violencia de xénero ou migrantes. Estas accións responden a necesidades reais e detectadas, amplamente documentadas na memoria do proxecto. 2. Aliñación coas prioridades e bases da convocatoria. O proxecto axústase plenamente ao contido da Base 2a da convocatoria, incluíndo accións formativas, preventivas, de asesoramento, de sensibilización e de fortalecemento de redes de apoio social. A súa formulación inclúe atención directa continuada, unha programación anual, indicadores de seguimento e un orzamento equilibrado cunha achega propia do 75%, cumprindo coas prioridades sociais do Concello e do Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026. 3. Impacto social cuantificable e mecanismos de avaliación. A proposta incorpora mecanismos claros de avaliación e indicadores para todas as actividades, tales como número de familias atendidas, grao de satisfacción, accións de difusión, encontros comunitarios e participación en campañas. A combinación de atención directa, asesoramento, escola de pais, voluntariado e accións de incidencia confire ao proxecto unha repercusión clara, medible e continuada no tempo…".*

– ***Resposta:*** O motivo da desestimación da solicitude de subvención de «AGAFAN», fundamentouse no disposto na Base 3ª.4 (por un erro material fíxose constar a *"Base 3ª.2"*) segundo a que serán desestimadas: *"Cando o programa, proxecto ou actividade en cuestión non reúna as condicións mínimas de interese xeral, teñan unha escasa relevancia ou repercusión e/ou non acaden a puntuación mínima esixida na valoración específica".*

  As actividades que esta Asociación tería previsto desenvolver dentro do seu proxecto *"Benestar Familiar: Construíndo un futuro mellor"* serían:

  1) *Oficina de apoio ás familias*, con atención personalizada en trámites relacionados coa tramitación do título de familia numerosa, a información e o asesoramento sobre axudas e beneficios dispoñibles.
  2) *Escola de Pais*, espazo de orientación, apoio e recursos para mellorar as relación cos membros da familia e tamén coa sociedade mediante charlas ou obradoiros temáticos.

  3) *Rede de familias* para promover a interacción e apoio entre familias numerosas e impulsar a participación activa na comunidade mediante encontros periódicos para compartir experiencias, xerar redes de apoio e organizar actividades lúdicas conxuntas

  4) Fomentar a participación en actividades de voluntariado comunitario.

  5) Sensibilización da problemática e o valor que teñen as familias cos fillos/as na sociedade poñendo en valor a contribución das familias numerosas no desenvolvemento social e económico da sociedade mediante difusión de noticias relacionadas coa familia en medios de comunicación, reunións coas AAPP e participación en enquisas e estudos relacionadas coas familias.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

O proxecto presentado por AGAFAN ten como destinatario ó colectivo da FAMILIA e encadraríase dentro dos subvencionables con cargo a este Programa de axudas (Base 2ª):

- *"Proxectos ou actividades que fomenten as habilidades familiares a través de actividades de formación na igualdade e corresponsabilidade dos seus membros, cara á mellora da calidade da actuación parental e a vida familiar.*
- *Proxectos ou actividades que favorezan a participación das familias cara á súa integración social".*

Na valoración inicial deste proxecto considerouse, efectivamente, que tiña escasa relevancia, ademais de adolecer en parte da necesaria concreción, porque non precisaba o contido das actividades por realizar nin se entendía que incidise realmente nos obxectivos perseguidos na Base 2ª.

Ademais, algunhas das actividades previstas, como a *"Rede de familias"* (dúas actividades lúdicas) ou as *"Accións de voluntariado"* non terían a condición de subvencionables e a respecto da *"Oficina de apoio"*, consistente nun espazo de información e asesoramento en trámites relacionados co título de familia numerosa e información sobre axudas e recursos, non se explicaba en qué medida sería unha actividade que incide na integración social e na mellora na calidade parental ou familiar; sobre todo tendo en conta que esa información e asesoramente poderían ser facilitados, eventualmente, polas Admóns. Públicas competentes.

Sí tería maior encaixe nas bases deste Programa de subvencións a actividade referida á *"Escola de Pais"*, aínda que o proxecto presentado por «AGAFAN» está certamente definido de xeito moi xeral. Así, no cronograma de actividades prevén só dúas charlas, unha no mes de xullo e outra en setembro. Indican que versarán sobre *"Economía familiar"* e *"Hábitos saudables"*. E, en xeral, indican que ditas charlas / obradoiros abordarían *"temáticas orientadas a aprender novas estratexias de actuación e consellos prácticos da vida diaria"*.

Presentan un orzamento de ingresos e gastos para a execución deste proxecto en 2025, valorándose a importante achega económica propia da Asociación, que representaría o 75% do seu orzamento total (17.757,34 €).

Visto o recurso de reposición presentado por «AGAFAN», revisado e valorado de novo o seu proxecto *"Benestar Familiar: Construíndo un futuro mellor"* co que se pretendería "*favorecer a integración social e o benestar das familias numerosas en situación de vulnerabilidade, garantindo o seu acceso a recursos e prestacións"* e considerando a existencia de dispoñibilidade orzamentaria na aplicación nº 2310.489.00.00, por renuncia dunha das entidades beneficiarias, enténdese posible a



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 7 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

concesión da subvención na contía procedente (1.582,87€), de acordo coa seguinte valoración detallada (total: 17 ptos.):

| ASOC GALLEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS | |
|---|---|
| CRITERIOS VALORACIÓN | BENESTAR FAMILIAR: Construindo un futuro mellor |
| Experiencia determinada pola maior implantación na cidade | 4 |
| Achega financiera da entidade ao proxecto | 5 |
| A) TOTAL PUNTUACIÓN APARTADO BASE 9 | 9 |
| Coherencia dos obxectivos | 4 |
| Accións, prazo execución e programación temporal | 1 |
| oherencia do orzamento cos obxectivos do proxecto | 3 |
| B)ASPECTOS RELACIONADOS CO CONTIDO DO PROXECTO | 8 |
| TOTAL PUNTUACION (SUMA A+ B) | 17 |
| Valor punto: 93,11 € | |
| IMPORTE CONCEDIDO | 1.582,87 € |

En todo caso, será imprescindible que na documentación xustificativa da subvención se achegue por parte de «AGAFAN» toda a información precisa relativa á actividade subvencionada (persoal que imparte as charlas/obradoiros, materiais utilizados, contidos, datas, duración, etc.); e, en especial, sobre as concretas familias numerosas ou en risco de exclusión social de Vigo participantes e atendidas directamente a través do seu proxecto.

– ***Proposta:*** Polas razóns expostas, vista a proposta favorable da Comisión de Valoración de data 11.09.2025 e con fundamento nas Bases do Programa de subvencións a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais no ano 2025, procedería estimar o recurso presentado.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 112-119 e 123-124 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Estimar, con base no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste Acordo e polos motivos que no mesmo se indican, o recurso potestativo de reposición presentado o 05.08.2025 polo representante da «Asociación Galega de Familias Numerosas (AGAFAN)» contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 04.07.2025 polo que se desestimou a súa solicitude de concesión dunha axuda económica con cargo ás bases reguladoras das «SUBVENCIÓNS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2025».

SEGUNDO: Conceder a «Asociación Galega de Familias Numerosas (AGAFAN)», CIF G-15428600, unha subvención por importe de 1.582,87 €, con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00 ("*Subvencións a asociacións, entidades, etc. de carácter social*"), para a execución no exercicio de 2025 do seu proxecto *"Benestar Familiar: Construíndo un futuro mellor",* que ten como obxectivo principal favorecer a integración social das familias numerosas en situación de vulnerabilidade na cidade de Vigo e que na nova valoración derivada do recurso presentado acadou a seguinte puntuación:

| ASOC GALLEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS | |
|---|---|
| CRITERIOS VALORACIÓN | BENESTAR FAMILIAR: Construindo un futuro mellor |
| Experiencia determinada pola maior implantación na cidade | 4 |
| Achega financiera da entidade ao proxecto | 5 |
| A) TOTAL PUNTUACIÓN APARTADO BASE 9 | 9 |
| Coherencia dos obxectivos | 4 |
| Accións, prazo execución e programación temporal | 1 |
| oherencia do orzamento cos obxectivos do proxecto | 3 |
| B)ASPECTOS RELACIONADOS CO CONTIDO DO PROXECTO | 8 |
| TOTAL PUNTUACION (SUMA A+ B) | 17 |
| Valor punto: 93,11 € | |
| IMPORTE CONCEDIDO | 1.582,87 € |

TERCEIRO: Requirir á «Asociación Galega de Familias Numerosas (AGAFAN)» para que no momento de xustificar a subvención (data límite: 31.10.2025) achegue toda a información precisa relativa á actividade subvencionada (persoal que imparte as charlas/obradoiros, materiais utilizados, contidos, datas, duración, etc.); e, en especial, sobre as concretas familias numerosas ou en risco de exclusión social de Vigo participantes e atendidas directamente a través do seu proxecto.

CUARTO: Notificar este Acordo á entidade recorrente, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no Art. 125.1 da LPACAP, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da súa notificación».

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 24/10/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

**3(799).- CONVOCATORIA DE PREMIOS VIGO EMPRENDE 2025. EXPTE. 21779/77.**

Visto o informe de fiscalización de data 16/10/2025, sométese a aprobación o informe proposta de data 7/10/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I. ANTECEDENTES**

A concellería da Área de goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude, ten encomendadas, entre outras, as competencias en materia de *"deseño e dirección das políticas activas de emprego, fundamentalmente as relacionadas coa mellora da empregabilidade cara a fomentar a adaptación das persoas traballadoras".*

Na unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego, dependente da área de goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude, véñense prestando tarefas de información e asesoramento a persoas emprendedoras e pequenas e medianas empresas (PEMES) da cidade de Vigo a través do programa especializado de asesoramento e formación multidisciplinar Vigo Emprende, contratado de forma externa en expediente 19881/77 (prorrogado en expte. 21644/77 ata o 17/10/2026), que desenvolve servizos gratuítos de información, asesoramento, formación e apoio.

Este programa Vigo Emprende abrangue, en definitiva, accións de asesoramento, formación, difusión e apoio. E axuda non só a promover novas iniciativas empresariais - encauzando os proxectos a través de información, asesoramento e formación especializados – senón tamén a mellorar a competitividade e sostibilidade das persoas emprendedoras e das pequenas e medianas empresas de carácter local xa establecidas.

Entre as medidas de difusión contempladas no prego de prescricións técnicas do programa Vigo Emprende, está a de dar "*apoio para que as persoas emprendedoras e PEMES participantes no programa teñan visibilidade pública a través de eventos ou outras intervencións*", de xeito que a organización dun certame de "Premios Vigo Emprende" vense consolidando como o recoñecemento anual que axuda tanto a motivar aos usuarios e usuarias do programa Vigo Emprende a traballar máis no seu proxecto, coma a mellorar a súa fidelidade, ao darlles visibilidade mediante a entrega do premio, da que se fan eco diferentes medios de comunicación e redes sociais.

En aras de acadar a maior visibilidade pública, organizáronse dúas primeiras edicións de entrega de premios en tres categorías distintas concedidos aos mellores proxectos desenvolvidos por persoas participantes no programa: Premio Vigo Emprende, Premio á Innovación-Creatividade e Premio ao Impacto Social.

Na primeira edición, os proxectos que acadaron a maior puntuación foron valorados polo propio equipo técnico Vigo Emprende entre as emprendedoras e PEMES participantes no

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

programa e a entrega de premios desenvolveuse na casa consistorial ca asistencia do sr. Alcalde-Presidente.

Na segunda edición, os proxectos que acadaron a maior puntuación foron valorados por un xurado técnico nomeado pola concelleira da Área de Goberno de Emprego, formado por persoal técnico do equipo Vigo Emprende e da concellería de Emprego, respectivamente.

Este segundo evento desenvolveuse no museo MARCO, con asistencia de público e medios de comunicación, facendo entrega o alcalde dos premios aos mellores proxectos desenvolvidos polas persoas emprendedoras e PEMES participantes no programa (constando acta en expte. 19881/77 de votación e nomeamento dos gañadores segundo a puntuación acadada en cada categoría conforme anos criterios de puntuación do programa).

Durante a organización das anteriores edicións, realizáronse ademais diversas medidas de estímulo e dinamización para favorecer unha maior visibilidade pública por mor do evento, animando e convidando a todas as persoas usuarias do programa a dar a coñecer o seu proxecto, mediante a remisión de vídeos de 1 min, para visionar aos premiados durante a gala.

Esta medida persigue a dobre finalidade de: por un lado, dar a oportunidade á persoa emprendedora de aprender a expoñer e defender o seu proxecto e, en segundo lugar, a de darse a coñecer ampliando os medios de difusión ao seu alcance; ambas finalidades, en estreita relación cas do programa Vigo Emprende, dirixido ao asesoramento e formación multidisciplinar especializados.

**II. Proposta de dotación en metálico dos Premios Vigo Emprende 2025:**

Os resultados de difusión acadados en anteriores edicións animan a seguir consolidando a celebración deste evento anual do emprendemento local, polo que a concellería da área de Goberno de Emprego propón para esta terceira edición a dotación dos premios en metálico, cun carácter fundamentalmente de recoñecemento testimonial e promocional para o propio programa Vigo Emprende a fin de acadar maiores cotas de difusión e visibilidade pública dos participantes, engadindo ademais nesta vindeira edición unha nova categoría máis:

**Categorías dos Premios Vigo Emprende 2025**:

- **Premio Vigo Emprende 2025**: ao mellor proxecto desenvolvido no servizo Vigo Emprende entre outubro 2024 e setembro 2025**.**
- **Premio á Innovación-Creatividade**: ao mellor proxecto desenvolvido no servizo Vigo Emprende entre outubro 2024 e setembro 2025 en atención á introdución de



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 11 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ideas, produtos ou servizos novos e disruptivos no seu mercado, proporcionando solucións orixinais a problemas existentes ou novos.

- **Premio ao Impacto Social:** ao proxecto desenvolvido no servizo Vigo Emprende entre outubro 2024 e setembro 2025 con maior impacto positivo e significativo na sociedade, xa sexa en contratación de empregados, responsabilidade social, inclusión de colectivos vulnerables, etc.

- **Premio ao proxecto consolidado**: nova categoría que se introduce nesta edición, en recoñecemento ao proxecto desenvolvido no servizo Vigo Emprende cunha antigüidade mínima de 36 meses (en data 30/09/2025) que teña demostrado crecemento sostido, creación de emprego e capacidade de adaptación ao sector.

Nesta terceira edición valoraranse os proxectos que encadren segundo a súa tipoloxía en cada unha das referidas categorías, sendo común a todos eles:

- Ser persoa física ou xurídica participante no programa Vigo Emprende con actividade económica en curso.
- Estar ao corrente nas obrigas fiscais e laborais.
- Ter a súa sede no concello de Vigo ou área de influencia.
- Antigüidade mínima de tres meses no servizo VigoEmprende

Xúntase Anexo cos criterios de puntuación dos proxectos, que se reproducirá na acta co resultado das puntuacións acadadas en cada unha das categorías premiadas, logo da sesión de valoración do xurado técnico nomeado pola concelleira da Área de Goberno de Emprego, formado por persoal técnico do equipo Vigo Emprende e da concellería de Emprego, respectivamente.

Os criterios foron actualizados para incorporar a nova categoría de premios nesta edición e para acadar unha maior definición e claridade de conceptos así coma a maior obxectividade e transparencia na puntuación.

Nesta terceira edición tamén se desenvolverán medidas de estímulo e dinamización para favorecer unha maior visibilidade pública por mor do evento, animando e convidando a todas as persoas usuarias do programa a dar a coñecer o seu proxecto, mediante a remisión de vídeos de 1 min, para visionar aos premiados durante a gala.

**II. Contía total e crédito orzamentario:**

A contía total dos premios será de **4.000,00 €**, que se distribuirán nas seguintes categorías cos seguintes importes:

- **Premio Vigo Emprende 2025**: 1.000,00 €.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

- **Premio á Innovación-Creatividade**: 1.000,00 €.
- **Premio ao Impacto Social:** 1.000,00 €.
- **Premio ao proxecto consolidado**: 1.000,00 €.

Os créditos necesarios imputaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4810000 PREMIOS VIGO EMPRENDE, o cal non perturba o normal funcionamento da execución orzamentaria do servizo.

O abono dos premios será realizado mediante transferencia bancaria. No momento de realizar o aboamento dos premios, deberá aplicarse a normativa tributaria para os efectos de proceder, se é o caso, ás oportunas retencións de IRPF.

**IV. Competencia na materia:**

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, que establece no seu artigo 3.3.b) – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (apartado terceiro a).

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da dita lei, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais. A este respecto, compre subliñar que o artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establece que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo a letra *k): "a prestación dos servizos sociais e a promoción e reinserción sociais"* e a letra *p): "a*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 13 de 143 |
| --- | --- | --- |
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*participación na formación de activos e desempredados”*. Resultando ademais de especial relevancia o desenvolvemento da dimensión local da política de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego.

De conformidade co anteriormente exposto, resulta procedente propoñer a aprobación dos Premios Vigo Emprende 2025 mediante dotación en metálico, a fin de acadar maiores cotas de difusión e visibilidade pública dos proxectos desenvolvidos polas persoas emprendedoras e PEMES que se veñen formando e asesorando no programa Vigo Emprende, co obxecto de por en valor o seu esforzo e en recoñecemento de que están a contribuir ao desenvolvemento local.

**V. Natureza xurídica dos premios**:

En canto a natureza xurídica dos premios o artigo 24 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais de 1955 -RSCL- considera subvención calquera auxilio directo ou indirecto, valorable económicamente, a expensas das Entidades locais, que outorguen as Corporacións, e, entre elas, as bolsas, primas, premios e demais gastos de axuda persoal.

A Sentenza do Tribunal Constitucional 212/2012, de 14 de novembro, determina “(...) *el enjuiciamiento de este precepto hemos de partir de la consideración de que los premios que aquí se cuestionan son medidas que, si bien, en abstracto, podrían encuadrarse en el ámbito propio de las acciones de fomento vinculadas a la concesión de ayudas públicas, lo cierto es que, en su más común acepción, los premios son una recompensa, galardón o remuneración que se da por algún mérito o servicio. Esta circunstancia permite diferenciar su naturaleza de la predicable de las citadas ayudas y subvenciones públicas, en cuanto que éstas suponen la disposición ordinaria de fondos para la realización o el sostenimiento de una determinada actividad, mientras que aquéllos persiguen, como su propio tenor indica, otorgar reconocimiento institucional a una determinada labor como es, en este caso, la realizada por los alumnos, profesores y centros docentes. (..).*”

Por outra banda a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións -LGS- refírese aos "premios" en dous preceptos diferentes. Dun lado o artigo 4.a), de carácter básico, exclúe expresamente do ámbito de aplicación obxectivo da lei aos "os premios que se outorguen sen a previa solicitude do beneficiario".

E a disposición adicional décima establece que "Regulamentariamente establecerase o réxime especial aplicable ao outorgamento dos premios educativos, culturais, científicos ou de calquera outra natureza, que deberá axustarse ao contido desta lei, salvo naqueles aspectos nos que, pola especialidade natureza das subvencións, non resulte aplicable".

Deste xeito, o elemento diferenciador entre ambos tipos de premios se atopa na "previa solicitud del beneficiario", (art. 4.a) LGS).
A inscrición para optar aos Premios Vigo Emprende é automática como consecuencia da participación no programa, polo que se ten a opción de optar aos premios pola condición de

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

persoa usuaria, sen que exista unha previa solicitude das persoas interesadas respecto da súa inclusión aos premios, non resultando de aplicación a lei de subvencións.

No entanto, os premios que poida outorgar unha Administración xustificaranse polo interese público dos mesmos, e forman parte do xiro ou tráfico administrativo. Neste senso a proposta de dotación en metálico dos Premios Vigo Emprende 2025 está ligado ás competencias municipais motivadas no apartado IV da presente proposta.

Asemade, deberán suxeitarse aos principios que determina o artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, isto é:

"As administracións públicas serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Constitución, á lei e ao dereito. Deberán respectar na súa actuación e relacións os seguintes principios:
(...)
c) Participación, obxectividade e transparencia da actuación administrativa."

Neste senso, incorpórase Anexo para dotar das maiores garantías no cumprimento de ditos principios, ca actualización dos criterios de puntuación que se reflectirán en acta ca votación e nomeamento dos gañadores.
Os criterios desta edición incorporan a nova categoría de "*Premio ao proxecto consolidado",* así coma unha maior definición e claridade no cálculo das puntuacións de cada un dos conceptos a valorar.

**VI. Órgano competente:**

O órgano competente é a Xunta de Goberno Local en virtude do artigo 127.1.g) da LRBRL en materia de autorización do gasto, previo sometemento do expediente a informe de fiscalización pola Intervención Municipal conforme ao artigo 214.2 do TRLRFL e artigo 7 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades del Sector Público Local.

**VII. Recursos:**

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 15 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da quinta tenente de Alcalde e Concelleira de área de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude, nos termos da Resolución de Delegación de Competencias de Alcaldía de 25/09/2025, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Aprobar os Premios Vigo Emprende 2025, mediante dotación en metálico, como recoñecemento testimonial e promocional dos proxectos desenvolvidos polas persoas emprendedoras e PEMES participantes no programa Vigo Emprende, nas seguintes categorías:

- **Premio Vigo Emprende 2025**: ao mellor proxecto desenvolvido no servizo Vigo Emprende entre outubro de 2024 e setembro de 2025**.**

- **Premio á Innovación-Creatividade**: ao mellor proxecto desenvolvido no servizo Vigo Emprende entre outubro de 2024 e setembro de 2025, en atención á introdución de ideas, produtos ou servizos novos e disruptivos no seu mercado, proporcionando solucións orixinais a problemas existentes ou novos**.**

- **Premio ao Impacto Social:** ao mellor proxecto desenvolvido no servizo Vigo Emprende entre outubro de 2024 e setembro de 2025 con maior impacto positivo e significativo na sociedade, xa sexa en contratación de empregados, responsabilidade social, inclusión de colectivos vulnerables, etc**.**

- **Premio ao proxecto consolidado**: en recoñecemento ao proxecto desenvolvido no servizo Vigo Emprende cunha antigüidade mínima de 36 meses (en data 30/09/2025) que teña demostrado crecemento sostido, creación de emprego e capacidade de adaptación ao sector.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispor o gasto por importe total de 4.000,00 € (catro mil euros), que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4810000 "PREMIOS VIGO EMPRENDE", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2025 distribuídos nas seguintes categorías e contías ás persoas emprendedoras e PEMES participantes no programa Vigo Emprende:

- Premio Vigo Emprende 2025: 1.000,00 €.
- Premio á Innovación-Creatividade: 1.000,00 €.
- Premio ao Impacto Social: 1.000,00 €.
- Premio ao proxecto consolidado: 1.000,00 €.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

**TERCEIRO:** Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ANEXO**

**PREMIOS VIGO EMPRENDE 2025**

**CRITERIOS DE PUNTUACIÓN**

- **Premio Vigo Emprende 2025** Máximo: 100 puntos
  - Facturación anual estimada (último exercicio pechado ou proxección 2025)
(Valorarase segundo o sector e o tempo en activo)...................................máx.25 puntos.
    - Menos de 100.000 euros ..........................................................10 puntos
    - 100.000 euros a 200.000 euros..................................................15 puntos
    - Máis de 300.000euros...............................................................25 puntos

  - Empregos creados desde o inicio do proxecto (contando co propio autónomo ou autónoma)...............................................................................máx.20 puntos.
    - De 1 a 3 emprego creados.........................................................10 puntos
    - De 4 a 5 empregos creados.......................................................15 puntos
    - Máis de 5.................................................................................20 puntos

  - Empregos previstos nos próximos 12 meses......................................máx.10 puntos.
    - De 1 a 3 empregos previstos.......................................................5 puntos
    - Máis de 3 empregos previstos....................................................10 puntos

  Proposta de valor diferenciadora coa competencia......................................máx.20 puntos
    - Algún factor diferencial, pero é débil, facilmente replicable ou pouco evidente para o cliente......................................................................................10 puntos
    - Boa diferenciación. Existen elementos únicos, pero poderían explicarse ou protexerse mellor..........................................................................15 puntos
    - Altamente diferenciador. Proposta clara, innovadora, difícil de replicar e con alta relevancia no mercado..................................................................20 puntos

  - Expansión no territorio (mercado local, nacional, internacional)........máx.15 puntos
    - Ventas no mercado local ..........................................................5 puntos
    - Ventas no mercado Nacional ....................................................10 puntos
    - Ventas abrindo mercados internacionais ......................................15 puntos

S.ord. 24/10/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

- Colaboracións con axentes locais ou rexionais (empresas, institucións, ONG, outros emprendedores)...........................................................................................máx.5 puntos
  - De 1 a 3 axentes locais ou rexionais....................................................3 puntos
  - Máis de 3 axentes locais ou rexionais..................................................5 puntos

- Valores da empresa e cultura organizativa .......................................máx.5 puntos.
  - Boa cultura, con valores definidos e prácticas destacables, aínda que pode reforzarse a súa aplicación transversal......................................................3 puntos.
  - Cultura organizativa sólida, coherente e exemplar. Os valores están claramente interiorizados polo equipo e reflectidos na práctica diaria.................5 puntos.

**Criterio de desempate**

1. Maior puntuación en **proposta de valor diferenciadora**
2. Se persiste, maior puntuación en **empregos creados**
3. Deliberación final do xurado con **votación aberta**

- **Premio á Innovación-Creatividade** Máximo: 100 puntos

  - Grao de innovación do produto, servizo ou modelo de negocio máx.30 puntos
    - Producto ou servizo similar a outros do mercado..........................15 puntos
    - Producto ou servizo novo e diferente dos existentes.....................30 puntos

  - Aplicación de tecnoloxía ou procesos innovadores máx.20 puntos
    - Utilización de tecnoloxías xa existentes no mercado..............…...10 puntos
    - Utilización de tecnoloxías innovadoras..........................................20puntos

  - Disrupción do sector de actividade máx.15puntos
    - Supón unha mellora significativa...................................……….. 10 puntos
    - Rompe o modelo de negocio dominante.........................……......15 puntos

  - Creatividade e orixinalidade na proposta de valor………….. máx.15 puntos
    - Diferenciación pouco clara..........................................…….........5 puntos
    - Ten elementos propios, pero dentro do común...........……..........10 puntos
    - Proposta claramente creativa, orixinal e innovadora...……..........15 puntos

  - Carácter pioneiro do proxecto máx.10 puntos
    - Primeiro en Vigo....................………………………………............5 puntos
    - Primeiro en Galicia.................………………………………..........10 puntos

  - Potencial de escalabilidade e replicabilidade máx.10 puntos
    - Escalabilidade ou replicabilidad posibles, pero con axustes considerables..5 puntos
    - Claramente escalable e replicable. Capacidad de crecimiento con limitación de la evolución de los costes.....................................................................................................10 puntos

**Criterio de desempate**

1. Maior puntuación en **grao de innovación**

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

2. Se persiste, maior puntuación en aplicación de tecnoloxía/procesos innovadores
3. Deliberación final do xurado con **votación aberta**

- <u>**Premio ao Impacto Social** Máximo: 100 puntos</u>

  - Emprego creado en colectivos vulnerables ou en risco de exclusión. máx.25 puntos
    - De 1 a 3 emprego creados......................................................15 puntos
    - Máis de 3......................................................................25 puntos
  - Políticas de inclusión, igualdade e conciliación. máx.25 puntos
    - Existen prácticas positivas, prácticas positivas, pero pouco sistematizadas ou con alcance limitado.........................................................................10 puntos
    - Integra políticas claras, con accións e medidas concretas de inclusión, igualdade ou conciliación............................................................................15 puntos
    - Compromiso sólido, medible e transversal con Plan de Igualdade ......25 puntos
  - Responsabilidade social corporativa e sostenibilidade máx.20 puntos
    - Integra algunhas prácticas sostibles ou éticas, pero non de forma transversal.10 puntos
    - Boas prácticas claras e sistemáticas en RSC e sustentabilidade..........20 puntos
  - Colaboración con entidades sociais ou do terceiro sector. máx.15 puntos
    - De 1 a 3 entidades sociais ou do terceiro sector....................................10 puntos
    - Máis de 3 entidades sociais ou do terceiro sector..................................15 puntos
  - Impacto social directo e medible (persoas beneficiadas) máx.15 puntos
    - De 1 a 50..........................................................................................5 puntos
    - Máis de 50........................................................................................15 puntos

**Criterio de desempate**
1.Maior puntuación en **empregoen colectivos vulnerables**
2. Se persiste, maior puntuación en **políticas de inclusión/igualdade**
3.Deliberación final do xurado con **votación aberta**

- <u>**Premio ao proxecto consolidado** Máximo: 100 puntos:</u>

  - Incremento porcentaxe de facturación nos últimos 3 anos máx.30 puntos
    - 1% ao 20%.....................................15 puntos
    - 21% ao 50%...................................25 puntos
    - Máis do 50%...................................30 puntos
  - Empregos creados (número e estabilidade) máx.25 puntos
    - De 1 a 3 ..........................................................................15 puntos
    - Máis de 3.......................................................................25 puntos
  - Expansión territorial máx.20 puntos
    - Expansión territorial Provincial........................................10 puntos

S.ord. 24/10/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 19 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

- Expansión territorial Autonómica.....................................15 puntos
    - Expansión territorial Nacional..........................................20 puntos

- Innovación e mellora continua  máx.15 puntos
    - Melloras evidentes pero limitadas a unha pequena área ou proceso...................5 puntos
    - Cambios significativos que melloran a produtividade, calidade ou satisfacción...10 puntos
    - Innovación transformadora con impacto claro e medible en toda a organización...15 puntos

- Valores e cultura empresarial  máx.10 puntos
    - Boa cultura, con valores definidos e prácticas destacables, aínda que  pode reforzarse a súa aplicación transversal..................................................5 puntos.
    - Cultura organizativa sólida, coherente e exemplar. Os valores están claramente interiorizados polo equipo e reflectidos na práctica diaria.............10 puntos.

**Criterio de desempate**
1. Maior puntuación en **incremento de facturación**.
2. **Se persiste, maior puntuación en empregos creados**.
3. Deliberación final do xurado con **votación aberta**

**4(800).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL (EIM) DE ATALAIA-TEIS. EXPTE. 24897/332.**

Visto o informe de fiscalización do 21/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/10/2025, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno, o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda e pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

**1.- Aprobación expediente de contratación**: A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 10 de xuño de 2021, aprobou a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal (EIMs) Atalaia-Teis  (expediente 24897/332), así como, o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 06 e 07/05/2021 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 01/06/2021 que rexen a licitación, mailo gasto por importe de 1.215.107,48 euros, acordando a apertura do procedemento de licitación.

**2.- Adxudicación do contrato:** En relación ao procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Teis, a Xunta de Goberno Local en sesión do 29 de outubro de 2021 acordou adxudicar á AURORA, PILAR Y ANA S.L. (B-15.922.230) o procedemento para a xestión da EIM “Teis” coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 1.215.107,48 euros (exento de IVE) cunha porcentaxe de desconto do 10% a aplicar aos prezos unitarios relacionados no apartado 3G do Anexo I-FEC-do PCAP.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO  05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

b) Propón un incremento das horas de adicación do servizo de orientación familiar (Equipo de atención temperá -EAT- de 10 horas/semana.

c) Propón a achega de materiais didácticos por importe de 5.030,68 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 30/12/2020 e a oferta presentada.

**3.- Prazos**: O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) referise aos prazos de execución do contrato na cláusula 26:

*"1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido."*

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP estabelece respecto ao prazo de execución :

> *"A) PRAZO TOTAL: 4 anos.*
>
> *B) PRAZOS PARCIAIS: non se fixan.*
>
> *C) PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: un ano de duración"*

**4.- Formalización do contrato:** O contrato foi formalizado en data 29 de novembro de 2021 entre o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria (AURORA, PILAR Y ANA S.L.), estabelecéndose na cláusula 4ª do mesmo que "*O prazo do contrato é de catro anos, contado a partir do 1 de xaneiro de 2022. Está contemplada unha prórroga dun ano.*" En consecuencia, a data de finalización prevista para este contrato é o 31 de decembro de 2025.

**5.- Preaviso da prórroga:** En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) aprobado para esta contratación establece que "*este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses".*"

En data 11 de setembro de 2025, a adxudicataria recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a prórroga de un ano para o contrato dos servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal "Atalaia-Teis", conforme ao estipulado no mesmo.

**6.- Prestación do servizo:** A prestación dos servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Atalaia-Teis por parte da empresa adxudicataria (AURORA, PILAR Y ANA S.L.) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do estabelecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como nas correspondentes ofertas. Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 01/01/2026 e o 31/12/2026.

S.ord. 24/10/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

**7.- Orzamento:** O prezo total do contrato para catro anos quedou aprobado polo importe de 1.093.596,73 euros, (o prezo do contrato dependerá do número de aulas en funcionamento que estean operativas o día primeiro de cada mes). No curso 2025-2026 están en funcionamento catro aulas (tres na quenda de mañá e unha na quenda de tarde), polo que o prezo correspondente ao período de prórroga é de 222.748,02 euros.

No apartado 3K das Follas de características do contrato do PCAP aprobado para esta contratación indícase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a prórroga por un ano deste contrato quedaría fixado en 222.748,02 euros, exenta de IVE, con cargo ao exercicio orzamentario 2026 (de xaneiro a decembro) e podería imputarse á aplicación orzamentaria 3230.227.9908 (Escola Infantil municipal Atalaia-Teis).

**8.- Competencia:** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017.

Á vista das anteriores consideracións, proponse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previos informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Autorizar a prórroga do contrato de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Atalaia-Teis (expte. 24897/332) para o período comprendido entre o 01/01/2026 e o 31/12/2026, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 222.748,02 euros correspondente á prórroga do contrato, a favor de AURORA, PILAR Y ANA S.L. (B-15.922.230). Este gasto imputarase con cargo ao exercicio 2026 da aplicación orzamentaria 3230.227.9908 (Escola Infantil municipal Atalaia-Teis).

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(801).- ABOAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DOS DEREITOS DE AUTOR DOS CONCERTOS CELEBRADOS NO ANO 2025 Á SGAE. EXPTE. 10542/335.**

Visto o informe de fiscalización do 20/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 01/10/2025, asinado pola xefa do Servizo de Festas e conformado pola secretaria de Administración Municipal e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre la materia (LPI)

**ANTECEDENTES**
**Primeiro.-** No Concello de Vigo, o servizo de Festas da Área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal é o que ten encomendado, entre as súas funcións, os concertos musicais.

**Segundo.-** O día 21 de novembro de 2024 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha "Convocatoria pública de propostas de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos no verán 2025", (expediente 10333-335).

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, tras o exame das propostas aprobou unha selección de 16 espectáculos que no seu conxunto comprenden una variedade de estilos que abarcan todos os tipos de públicos.

**Terceiro.-** Unha vez celebrados os eventos solicitouse ás promotoras o repertorio e autoría das letras dos concertos celebrados dentro dos espectáculos de verán Vigo 2025 para dar conta á "Sociedad General de Autores e Editores (SGAE)"

**Cuarto.-** Unha vez recibida a documentación, deuse traslado ao representante da SGAE para o cálculo do gasto vindicado polos dereitos de autor derivados das actuacións artísticas organizadas polo Servizo de Festas durante o verán 2025.

**Quinto.-** En data 22 de setembro a "Sociedad General de Autores e Editores (SGAE)", presentou un orzamento por un importe de 179.694,36 €. euros (IVE incluído), correspondente aos gastos de dereitos de autor xerados polos concertos artísticos celebrados no ano 2025.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

**Dos dereitos de autor**
O artigo 17 do Real Decreto 1/1996, do 12 de abril, determina que corresponde ao autor o exercicio exclusivo dos dereitos de explotación da súa obra en calquera forma e, en especial,



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 23 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación, que non poderán ser realizadas sen a súa autorización, salvo nos casos previstos na presente Lei.

**-II-**

**Da xestión dos dereitos de autor pola Sociedad General de Autores e Editores (SGAE)**

A LPI lexitima as entidades de xestión autorizadas a xestionar os dereitos de autor dos artistas. O artigo 150 da LPI dispón que *"Las entidades de gestión, una vez autorizadas conforme a lo previsto en este título, estarán legitimadas en los términos que resulten de sus propios estatutos, para ejercer los derechos confiados a su gestión y hacerlos valer en toda clase de procedimientos administrativos o judiciales. Para acreditar dicha legitimación, la entidad de gestión únicamente deberá aportar al inicio del proceso copia de sus estatutos y certificación acreditativa de su autorización administrativa. El demandado solo podrá fundar su oposición en la falta de representación de la actora, la autorización del titular del derecho exclusivo o el pago de la remuneración correspondiente".*

A SGAE en unha sociedade privada de ámbito nacional, autorizada polo Ministerio de cultura como entidade de xestión das previstas no artigo 147 e seguintes do TRLPI. A súa función principal é a xestión colectiva de dereitos de propiedade intelectual. Asemade, representa en España os dereitos de autores estranxeiros a través de convenios de representación recíproca firmados cos entidades de xestión colectivas estranxeiras.

A SGAE asinou un convenio coa Federación Española de Municipios y Provincias, en data 29 de outubro de 1996. No mesmo se fixan as tarifas a cobrar polos dereitos de autor dos espectáculos que celebren, así como bonificacións a aplicar aos municipios que se adhiran ao mesmo, como é o caso de Vigo. Esta bonificación é dun 25%.

Revisada a proposta de factura presentada advertise que esta aplica as tarifas e bonificacións previstas no citado convenio.

O gasto podería imputarse á aplicación 3380.2260906 "FESTAS DE VIGO" do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio. O uso destes créditos non afecta ao normal funcionamento do servizo.

**-III-**

**Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), previa fiscalización da Intervención Xeral.

**-IV-**

**Proposta de acordo**

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

*“**1º.- Autorizar o gasto por importe de 179.694,36 euros** en concepto dos dereitos de autor derivados da realización dos concertos programados no ano 2025, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas en Vigo) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio económico.*

***2º.- Aboar a SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES (ESG28029643) 179.694,36 euros** previa a presentación da correspondente factura”.*

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(802).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS DE FONDOS A XUSTIFICAR: ANO 2025 (3º). EXPTE. 103058/140.**
Visto o informe de fiscalización de data 15/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 15/10/2025, asinado pola xefa do Servizo de Fiscalización, o interventor xeral e conformado polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable:
• Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
• Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
• Base 23 das de Execución do Orzamento de 2025.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

| *Habilitado* | *Nºpagamento* | *Aplicación orzamentaria* | *Importe librado* | *Importe xustificado* | *Data de pagamento* | *Data Real xustificac.* | *Data legal de xustificación* | *Reintegro* | *S/ a favor* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Abalde Comesaña Raquel | 12025000039915 | 9120.2300000 | 300,00 | 74,90 | 16/04/25 | 10/07/25 | 16/07/25 | 225,10 | --- |
| Abalde Comesaña Raquel | 12025000040223 | 9120.2260100 | 1.500,00 | 977,65 | 21/04/25 | 15/07/25 | 21/07/25 | 522,35 | --- |
| Abalde Comesaña Raquel | 12025000076102 | 9120.2310000 | 500,00 | 442,91 | 04/06/25 | 04/09/25 | 04/09/25 | 57,09 | --- |
| Abalde Comesaña Raquel | 12025000076103 | 9120.2269900 | 500,00 | 440,18 | 04/06/25 | 28/08/25 | 04/09/25 | 59,82 | --- |
| Abalde Comesaña Raquel | 12025000077436 | 9120.2200100 | 850,00 | 918,50 | 06/06/25 | 02/09/25 | 06/09/25 | ---- | 68,50 |
| Carballo Acuña Alberto | 12025000035283 | 1320.2200000 | 300,00 | 47,35 | 08/04/25 | 09/07/25 | 08/07/25 | 252,65 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12025000039686 | 1320.2269900 | 1.000,00 | 224,87 | 14/04/25 | 08/07/25 | 14/07/25 | 775,13 | --- |



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado
Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 25 de 143
1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| *Habilitado* | *Nºpagamento* | *Aplicación orzamentaria* | *Importe librado* | *Importe xustifica-do* | *Data de pagamento* | *Data Real xustificac.* | *Data legal de xustificación* | *Reinte-gro* | *S/ a fa-vor* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Carballo Acuña Al-berto | 12025000039912 | 1320.2120000 | 1.000,00 | 103,50 | 16/04/25 | 09/07/25 | 16/07/25 | 896,50 | --- |
| Carballo Acuña Al-berto | 12025000039913 | 1320.2190000 | 1.000,00 | 42,35 | 16/04/25 | 11/07/25 | 16/07/25 | 957,65 | --- |
| Carballo Acuña Al-berto | 12025000039914 | 1320.2140000 | 1.000,00 | 28,00 | 16/04/25 | 08/07/25 | 16/07/25 | 972,00 | --- |
| Carballo Acuña Al-berto | 12025000039916 | 1320.2230000 | 2.000,00 | 447,70 | 16/04/25 | 10/07/25 | 16/07/25 | 1552,30 | --- |
| Carballo Acuña Al-berto | 12025000040740 | 1320.2219900 | 1.000,00 | 776,99 | 21/04/25 | 10/07/25 | 21/07/25 | 223,01 | --- |
| Carballo Acuña Al-berto | 12025000042347 | 1320.2250200 | 3.000,00 | 375,48 | 24/04/25 | 15/07/25 | 24/07/25 | 2.624,52 | --- |
| Carballo Acuña Al-berto | 12025000077599 | 1320.2312000 | 200,00 | 17,30 | 09/06/25 | 22/09/25 | 09/09/25 | 182,70 | --- |
| Couce Senra Óscar | 12025000049872 | 1532.2250100 | 800,00 | 180,00 | 30/04/25 | 22/07/25 | 30/07/25 | 620,00 | --- |
| Couce Senra Óscar | 12025000056514 | 1532.2260100 | 1.000,00 | 159,85 | 09/05/25 | 07/08/25 | 09/08/25 | 840,15 | |
| Couce Senra Óscar | 12025000056516 | 1532.2260400 | 3.000,00 | 382,80 | 09/05/25 | 08/08/25 | 09/08/25 | 2.617,20 | --- |
| Fernández Fernández Paz | 12025000031007 | 2310.4800000 | 300.000,00 | 280.645,81 | 01/04/25 | 03/09/25 | 01/07/25 | 19.354,19 | --- |
| García Álvarez Luis | 12025000031008 | 2311.4800000 | 2.000,00 | 1.715,00 | 01/04/25 | 30/06/25 | 01/07/25 | 285,00 | --- |
| García Álvarez Luis | 12025000056125 | 2311.4800000 | 4.000,00 | 320,00 | 08/05/25 | 05/08/25 | 08/08/25 | 3.680,00 | --- |
| González Domínguez Luz M.ª | 12025000030269 | 9200.2219902 | 500,00 | 15,85 | 25/03/25 | 03/07/25 | 25/06/25 | 484,15 | --- |
| Núñez-Torrón López Jesús | 12025000080877 | 2310/4810000 | 330.000,00 | 312.468,00 | 18/06/25 | 26/09/25 | 18/09/25 | 17.532,00 | --- |
| Otero Málvarez Rosa M.ª | 12025000092335 | 9201.2260300 | 223,06 | 223,06 | 15/07/25 | 15/09/25 | 15/10/25 | ---- | --- |
| Viturro Gómez Mar-cos | 12025000056126 | 9201.2260300 | 10.000,00 | 1.666,72 | 08/05/25 | 07/08/25 | 08/08/25 | 8.333,28 | --- |
| **TOTAL** | | | 665.673,06 | 602.694,77 | | | | 63.046,79 | 68,50 |

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

| **Alcance da fiscalización** | **Si** | **Non** |
|---|---|---|
| Se rendiron no prazo establecido a excepción das ordes de pago a xustificar n.º 12025000035283 e 12025000077599 de Carballo Acuña Alberto, n.º 12025000031007 de Fernández Fernández Paz, n.º 12025000030269 de González Domínguez Luz M.ª e n.º 12025000080877 de Núñez-Torrón López Jesús. | ✔ | |
| A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración. | ✔ | |
| Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fon-dos. | ✔ | |

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante. | ✔ | |
| Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante. | ✔ | |

Resultado da fiscalización

| De conformidade | Con observacións | De disconformidade |
|---|---|---|
| | As ordes de pago a xustificar n.º 12025000035283 e 12025000077599 de Carballo Acuña Alberto, n.º 12025000031007 de Fernández Fernández Paz, n.º 12025000030269 de González Domínguez Luz M.ª e n.º 12025000080877 de Núñez-Torrón López Jesús non se rendiron no prazo normativamente establecido. | |

**PROPOSTA**

A Base 23 das Bases de Execución do Orzamento Xeral do ano 2025 indica que as contas xustificativas rendidas polos seus perceptores deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno Local, polo que se propón a ese órgano a aprobación das seguintes:

| *Habilitado* | *Nºpagamento* | *Aplicación orzamentaria* | *Importe librado* | *Importe xustificado* | *Data de pagamento* | *Data Real xustificac.* | *Data legal de xustificación* | *Reintegro* | *S/ a favor* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Abalde Comesaña Raquel | 12025000039915 | 9120.2300000 | 300,00 | 74,90 | 16/04/25 | 10/07/25 | 16/07/25 | 225,10 | --- |
| Abalde Comesaña Raquel | 12025000040223 | 9120.2260100 | 1.500,00 | 977,65 | 21/04/25 | 15/07/25 | 21/07/25 | 522,35 | --- |
| Abalde Comesaña Raquel | 12025000076102 | 9120.2310000 | 500,00 | 442,91 | 04/06/25 | 04/09/25 | 04/09/25 | 57,09 | --- |
| Abalde Comesaña Raquel | 12025000076103 | 9120.2269900 | 500,00 | 440,18 | 04/06/25 | 28/08/25 | 04/09/25 | 59,82 | --- |
| Abalde Comesaña Raquel | 12025000077436 | 9120.2200100 | 850,00 | 918,50 | 06/06/25 | 02/09/25 | 06/09/25 | ---- | 68,50 |
| Carballo Acuña Alberto | 12025000035283 | 1320.2200000 | 300,00 | 47,35 | 08/04/25 | 09/07/25 | 08/07/25 | 252,65 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12025000039686 | 1320.2269900 | 1.000,00 | 224,87 | 14/04/25 | 08/07/25 | 14/07/25 | 775,13 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12025000039912 | 1320.2120000 | 1.000,00 | 103,50 | 16/04/25 | 09/07/25 | 16/07/25 | 896,50 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12025000039913 | 1320.2190000 | 1.000,00 | 42,35 | 16/04/25 | 11/07/25 | 16/07/25 | 957,65 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12025000039914 | 1320.2140000 | 1.000,00 | 28,00 | 16/04/25 | 08/07/25 | 16/07/25 | 972,00 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12025000039916 | 1320.2230000 | 2.000,00 | 447,70 | 16/04/25 | 10/07/25 | 16/07/25 | 1552,30 | --- |

S.ord. 24/10/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Habilitado | Nºpagamento | Aplicación orzamentaria | Importe librado | Importe xustificado | Data de pagamento | Data Real xustificac. | Data legal de xustificación | Reintegro | S/ a favor |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Carballo Acuña Alberto | 12025000040740 | 1320.2219900 | 1.000,00 | 776,99 | 21/04/25 | 10/07/25 | 21/07/25 | 223,01 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12025000042347 | 1320.2250200 | 3.000,00 | 375,48 | 24/04/25 | 15/07/25 | 24/07/25 | 2.624,52 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12025000077599 | 1320.2312000 | 200,00 | 17,30 | 09/06/25 | 22/09/25 | 09/09/25 | 182,70 | --- |
| Couce Senra Óscar | 12025000049872 | 1532.2250100 | 800,00 | 180,00 | 30/04/25 | 22/07/25 | 30/07/25 | 620,00 | --- |
| Couce Senra Óscar | 12025000056514 | 1532.2260100 | 1.000,00 | 159,85 | 09/05/25 | 07/08/25 | 09/08/25 | 840,15 | |
| Couce Senra Óscar | 12025000056516 | 1532.2260400 | 3.000,00 | 382,80 | 09/05/25 | 08/08/25 | 09/08/25 | 2.617,20 | --- |
| Fernández Fernández Paz | 12025000031007 | 2310.4800000 | 300.000,00 | 280.645,81 | 01/04/25 | 03/09/25 | 01/07/25 | 19.354,19 | --- |
| García Álvarez Luis | 12025000031008 | 2311.4800000 | 2.000,00 | 1.715,00 | 01/04/25 | 30/06/25 | 01/07/25 | 285,00 | --- |
| García Álvarez Luis | 12025000056125 | 2311.4800000 | 4.000,00 | 320,00 | 08/05/25 | 05/08/25 | 08/08/25 | 3.680,00 | --- |
| González Domínguez Luz M.ª | 12025000030269 | 9200.2219902 | 500,00 | 15,85 | 25/03/25 | 03/07/25 | 25/06/25 | 484,15 | --- |
| Núñez-Torrón López Jesús | 12025000080877 | 2310/4810000 | 330.000,00 | 312.468,00 | 18/06/25 | 26/09/25 | 18/09/25 | 17.532,00 | --- |
| Otero Málvarez Rosa M.ª | 12025000092335 | 9201.2260300 | 223,06 | 223,06 | 15/07/25 | 15/09/25 | 15/10/25 | ---- | --- |
| Viturro Gómez Marcos | 12025000056126 | 9201.2260300 | 10.000,00 | 1.666,72 | 08/05/25 | 07/08/25 | 08/08/25 | 8.333,28 | --- |
| **TOTAL** | | | 665.673,06 | 602.694,77 | | | | 63.046,79 | 68,50 |

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(803).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO DOCUMENTO ACTUALIZADO DO "PLAN DE OCUPACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPORADA: QUIOSCOS EXPENDEDORES DE COMIDAS E BEBIDAS, NAS PRAIAS DO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO PARA OS ANOS 2025 A 2028". EXPTE. 18398/306.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/10/2025, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES**

**I.1.- Plan de explotación servizo de tempada.**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión do 17/01/2025 (expte. 18398/306), ditou resolución que na súa parte dispositiva di:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

*"**PRIMEIRO.-** Aproba-lo Plan de Ocupación, Instalación e Explotación de Servizos de Tempada: Quioscos expendedores de comidas e bebidas, nas praias do término municipal de Vigo para os anos 2025 a 2028, de acordo cos informes, planos e demais documentación obrante no expte. 18398/306, e consistente en:*

*- Documentación técnica redactada polos arquitectos municipais, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luís Piñeiro Ferradás, e asinada dixitalmente o 09/01/2025, que comprende:*

- *Memoria xustificativa do plan e das condicións urbanísticas dos emprazamentos propostos.*
- *Memoria descritiva das instalacións.*
- *Certificación de distancias entre quioscos.*
- *Memoria características técnicas dos módulos de quioscos e planos de planta, alzado, sección.*
- *Planos de emprazamento dos quioscos sobre os de deslinde do DPMT do Ministerio para Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.*
- *Planos de situación con ocupacións, ortofotos e fotografías dos emprazamentos.*
- *Planos da ordenación urbanística nos que se sitúan os emprazamentos dos quioscos.*

*- Informe da xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, asinado dixitalmente o 09/01/2025, sobre a titularidade dos terreos onde se emprazan os quioscos.*
*- Informe do xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, asinado dixitalmente o 09/01/2025, sobre a a retirada dos quioscos na tempada estival de 2024.*
*- Memoria descritiva de outras instalacións menores (torres de vixilancia, mastros, pasarelas, paneis informativos) ó servizo das praias que se sitúan en DPMT asinada dixitalmente polo xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo o 10/01/2025, e planos ortofoto do Ministerio nas que sitúan estas instalacións.*

*A citada documentación técnica reflicte os seguintes quioscos de tempada, expendedores de comida e bebida, ó servizos das praias:*

| ***DESCRICIÓN S= con lucro*** | ***EMPRAZAMENTO*** | ***CATÁLOGO TRAMO PRAIA D. 38/2019*** | ***REF. CATASTRAL /COORDENADAS UTM ETRS89*** | ***ZONIFICACIÓN, LEI DE COSTAS*** | ***OCUPACIÓN PECHADA EN M2*** | ***OCUPACIÓN TERRAZA ABERTA M2*** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| QUIOSCO 1/ EECOEBE 1 S | *Areal da Punta. A Guía* | *urbana* | *4988901NG2748N X-524874,61 Y-4678661,41* | *Dominio público marítimo terrestre (DPMT). Zona de servidume de tránsito do DPMT en dominio público municipal.* | *20 m2* | *50 m2* |
| QUIOSCO 2/ | *Areal de Santa Baia,* | *urbana* | *9847431NG17* | *Zona de servidume de protec-* | *20 m2 + superficie de* | *50 m2* |



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado
Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 29 de 143
1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| DESCRICIÓN S= con lucro | EMPRAZAMENTO | CATÁLOGO TRAMO PRAIA D. 38/2019 | REF. CATASTRAL /COORDENADAS UTM ETRS89 | ZONIFICACIÓN, LEI DE COSTAS | OCUPACIÓN PECHADA EN M2 | OCUPACIÓN TERRAZA ABERTA M2 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| EECOE-BE 2 S | Alcabre | | 94N X-519369,01 Y-4674573,98 | ción do DPMT. Dominio público municipal | aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro. | |
| QUIOSCO 3/ EECOE-BE 3 S | Areal do Tombo do Gato | urbana | 8745301NG1785N X-518556,99 Y-4674302,09 | Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal | 20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro. | 50 m2 |
| QUIOSCO 4/ EECOE-BE 4 S | Areal do Tombo do Gato | urbana | 8745301NG1785N X-518485,05 Y-4674183,52 | Dominio público marítimo terrestre (DPMT) | 20 m2 | 50 m2 |
| QUIOSCO 5/ EECOE-BE 5 S | Areal de Argazada | urbana | 8640801NG1783N X-518547,56 Y-4673752,56 | Dominio público municipal. Fóra da zona de servidume de protección do DPMT. | 20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro. | 50 m2 |
| QUIOSCO 6/ EECOE-BE 6 S | Areal de Samil | urbana | Sen Ref. Catastral X-518491,04 Y-4672997,40 | Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal | 20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro. | 50 m2 |
| QUIOSCO 7/ EECOE-BE 7 S | Areal de Samil | urbana | 8632801NG1783N X-518441,75 Y-4672872,03 | Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal | 20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro. | 50 m2 |
| QUIOSCO 8 | Areal de Samil | urbana | Sen Ref. Ca- | Zona de servidume de protec- | 20 m2 + superficie de | 50 m2 |

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| *DESCRICIÓN S= con lucro* | *EMPRAZAMENTO* | *CATÁLOGO TRAMO PRAIA D. 38/2019* | *REF. CATASTRAL /COORDENADAS UTM ETRS89* | *ZONIFICACIÓN, LEI DE COSTAS* | *OCUPACIÓN PECHADA EN M2* | *OCUPACIÓN TERRAZA ABERTA M2* |
|---|---|---|---|---|---|---|
| *EECOEBE 8 S* | | | *tastral X-518368,49 Y-46727703,06* | *ción do DPMT. Dominio público municipal* | *aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.* | |
| *QUIOSCO 9 EECOEBE 9 S* | *Areal do Vao* | *natural* | *7319701NG1771N X-517331,18 Y-4671755,89* | *Dominio público marítimo terrestre (DPMT)* | *20 m2, incluída superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.* | *50 m2* |
| *QUIOSCO 10 EECOEBE 10 S* | *Areal do Vao* | *natural* | *7319701NG1771N X-516985,41 Y-4671607,76* | *Dominio público marítimo terrestre (DPMT)* | *20 m2, incluída superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro* | *50 m2* |
| *QUIOSCO 11 EECOEBE 11 S* | *Areal da Etea* | *natural* | *5464209NG2758N X-525261,50 Y-4678420,36* | *Dominio público marítimo terrestre (DPMT)* | *20 m2* | *50 m2* |

*EECOYBE= Quioscos/establecemento expendedores de comidas e bebidas. Todos serán con ánimo de lucro ós efectos do sinalado nas bases do Ministerio para a Transición Ecolóxica e para o Reto Demográfico, xa que se abonará o canón que resulte da correspondente licitación en concorrencia competitiva.*

*Tódolos quioscos (11) aparecen sinalados nos Planos da citada documentación técnica.*
*As autorizacións para a execución deste plan de ocupación do dominio público con instalación de tempada e desmontables, será para os anos 2025 a 2028, nos seguintes períodos anuais:*

*Ano 2025: período 1 de xuño a 31 de outubro.*
*Ano 2026: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.*
*Ano 2027: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.*
*Ano 2028: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.*

S.ord. 24/10/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

***SEGUNDO.-*** *Remitir este Plan de Ocupación, instalación e Explotación ao Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, solicitando a autorización sectorial para os quioscos de tempada, expendedores de comidas e bebidas ó servizos das praias, números 1, 4, 9, 10 e 11, que se emprazan en terreos de dominio público marítimo terrestre ou servidume de tránsito para os anos 2025 a 2028, nos seguintes períodos anuais: 1, 4, 9, 10 e 11*

*Ano 2025: período 1 de xuño a 31 de outubro.*
*Ano 2026: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.*
*Ano 2027: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.*
*Ano 2028: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.*

***TERCEIRO.-*** *Remitir á Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas da Xunta de Galicia (a través do Servizo Provincial de Urbanismo do Departamento Territorial de Pontevedra) este plan de ocupación, instalación e explotación, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, solicitando autorización sectorial para os quioscos de tempada, expendedores de comidas e bebidas ó servizos das praias, números 2, 3, 6, 7 e 8 a instalar na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre para os anos 2025 a 2028, nos seguintes períodos anuais:*

*Ano 2025: período 1 de xuño a 31 de outubro.*
*Ano 2026: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.*
*Ano 2027: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.*
*Ano 2028: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.*

***CUARTO.-*** *O concello garantirá que no procedemento de outorgamento das autorizacións de ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada, quioscos expendedores de comidas e bebidas, por terceiros se respectaran os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.*

***QUINTO.-*** *Unha vez solicitadas as autorizacións sectoriais antes citadas, o Concello procederá á redacción dos pregos que rexeran o procedemento de licitación da autorización garantindo os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva, para a adxudicación das autorizacións de conformidade co previsto nos artigos 53 da Lei 22/1988, de 28 de xullo de costas, 113 do Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, Decreto autonómico 97/2019, de 18 de xullo, 86 e 91 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio das Administracións Públicas e concordante normativa de aplicación.*

*Unha vez recibidas as autorizacións sectoriais (Estado e Xunta de Galicia) procederá a súa incorporación ó expediente, á aprobación dos pregos e á apertura do procedemento de licitación e outorgamento das autorizacións*

***SEXTO.-*** *O concello de Vigo obrígase, como en anos anteriores, a esixir dos terceiros que resulten adxudicatarios das autorizacións en DPMT a constitución da correspondente garantía para responder dos gastos de levantamento das instalacións e xustificará esta circunstancia ante o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico."*

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

**I.2.- Autorización sectoriais:**

I.2.1.- O xefe do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico en data 17/02/2025 (doc. 250036757, do 18/02/2025) outorgou a autorización sectorial na zona dominio público marítimo terrestre (servidume de transito lote 1) para ocupación instalación dos servizos de tempada, quioscos expendedores de comidas e bebidas, núms. 1, 4, 9, 10 e 11, para o ano 2025 e prorrogable por outros tres anos.

I.2.2.- A Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia en data 12/05/2025, outorgou as autorizacións sectoriais da Comunicade Autónoma na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre para a instalación dos servizos de tempada, quioscos expendedores de comidas e bebidas, números 2, 3, 6, 7, 8 (docs. 250111194, 250111156, 250111193, 250111210, 250111200, data de entrada 13/05/2025).

1.2.3. O quiosco de tempada n. 5 no areal de Argazada, emprázase en terreo municipal, fóra das zonas de DPMT e de servidume de protección do DPMT, polo que non se esixe autorizacións sectoriais.

**1.3.- Autorización a terceiros para ocupación, instalación e explotación.**

Unha vez obtidas as autorización sectoriais, o Concello de Vigo procedeu á elaboración e aprobación do corresponde prego de cláusulas administrativas particulares en sesión da Xunta de Goberno Local do 30/05/2025, e tralo correspondente procedemento de licitación pública procedeu á adxudicar as autorizacións para ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada: quioscos expendedores de comidas e bebidas, nas praias do término municipal de Vigo a terceiros particulares conforme ó Plan de explotación aprobado: acordo da Xunta de Goberno Local do 11 de xullo de 2025 para os lotes (quioscos) 3, 4, 6, 7, 8, 9, 10 e 11; acordo da Xunta de Goberno Local do 18 de XULLO de 2025, para os lotes (quioscos) 2 e 5. O lote do quiosco 1 da Punta quedou deserto no ano 2025.

O prego de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local do 30/05/2025 que rexe as autorizacións a terceiros establece na cláusula terceira que:

*"(...)*
*A vixencia das autorizacións para os anos 2026, 2027 e 2028 quedan condicionadas a que se prorrogue a autorización sectorial sobre o Dominio Público Marítimo Terrestre (DPMT) do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e obteña a autorización sobre a zona de servidume do DPMT da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia.*
*(...)"*

**1.4.- Autorizacións sectoriais anos 2026 a 2028:**

O Rd 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral (BOE 19/05/2025, data efectividade traspaso de funcións a partir do 01/07/2025), traspasou a esta



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 33 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

comunidade as funcións e os servizos da Administración do Estado en materia de ordenación e xestión do litoral. Nomeadamente,
a xestión e o outorgamento das autorizacións dos usos de tempada nas praias e o mar territorial.

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático publicou no DOG do 30/09/2025, o ANUNCIO do 24 de setembro de 2025, da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, de información pública sobre os prazos relativos aos servizos de tempada na zona de dominio público marítimo-terrestre do litoral de Galicia correspondentes ao ano 2026 (código de procedemento MT701A).

Dito anuncio establece prazos relativos ós servizos de tempada no litoral de Galicia correspondente e sinala que a tempada queda fixada entre o inicio do período de Semana Santa, entendendo como tal o venres anterior á festividade de Venres Santo, e o 31 de outubro de 2026. Asemade, sinala que os prazos para solicitar a autorización para a explotación de servizos de tempada na zona de dominio público marítimo-terrestre, a través do procedemento MT701A dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, será para os concellos no prazo dun mes desde a publicación do anuncio.

Por último, o citado anuncio sinala a páxina web:
https://www.xunta.gal/medio-ambiente/galicia-litoral para acceder a información relativas ás bases técnicas e os modelos de guía para a presentación das solicitudes.

**II.- ACTUALIZACIÓN DO PLAN DE OCUPACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPORADA ANOS 2025-2028.**

A petición do Servizo Municipal de Medio Ambiente, os arquitectos a Xerencia Municipal de Urbanismo redactan "Documento actualizado do Plan de ocupación, instalación e explotación dos servizos de temporada Plan de Ocupación, Instalación e Explotación de Servizos de Tempada: Quioscos expendedores de comidas e bebidas, nas praias do término municipal de Vigo para os anos 2025 a 2028", asinado electronicamente o 21/10/2025.

O Documento actualizado do Plan ten o seguinte contido:

- Memoria xustificativa.
- Memoria condicións urbanísticas.
- Memoria descritiva das instalacións desmontables previstas para a autorización quioscos, orzamento, planta tipo.
- Memoria de certificación de distancias entre os quioscos de tempada.
- Memoria de características técnicas dos módulos de quioscos e planos de planta, alzado, sección.
- Planos de emprazamentos dos quioscos sobre os de deslinde do DPMT do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.
- Planos de situación con ocupacións, ortofotos e fotografías, emprazamentos, delimitación da zona de DPMT e da zona de SPDPMT, ordenación urbanística PXOM/2025.

A documentación actualizarase refírese esencialmente á relativa a información sobre as condicións urbanísticas de clasificación e cualificación do solo onde se emprazan os quioscos segundo a "Revisión do Plan xeral de Ordenación municipal de Vigo", aprobado definitiva polo

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

Pleno do Concello de Vigo en sesión do 26 de maio de 2025, DOG 30/06/2025, BOPPO 04/08/2025 (en adiante PXOM/2025).

O documento actualizado do Plan mantén os mesmos número de quioscos (once), emprazamentos, zonificacións, ocupacións, características técnicas dos modelos de quioscos do aprobado pola Xunta de Goberno 17/01/2025 e, por tanto, do que foi obxecto das correspondentes autorización sectoriais do ano 2025, das condicións técnicas recollidas no prego de cláusula administrativas particulares que rexeron as autorizacións outorgadas a terceiros.

A documentación técnica xustifica o axuste ó PXOM/2025 de aplicación e o esixido pola Xunta de Galicia nos dous documentos (Guía de Instalacións e Guía Modelo de Plan de Explotación) así como establecido na Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, Rd 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral de costas, Decreto autonómico 97/2019, de 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da C.A. de Galicia en la zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, Decreto autonómico 38/2019, do 14 de marzo, polo que se aproba a catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia, Lei 4/2023, de 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, Rd 394/2025, de 13 de maio, mantendo número de quioscos, os emprazamentos, as ocupacións e as características técnicas dos quioscos.

## III.- FUNDAMENTOS DE DEREITO:

O artigo 115.c) da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas sinala entre as competencias municipais *"explotar, no seu caso, os servizos de tempada que poidan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de réxime local".*

O artigo 113 do Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral de costas, establece que:

*- As autorizacións cuxo obxecto sexa a explotación de servizos de tempada nas praias que só requiran instalacións desmontables, serán outorgadas polos concellos que o soliciten, na forma que se determina nos apartados seguintes.*

*- Haberá que solicitalas dirixíndose ó servizo periférico de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente no prazo establecido,*

*- Os servizos de tempada poderán contar cunha autorización por un prazo máximo de catro anos, se ben as instalacións deberán desmontarse, unha vez rematada cada unhas das tempadas incluídas no prazo de duración da autorización.*

*- Outorgada a autorización polo Servizo Periférico de Costas, os Concellos, tralo abono do canon de ocupación correspondente, poderán proceder a súa explotación, por si ou por terceiros.*

O artigo 51 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas establece a necesidade de autorización administrativa para ocupar o dominio público marítimo terrestre con instalacións desmontables ou con bens mobles, que correspondería outorgar á administración do Estado e, agora, co entrada en vigor do Rd 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 35 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, corresponde á Comunidade Autónoma.

O artigo 26 da citada Lei e 49.1. do regulamento que a desenvolve, establecen a obriga de obter autorización administrativas para as instalacións que se sitúen en zonas de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, que corresponde outorgar á Comunidade Autónoma.

O Decreto 97/2019, de 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre (DOG 09/08/2019), regula nos seus artigos 18 a 24 os requisitos para autorizar as instalacións de quioscos, expendedores de comidas e bebidas ao servizo das praias, desmontables que se sitúen en zona de servidume do dominio público marítimo terrestre.

O Decreto 38/2019, do 14 de marzo, de catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia (DOG 12/04/2019), aprobou a catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 33.6. da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, no artigo 67 e na disposición transitoria vixésimo cuarta do Regulamento xeral de costas, aprobado polo Real decreto 876/2014, do 10 de outubro. O citado Decreto cataloga os areais de A Punta, Santa Baia, Tombo do Gato, Argazada, Samil e Etea como tramos urbanos e o areal do Vao como natural.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión do 17/01/2025, aprobou o Plan de Ocupación, Instalación e Explotación de Servizos de Tempada: Quioscos expendedores de comidas e bebidas, nas praias do término municipal de Vigo para os anos 2025 a 2028, con un total de once quioscos aparecen sinalados nos Planos da citada documentación técnica.

Trala obtención das autorizacións sectoriais que se sinalan nos antecedentes deste informe, o Concello de Vigo procedeu á elaboración e aprobación do corresponde prego de cláusulas administrativas particulares en sesión da Xunta de Goberno Local do 30/05/2025, e tralo correspondente procedemento onde se respectaron os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva, procedeu á adxudicar as autorizacións para ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada: quioscos expendedores de comidas e bebidas, nas praias do término municipal de Vigo a terceiros particulares conforme ó Plan de explotación aprobado: acordo da Xunta de Goberno Local do 11 de xullo de 2025 para os lotes (quioscos) 3, 4, 6, 7, 8, 9, 10 e 11; acordo da Xunta de Goberno Local do 18 de XULLO de 2025, para os lotes (quioscos) 2 e 5. O lote do quiosco 1 da Punta quedou deserto no ano 2025.

O prego de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local do 30/05/2025 que rexe as autorizacións a terceiros establece na cláusula terceira que:

*"(...)*
*A vixencia das autorizacións para os anos 2026, 2027 e 2028 quedan condicionadas a que se prorrogue a autorización sectorial sobre o Dominio Público Marítimo Terrestre (DPMT) do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e obteña a autorización sobre a zona de servidume do DPMT da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia.*
*(...)"*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

O Rd 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral (BOE 19/05/2025, data efectividade traspaso de funcións a partir do 01/07/2025), traspasou a esta comunidade as funcións e os servizos da Administración do Estado en materia de ordenación e xestión do litoral. Nomeadamente,
a xestión e o outorgamento das autorizacións dos usos de tempada nas praias e o mar territorial.

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático publicou no DOG do 30/09/2025, o ANUNCIO do 24 de setembro de 2025, da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, de información pública sobre os prazos dos servizos de tempada no litoral de Galicia e sinala que a tempada queda fixada entre o inicio do período de Semana Santa, entendendo como tal o venres anterior á festividade de Venres Santo, e o 31 de outubro de 2026, e que os prazos para solicitar a autorización preferente para a explotación de servizos de tempada na zona de dominio público marítimo-terrestre, para os concellos no prazo dun mes desde a publicación do anuncio.

A aprobación definitiva polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 26 de maio de 2025 da "Revisión do Plan xeral de Ordenación municipal de Vigo", DOG 30/06/2025, BOPPO 04/08/2025 (PXOM/2025), fai precisa a actualización da documentación técnica do Plan de explotación aprobado pola Xunta de Goberno Local do 17 de xaneiro de 2025.

Os arquitectos da Xerencia Municipal de Urbanismo redactan "Documento actualizado do Plan de ocupación, instalación e explotación dos servizos de temporada Plan de Ocupación, Instalación e Explotación de Servizos de Tempada: Quioscos expendedores de comidas e bebidas, nas praias do término municipal de Vigo para os anos 2025 a 2028", asinado electronicamente o 21/10/2025.

O documento actualizado do Plan mantén os mesmos número de quioscos (once), emprazamentos, zonificacións, ocupacións, características técnicas dos modelos de quioscos do aprobado pola Xunta de Goberno 17/01/2025 e, por tanto, do que foi obxecto das correspondentes autorización sectoriais do ano 2025, das condicións técnicas recollidas no prego de cláusula administrativas particulares que rexeron as autorizacións outorgadas a terceiros.

A documentación técnica xustifica o axuste o PXOM/2025 e demais normativa de aplicación segundo informan os arquitectos municipais.

Os quioscos nºs. 1, 4, 9, 10 e 11 que se sitúan en dominio público marítimo terrestre ou na zona de servidume de tránsito cumpren tanto co esixido para ocupacións en tramos naturais de praias como para ocupacións en tramos urbanos, segundo o establecido no artigo 68 e 69 do Regulamento de costas aprobado por Rd 876/2014, de 10 de outubro. Neste sentido as ocupación non superan os 20 m2 de superficie cerrada, incluído aseos, nin os 50 m2 de superficie de terraza aberta, sitúanse a unha distancia igual ou superior a 300 ml nos tramos naturais de praia e de 100 ml nos tramos urbanos, a ocupación da praia e moi inferior ó 10% da superficie en preamar, e os usos están permitidos.

S.ord. 24/10/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

Os quioscos nºs. 2, 3, 6, 7 e 8 que se sitúan en dominio público municipal, na zona de servidume do dominio público marítimo terrestre, cumpren co esixido especificamente para a instalacións desmontables de tempada do Decreto 97/2019, de 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, cunha superficie máxima de 20 m2 de ocupación pechada, máis a superficie non computable (artigo 21.e) do Decreto 97/2019, de 18 de xullo) corresponden a aseos de uso público e gratuítos coa superficie mínima para cumprir a condición de accesibles segundo a Lei galega 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade, e 50 m2 de ocupación aberta, distancia superior a 100 ml entre quioscos ou semellantes. Tamén se axustan ás determinacións dos artigos 86 e 91 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio das Administracións Públicas e concordante normativa de aplicación.

O quiosco nº 5 sitúase en dominio público municipal, fora da zona de servidume do dominio público marítimo terrestre, cumpre co esixido nas normas urbanísticas de aplicación, ás determinacións dos artigos 86 e 91 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio das Administracións Públicas e concordante normativa de aplicación, con instalacións desmontables de tempada cunha superficie máxima de 20 m2 de ocupación pechada, máis a superficie que corresponden a aseos de uso público e gratuítos coa superficie mínima para cumprir a condición de accesibles segundo a Lei galega 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade, e 50 m2 de ocupación aberta, distancia superior a 100 ml entre quioscos ou semellantes.

Por último, cómpre sinalar respecto da posibilidade de instalar escolas de surf, bodiboard, longboard e paddle surf no dominio público marítimo terrestre que anualmente ven contemplando o Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica, que:

- As praias de Vigo son eminentemente urbanas e contan na temporada estival cun número moi elevado de usuarios nos areais e na lámina de auga. A súa alta afluencia e o seu uso prioritario para o baño suxire un problema importante de seguridade restrinxir este espazo e incorporar dentro das habituais zonas de baño outros usos diferentes.

- As zonas de práctica de surf no permiten a instalación dunha zona concreta balizada, pois obedecen a criterios meteorolóxicos e dependentes de moitos factores (mar de fondo, vento, mareas, etc), polo cal aínda instalando zonas balizadas propias para esta actividade, restrinxindo as zonas de baño, os usuarios solen desprazarse á mellor zona de práctica, este o non balizada, creando novamente problemas de seguridade para os bañistas.

- Independentemente das zonas balizadas establecidas na lámina de auga, a organización das actividades require un desprazamento diario de grandes materiais desde os seus emprazamentos de almacenaxe á propia lámina de auga. Este desprazamento constante implica un risco de seguridade para os usuarios do areal, e un malestar e fonte de queixas constante como xa pasou nas ocasiones que algún destes servizos estivo presente nas praias.

Tamén, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión do 22/05/2006 acordou aprobar os criterios técnicos a ter en conta polos servizos municipais para autorizar ou prohibir as actividades que se soliciten nos areais da cidade na temporada de verán, indicando como absolutamente prioritaria a preservación dos areais para o seu uso libre, público e común por parte de todos os cidadáns, para o baño e o descanso, e que as actividades de tipo lúdico que se propoñan durante o período estival só deberían autorizarse con carácter excepcional, de forma restritiva.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

Polo exposto, con obxecto de garantir a seguridade dos bañistas e desfrute deste dos areais, en principio, non considera conveniente a instalación de servizos de escolas de surf, bodiboard, longboard e paddle surf, no dominio público marítimo terrestre, tanto no areal como na zona de auga balizada para o baño durante a temporada estival, polo que o plan de explotación de servizos de temporada polo Concello de Vigo limítase os quioscos antes citados, expendedores de comidas e bebidas ós servizos dos areais.

Segundo o antes indicado, procede:

a) Aprobar o "Documento actualizado do Plan de ocupación, instalación e explotación dos servizos de temporada, quioscos expendedores de comidas e bebidas, nas praias do término municipal de Vigo para os anos 2025 a 2028.

b).- Solicitar á Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente a PRÓRROGA para os anos 2026 a 2028 da autorización sectorial para os quioscos, establecementos expendedores de comidas e bebidas, números 1, 4, 9, 10 e 11, móbiles e desmontables, que se sitúan en zona de DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE (DPMT) OU ZONA DE SERVIDUME DE TRÁNSITO DO DPMT de acordo coa documentación técnica do plan actualizado, ao abeiro do Rd 394/2025, de 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración Xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Ordenación e Xestión do Litoral, artigo 51 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, artigo 48 da Lei 4/2023, de 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (procedemento telemático MT701A).

c).- Solicitar á Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente a autorización sectorial para os anos 2026 a 2028, para os quioscos, establecementos expendedores de comidas e bebidas, números 2, 3, 6, 7 e 8, móbiles e desmontables, que se sitúan en zona de SERVIDUME DE PROTECCIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE de acordo coa documentación técnica do plan actualizado, ao abeiro do artigo 49 da Lei 4/2023, de 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, artigo 3 do Decreto autonómico 97/2019, de 18 de xullo (procedemento telemático MT701A -ZSP-).

A vista do anteriormente exposto, ao abeiro das atribucións de competencias que establece o artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local en relación coa Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

**ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aproba-lo "Documento actualizado do Plan de ocupación, instalación e explotación dos servizos de temporada: Quioscos expendedores de comidas e bebidas, nas praias do término municipal de Vigo para os anos 2025 a 2028", redactado polos arquitectos municipais, Juan Luís Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, asinado dixitalmente o 21/10/2025.

S.ord. 24/10/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

A documentación actualizada refírese esencialmente á relativa A información sobre as condicións urbanísticas de clasificación e cualificación do solo onde se emprazan os quioscos segundo a “Revisión do Plan xeral de Ordenación municipal de Vigo”, aprobado definitiva polo Pleno do Concello de  Vigo en sesión do 26 de maio de 2025, DOG 30/06/2025, BOPPO 04/08/2025.

O documento actualizado do Plan mantén o mesmo número de quioscos (once), emprazamentos, zonificacións, ocupacións, características técnicas dos modelos de quioscos do aprobado pola Xunta de Goberno 17/01/2025 e, por tanto, do que foi obxecto das correspondentes autorización sectoriais do ano 2025, das condicións técnicas recollidas no prego de cláusula administrativas particulares que rexeron as autorizacións outorgadas a terceiros.

O Documento actualizado do Plan ten o seguinte contido:

- Memoria xustificativa
- Memoria condicións urbanísticas
- Memoria descritiva das instalacións desmontables previstas para a autorización quioscos, orzamento, planta tipo.
- Memoria de certificación de distancias  entre os quioscos de tempada
- Memoria de características técnicas dos módulos de quioscos e planos de planta, alzado, sección.
- Planos de emprazamentos dos quioscos sobre os de deslinde do DPMT do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.
- Planos de situación con ocupacións, ortofotos e fotografías, emprazamentos, delimitación da zona de DPMT e da zona de SPDPMT, ordenación urbanística PXOM/2025.

O informe da xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, asinado dixitalmente o 09/01/2025, sobre a titularidade dos terreos onde se emprazan os quioscos mantén o seu contido ó tratarse dos mesmos emprazamentos.

A Memoria descritiva de outras instalacións menores (torres de vixilancia, mastros, pasarelas, paneis informativos) ó servizo das praias que se sitúan en DPMT asinada dixitalmente polo xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo o 10/01/2025, e planos ortofoto do Ministerio nas que sitúan estas instalacións tampouco sofre ningunha modificación

O citado Plan actualizado reflicte os quioscos de tempada, expendedores de comida e bebida, ó servizos das praias en idénticas condición que o aprobado pola Xunta de Goberno Local o  17/01/2025:

| ***DESCRICIÓN S= con lucro*** | ***EMPRAZAMENTO*** | ***CATÁLOGO TRAMO PRAIA D. 38/2019*** | ***REF. CATASTRAL /COORDENADAS UTM ETRS89*** | ***ZONIFICACIÓN, LEI DE COSTAS*** | ***OCUPACIÓN PECHADA EN M2*** | ***OCUPACIÓN TERRAZA ABERTA M2*** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| *QUIOSCO 1/ EECOE-* | *Areal da Punta. A Guía* | *urbana* | *4988901NG2748N* | *Dominio público marítimo terrestre (DPMT).* | *20 m2* | *50  m2* |

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO  05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| DESCRICIÓN S= con lucro | EMPRAZAMENTO | CATÁLOGO TRAMO PRAIA D. 38/2019 | REF. CATASTRAL /COORDENADAS UTM ETRS89 | ZONIFICACIÓN, LEI DE COSTAS | OCUPACIÓN PECHADA EN M2 | OCUPACIÓN TERRAZA ABERTA M2 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BE 1 S | | | X-524874,61 Y-4678661,41 | Zona de servidume de tránsito do DPMT en dominio público municipal. | | |
| QUIOSCO 2/ EECOEBE 2 S | Areal de Santa Baia, Alcabre | urbana | 9847431NG1794N X-519369,01 Y-4674573,98 | Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal | 20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro. | 50 m2 |
| QUIOSCO 3/ EECOEBE 3 S | Areal do Tombo do Gato | urbana | 8745301NG1785N X-518556,99 Y-4674302,09 | Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal | 20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro. | 50 m2 |
| QUIOSCO 4/ EECOEBE 4 S | Areal do Tombo do Gato | urbana | 8745301NG1785N X-518485,05 Y-4674183,52 | Dominio público marítimo terrestre (DPMT) | 20 m2 | 50 m2 |
| QUIOSCO 5/ EECOEBE 5 S | Areal de Argazada | urbana | 8640801NG1783N X-518547,56 Y-4673752,56 | Dominio público municipal. Fóra da zona de servidume de protección do DPMT. | 20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro. | 50 m2 |
| QUIOSCO 6/ EECOEBE 6 S | Areal de Samil | urbana | Sen Ref. Catastral X-518491,04 Y-4672997,40 | Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal | 20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro. | 50 m2 |
| QUIOSCO 7/ | Areal de Samil | urbana | 8632801NG1783N | Zona de servidume de protec- | 20 m2 + superficie de | 50 m2 |

S.ord. 24/10/2025



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| *DESCRICIÓN S= con lucro* | *EMPRAZAMENTO* | *CATÁLOGO TRAMO PRAIA D. 38/2019* | *REF. CATASTRAL /COORDENADAS UTM ETRS89* | *ZONIFICACIÓN, LEI DE COSTAS* | *OCUPACIÓN PECHADA EN M2* | *OCUPACIÓN TERRAZA ABERTA M2* |
|---|---|---|---|---|---|---|
| *EECOEBE 7 S* | | | *X-518441,75 Y-4672872,03* | *ción do DPMT. Dominio público municipal* | *aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.* | |
| *QUIOSCO 8 EECOEBE 8 S* | *Areal de Samil* | *urbana* | *Sen Ref. Catastral X-518368,49 Y-46727703,06* | *Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal* | *20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.* | *50 m2* |
| *QUIOSCO 9 EECOEBE 9 S* | *Areal do Vao* | *natural* | *7319701NG1771N X-517331,18 Y-4671755,89* | *Dominio público marítimo terrestre (DPMT)* | *20 m2, incluída superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.* | *50 m2* |
| *QUIOSCO 10 EECOEBE 10 S* | *Areal do Vao* | *natural* | *7319701NG1771N X-516985,41 Y-4671607,76* | *Dominio público marítimo terrestre (DPMT)* | *20 m2, incluída superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro* | *50 m2* |
| *QUIOSCO 11 EECOEBE 11 S* | *Areal da Etea* | *natural* | *5464209NG2758N X-525261,50 Y-4678420,36* | *Dominio público marítimo terrestre (DPMT)* | *20 m2* | *50 m2* |

*EECOYBE= Quioscos/establecemento expendedores de comidas e bebidas. Todos con ánimo de lucro, explotados por terceiros particulares, que abonaran o canón indicado na autorización outorgada tralo correspondente procedemento en réxime de concorrencia competitiva.*

Tódolos quioscos (11) aparecen sinalados nos Planos da citada documentación técnica.

As autorizacións sectarios para a execución deste plan de ocupación do dominio público con instalación de tempada e desmontables, son para os anos 2025 a 2028, nos seguintes períodos anuais:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

Ano 2025: (xa rematado).
Ano 2026: período de Semana Santa ata o 31 de outubro.
Ano 2027: período de Semana Santa ata o 31 de outubro.
Ano 2028: período de Semana Santa ata o 31 de outubro.

Amplíase ó máximo o período da tempada anual fixada entre o inicio do período de Semana Santa, entendendo como tal o venres anterior á festividade de Venres Santo, e o 31 de outubro, segundo o indicado no ANUNCIO do 24 de setembro de 2025, da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático (DOG do 30/09/2025).

**SEGUNDO.-** Solicitar á Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente a PRÓRROGA para os anos 2026 a 2028 da autorización sectorial para os quioscos, establecementos expendedores de comidas e bebidas, números 1, 4, 9, 10 e 11, móbiles e desmontables, que se sitúan en zona de DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE (DPMT) OU ZONA DE SERVIDUME DE TRÁNSITO DO DPMT de acordo coa documentación técnica do plan actualizado e os seguintes períodos anuais (procedemento telemático MT701A). :

Ano 2026: período de Semana Santa ata o 31 de outubro.
Ano 2027: período de Semana Santa ata o 31 de outubro.
Ano 2028: período de Semana Santa ata o 31 de outubro.

**TERCEIRO.-** Solicitar á Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente a autorización sectorial para os anos 2026 a 2028, para os quioscos, establecementos expendedores de comidas e bebidas, números 2, 3, 6, 7 e 8, móbiles e desmontables, que se sitúan en zona de SERVIDUME DE PROTECCIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE de acordo coa documentación técnica do plan actualizado e os seguintes períodos anuais (procedemento telemático MT701A):

Ano 2026: período de Semana Santa ata o 31 de outubro.
Ano 2027: período de Semana Santa ata o 31 de outubro.
Ano 2028: período de Semana Santa ata o 31 de outubro.

**CUARTO.-** A concelleira delegada de Medio Ambiente, Nuria Rodríguez Rodríguez, en virtude da delegación de atribucións do alcalde nos concelleiros de 28/06/2024, BOPPO 09/07/2024, asinará electronicamente os documentos precisos en representación desta Administración municipal para solicitar as autorizacións sectoriais, remisión documentación complementaria que fose necesaria.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 43 de 143 |
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**8(804).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN, INCLUÍDO O SUBMINISTRO DE REPOSTOS NECESARIOS PARA AS REPARACIÓNS DOS VEHÍCULOS TIPO C1 DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 15161/445.**

Visto o informe xurídico do 30/09/2025 e o informe de fiscalización do 13/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 25/09/2025, asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, a técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES.**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do día 06.10.2022, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a TALLERES FONTAN S.L.U. (B-36634756) o contrato do "Servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil Municipal do Concello de Vigo" (Expte. 15.161/445) por un prezo total de DOUS CENTOS CORENTA MIL CINCOCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (240.544,86 EUROS) sendo a cota correspondente ao IVE de 41.747,46 €, e segundo os prezos unitarios previstos no apartado 3G do Anexo I - FEC- do PCAP.

**Segundo.-** O contrato formalizouse en documento administrativo o día 07.11.2022 e na súa Cláusula Cuarta figura o prazo do contrato, o cal é de dous anos que se empezarán a contar a partir do día seguinte ao da última sinatura dixital, con dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

**Terceiro.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 11.10.2024 acordou aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos "Servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil Municipal do Concello de Vigo" (15.161-445), formalizado coa entidade mercantil TALLERES FONTAN S.L.U. (B-36.634.756), polo período comprendido dende o 08/11/2024 ata o 07/11/2025.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.**

**Primeiro.-** O artigo 29.2 da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

**Segundo.-** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses. O referido apartado 4 das FEC establece un prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.
**Terceiro.-** Considérase conveniente polos técnicos que a subscriben a proposición da segunda prórroga do contrato do "Servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil Municipal do Concello de Vigo", por un período dun ano, toda vez que o funcionamento do contrato durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións marcadas á adxudicataria.

**Cuarto.-** Consta no expediente administrativo de referencia, o preaviso de prórroga notificado electronicamente á adxudicataria o día 13.06.2025 así como a súa conformidade á proposta de prórroga o día 22.08.2025 . (Ttes. 585, 586,587 e 591 do expediente dixital).

**Quinto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2a apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

**Sexto.-** O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 08.11.2025 ata o 07.11.2026, sendo que o prezo anual ascende a un total de CENTO VINTE MIL DOUSCENTOS SETENTA E DOUS EUROS E CORENTA E TRES CÉNTIMOS (120.272,43 euros) IVE incluído.

**Sétimo.-** O importe da prórroga imputarase ás aplicacións orzamentarias 9202.2140000 "Reparación mantemento e conservación do material", e a partida 9202.2211100 "Repostos elementos de transporte", segundo a seguinte distribución anual:

| **PERIODO** | **APLICACION ORZAMENTARIA** | **IMPORTE** |
|---|---|---|
| Do 08.11.2025 ata o 31.12.2025 | 9202.214.00.00 | 5.500,00 € |
| | 9202.221.11.00 | 4.500,00 € |
| Do 01.01.2026 ata o 07.11.2026 | 9202.214.00.00 | 54.272,43 € |
| | 9202.221.11.00 | 56.000,00 € |
| | **TOTAL** | **120.272,43 €** |

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

S.ord. 24/10/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

**ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar a segunda prórroga dun ano de duración do vixente contrato do "Servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil Municipal do Concello de Vigo" (15.161-445), formalizado coa entidade mercantil TALLERES FONTAN S.L.U. (B-36.634.756) polo período comprendido dende o 08.11.2025 ata o 07.11.2026.

**Segundo-** Autorizar o gasto estimado do contrato do "Servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil Municipal do Concello de Vigo" (15.161-445), a favor da entidade TALLERES FONTAN S.L.U. (B-36.634.756) por importe de CENTO VINTE MIL DOUSCENTOS SETENTA E DOUS EUROS E CORENTA E TRES CÉNTIMOS (120.272,43 euros) IVE incluído; imputando o devandito gasto ás aplicacións orzamentarias 9202.2140000 "Reparación mantemento e conservación do material", e a partida 9202.2211100 "Repostos elementos de transporte", segundo a seguinte distribución anual:

| **PERIODO** | **APLICACION ORZAMEN-TARIA** | **IMPORTE** |
|---|---|---|
| Do 08.11.2025 ata o 31.12.2025 | 9202.214.00.00 | 5.500,00 € |
| | 9202.221.11.00 | 4.500,00 € |
| Do 01.01.2026 ata o 07.11.2026 | 9202.214.00.00 | 54.272,43 € |
| | 9202.221.11.00 | 56.000,00 € |
| | **TOTAL** | **120.272,43 €** |

**Terceiro.-** Notificar á empresa adxudicataria TALLERES FONTAN S.L.U. (B-36.634.756) indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**Cuarto.-** Remitir ao Consello de Contas a prórroga do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

**9(805).- CRITERIOS XERAIS REITORES DO CONCURSO ORDINARIO PARA A PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO A1 E A2 (ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL) E C1, C2 E AP (ESCALAS DE ADMINISTRACIÓN XERAL E ESPECIAL). EXPTE. 47093/220.**

Sométese a aprobación o informe-proposta do 17/10/2025, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.-Por resolución de data 17 de xullo do 2025 acordouse o seguinte:

*"Primeiro.- Incoar expediente de actuacións administrativas para a elaboración de criterios xerais rectores da provisión definitiva polo sistema de concurso ordinario dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1, A2, C1, C2 e AP de titulación existentes no Concello de Vigo.*

*Segundo.- Designar como instrutoras dos expedientes tendentes á elaboración de proposta de criterios xerais, así como das correspondentes bases e convocatorias, ás funcionarias de carreira seguintes:*

*-Postos de traballo A1 e A2 da Escala de Administración Xeral a proveer polo sistema de concurso ordinario: Dª S. Gallardo Fariña, Secretaria do Goberno Local.*

*-Postos de traballo A1 e A2 da Escala de Administración Especial a proveer polo sistema de concurso ordinario: Dª M. Dapena Gómez, xefa da Área de RRHH e Formación.*

*-Postos de traballo C1, C2 e AP pertencentes a ambas escalas: elaboración de proposta conxunta de criterios xerais, convocatoria e bases tipo, e calendarización das convocatorias polas dúas funcionarias anteriormente citadas, para a súa posterior execución polo persoal da Área de RRHH e formación conforme á calendarización previa elaborada.*

*Terceiro.- Notificar a presente resolución ás persoas designadas como instrutoras dos procedementos de provisión definitiva dos postos de traballo do Concello de Vigo e á Asesoría Xurídica Municipal (Titularidade e servizos xurídicos) para coñecemento e efectos"*

2.- En sesión de data 29 de xullo do 2025, as partes integrantes da mesa xeral de negociación (materias comúns a persoal funcionario e laboral) do Concello de Vigo acadaron consenso na negociación da proposta de criterios xerais reitores do concurso ordinario para a provisión de postos de traballo A1 e A2 (Escala De Administración Xeral e Especial) E C1, C2 E AP, incorporando as seguintes modificacións:

- No apartado: Criterios de desempate", eliminar "segunda fase".
- No apartado: Cursos de formación e perfeccionamento:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 47 de 143 |
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

- Valorarse a superación de cursos organizados e impartidos directamente pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), a Axencia de Coñecemento en Saúde (Acis), o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), as escolas oficiais de formación similares das restantes comunidades autónomas e as universidades públicas; os cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (AFEDAP) e os cursos impartidos polas organizacións sindicais, colexios profesionais e administracións públicas.

- Que se incorpore especificamente na redacción a valoración de cursos en materia de carácter transversal.

No apartado de titulacións académicas:

- Establecer as equivalencias ao Marco español de cualificacións para a educación superior (MECES) e conforme a elo revisar a seguinte redacción "*Neste apartado non se valorarán aquelas titulacións que serviron para o acceso a dito corpo ou escala no que está clasificado o posto de traballo ao que se concursa así como os que sexan de inferior nivel académico que require o posto de traballo ao que se concorra".*

- Valorar os certificados de profesionalidade cunha puntuación de 0,10 puntos.

**A vista do acordo, e previa verificación da viabilidade do mesmo, formúlase unha nova proposta coas seguintes modificacións**

- No apartados de criterios de desempate eliminar "segunda fase": procede a súa corrección.

- No apartado de Cursos de formación e perfeccionamento: incorpórase a redacción proposta respecto a valoración de cursos e se especifica a valoración dos cursos de carácter transversal. Proponse a mesma redacción que a contida nos criterios de provisión de postos mediante concurso específico.

- No apartado de titulacións académicas incorpórase as equivalencias ao Marco español de cualificacións para a educación superior (MECES). Así mesmo, respecto a valoración de das titulacións diferentes as requiridas para o ingreso a corpo cómpre destacar a sentenza do Tribunal 104/2024 de 24 Ene. 2024, Rec. 16/2022 que recolle a doutrina fixada pola sentenza do Tribunal Supremo 1400/2023, do 7 de novembro (recurso de casación 8517/2021) dispón " *2ª) El* Real Decreto 967/2014*, que regula el procedimiento para determinar la correspondencia de los títulos oficiales de Arquitectura, Ingeniería, Licenciatura, Arquitectura Técnica, Ingeniería Técnica y Diplomatura a los niveles del Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior, que incluye estas dos específicas previsiones:*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

*" A) El artículo 24.6, cuando dispone que "Las resoluciones de correspondencia de los títulos a un determinado nivel del Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior causarán los efectos académicos y profesionales de conformidad con la normativa sectorial correspondiente, asociados a las enseñanzas incluidas en dichos niveles".*

*B) La disposición adicional octava, cuando indica: "Lo previsto en este real decreto no resulta de aplicación al régimen de titulaciones exigible para el ingreso en las Administraciones Públicas, que se regirá, en todo caso, por lo previsto en la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público, y el resto de su normativa específica que resulte de aplicación". Dos puntualizaciones hay que hacer sobre ella: 1ª) que la remisión hay que entenderla referida hoy día al vigente TREBEP de 2015. 2ª) que su alcance es el fijado por* esta Sala en sentencias de 15 marzo de 2016 (recursos 964/14, 14 y 19/2015 *): "la remisión a las normas que regulan el acceso a la Función Pública no determina que los títulos del sistema anterior (arquitecto, ingeniero, licenciado, arquitecto técnico, ingeniero técnico, diplomado) " dejen de tener valor a los efectos de acceso a las Administraciones Públicas; Supone, simplemente, la constatación de que el sistema de acceso al empleo público se regula por la legislación que le es propia (el Estatuto Básico del Empleado Público y la normativa complementaria), a la que habrá de estarse en todo caso cuando de la incorporación a la Función Pública se trate.".*

3.- Tralo acordo adoptado pola mesa común de negociación para o persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo na citada data 29 de xullo do 2025, formulouse unha nova proposta, asinada electrónicamente en data 23/09/2025, outorgando un trámite de audiencia por un prazo de 10 días hábiles á representación sindical para novas aportacións.

Finalizado o prazo e a salvo de erro ou omisión, na aplicación informática xestora de expedientes únicamente consta o documento nº 250272382, presentado polo secretario do sindicato SICO, instando a rectificar un "erro", concretado ao paecer na omisión da incorporación ao apartado "cursos de formación" da previsión de valoración da superación de cursos organizados e impartidos por todas as universidades do sistema universitario.

Analizado o documento remitido para aportacións en data 25/09/2025 (informe da xefatura de Área de data de sinatura dixital 23/09/2025) non se atopa o presunto erro indicado, deixando constancia de que tal informe incorporou na debida forma os acordos adoptados na mesa xeral de negociación de data 29/07/2025, segundo a certificación emitida e obrante no expediente (trámite 12).

Por tanto, e considerando a que, máis que un erro, trátase dunha nova petición -que se axusta á legalidade, toda vez que tanto os títulos unversitarios impartidos polas universidades españolas e aqueles estranxeiros recoñecidos en España (tanto da UE como fóra da UE) surten os plenos efectos que a normativa establece- enténdese que tal petición pode e debe ser debidamente considerada.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 49 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### I.- MARCO NORMATIVO RECTOR DA PROVISIÓN DE POSTOS E PRELACIÓN DE FONTES

O artigo 149.1.18ª da Constitución Española de 1978 establece a competencia exclusiva do Estado sobre as bases do réxime xurídico das Administracións Públicas e o réxime estatutario dos seus funcionarios que, en todo caso, garantirán aos administrados un tratamento común ante estas.

A Carta Magna prevé a existencia dunha reserva de lei do estatuto xeral dos funcionarios públicos no seu artigo 103.3, así como o acceso á función pública de acordo cos principios de mérito e capacidade, as peculiaridades do exercicio do seu dereito á sindicación, o sistema de incompatibilidades e as garantías para a imparcialidade no exercicio dos seus funcións. En este sentido a Sentenza do Tribunal Constitucional 99/1987, de 11 de xuño delimita o contido da reserva de lei do estatuto dos funcionarios públicos, declarando

"*c) En el primer inciso de su art. 103.3 la Constitución ha reservado a la Ley la regulación de la situación personal de los funcionarios públicos y de su relación de servicio o «régimen estatutario», por emplear la expresión que figura en el art. 149.1.18 de la misma Norma fundamental. Es éste, desde luego, un ámbito cuyos contornos no pueden definirse en abstracto y a priori, pero en el que ha de entenderse comprendida, en principio, la normación relativa a la adquisición y pérdida de la condición de funcionario, a las condiciones de promoción en la carrera administrativa y a las situaciones que en ésta puedan darse, a los derechos y deberes y responsabilidad de los funcionarios y a su régimen disciplinario, así como a la creación e integración, en su caso, de Cuerpos y Escalas funcionariales y al modo de provisión de puestos de trabajo al servicio de las Administraciones Públicas, ...*.

Así, a Constitución establece a competencia exclusiva do Estado respecto ao réxime estatutario dos funcionarios públicos común a todas as Administracións Públicas formulado a través de bases que poderán ser desenvoltas polas Comunidades Autónomas, e en particular sobre un dos aspectos do seu estatuto xurídico, no que aquí nos atinxe, ao modo de provisión dos postos de traballo ao servizo das Administracións Públicas. Cómpre ter así mesmo presente a competencia exclusiva do Estado sobre lexislación laboral (artigo 149.1.17ª CE 1978).

A provisión de postos na administración local rexérase pola lexislación básica estatal, sendo de aplicación os preceptos básicos da lexislación sobre función pública previstas no Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TRLEBEP), e función pública local da Lei 7/1985, Reguladora de bases de réxime local (LRBRL) así como aqueles preceptos básicos do Real Decreto 781/1986, de 18 abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Tras os preceptos básicos e dada a ausencia de desenvolvemento normativo do TRLEBEP neste aspecto por parte do lexislador estatal básico, no que atinxe estritamente á provisión de postos de traballo serán de aplicación as previsións en materia de función pública local da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, en atención ao principio de xerarquía normativa desta norma (artigo 9.3 CE 1978)

A lei autonómica en materia de función pública desenvolvese regulamentariamente en materia de mobilidade e provisión mediante o Decreto 151/2022, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, aplicable segundo o seu artigo 2.2 ao persoal funcionario de carreira da Administración Local no non reservado á lexislación do Estado, e sen prexuízo da aplicación da lexislación específica para o persoal funcionario de Administración local con habilitación con carácter nacional, e vén a colmar as lagunas existentes na lexislación autonómica derogando en particular os artigos 1 a 17 e Disposición transitoria Terceira do Decreto 93/1991, de 20 de marzo.

Pola súa banda, resulta igualmente de aplicación supletoria o Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado**.**

Tras a normativa exposta de carácter legal e regulamentario resulta aplicable o Acordo Regulador de Condicións económicas e sociais dos funcionarios do Concello de Vigo e o Convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Vigo, ambos aprobados polo Pleno da Corporación en acordos de data 28/12/1998.

## II.-CONCURSO ORDINARIO COMO SISTEMA DE PROVISIÓN DE POSTOS

-Os artigos 101 e 102 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local establecen que:
Artigo 101
*Los puestos de trabajo vacantes que deban ser cubiertos por los funcionarios a que se refiere el artículo anterior se proveerán en convocatoria pública por los procedimientos de concurso de méritos o de libre designación, de acuerdo con las normas que regulen estos procedimientos en todas las Administraciones públicas.*

*En dichas convocatorias de provisión de puestos de trabajo, además de la participación de los funcionarios propios de la entidad convocante, podrán participar los funcionarios que pertenezcan a cualquiera de las Administraciones públicas, quedando en este caso supeditada la participación a lo que al respecto establezcan las relaciones de puestos de trabajo.*

Artigo 102

*1. Las pruebas de selección y los concursos para la provisión de puestos de trabajo, a que se refiere el presente capítulo, se regirán por las bases que apruebe el Presidente de la Corporación, a quien corresponderá su convocatoria.*

*2. En las pruebas selectivas, el tribunal u órgano similar elevará la correspondiente relación de aprobados al Presidente de la Corporación para hacer el nombramiento, a quien también corresponderá la resolución motivada de los concursos para la provisión de puestos de trabajo, previa propuesta de aquellos órganos de selección.”*

- A Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia, contempla no seu artigo 89 o concurso como sistema ordinario de provisión de postos de traballo:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 51 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

*1. El concurso es el procedimiento normal de provisión de puestos de trabajo por el personal funcionario de carrera y consiste en la valoración de los méritos y capacidades y, en su caso, aptitudes de los candidatos conforme a las bases establecidas en la correspondiente convocatoria.**El concurso puede ser ordinario o específico**.*

*2. Los concursos para la provisión de puestos de trabajo pueden convocarse para la generalidad de los puestos de trabajo vacantes, para puestos de trabajo de un determinado ámbito o para puestos de trabajo concretos, en atención a las necesidades del servicio. En todo caso, no se incluirán en ellos los puestos de trabajo que tengan adscrito personal funcionario de carrera por motivos de salud o rehabilitación o por motivos de violencia de género.*

*No obstante, el personal funcionario de carrera que esté adscrito por motivos de salud o rehabilitación a un puesto de trabajo en distinta localidad de aquella en la que tenga su destino definitivo estará obligado a participar en los concursos de provisión, para puestos adecuados a su cuerpo o escala, que se convoquen y a solicitar todos los puestos situados en la misma localidad del puesto al que figure adscrito provisionalmente.*

*El incumplimiento de esta obligación determinará el cese en el puesto en el que figure adscrito por motivos de salud o rehabilitación.*

*Lo dispuesto en este apartado será de aplicación en exclusiva a los puestos de personal funcionario de administración general y especial. En el caso del personal funcionario de la Administración de justicia, personal docente o personal estatutario del sistema de salud, no será de aplicación directa, y se observará su regulación específica.*

*3. Para la valoración de los méritos, capacidades y, en su caso, aptitudes de los candidatos, se crearán comisiones de valoración, con la composición y el régimen de funcionamiento que se determinen reglamentariamente, garantizándose en los casos de los concursos ordinarios la participación de la representación del personal. La composición de estos órganos responderá a los principios de profesionalidad y especialización de sus miembros y se adecuará al criterio de paridad entre hombre y mujer. Su funcionamiento se ajustará a los principios de imparcialidad y objetividad.*

*4. Las convocatorias para proveer puestos de trabajo por concurso deben incluir, en todo caso, los siguientes datos y circunstancias:*

*a) La identificación de los puestos que se oferten.*

*b) Los requisitos necesarios para participar en la convocatoria.*

*c) El baremo de méritos.*

*5. En el ámbito de la Administración general de la Comunidad Autónoma de Galicia y de las entidades públicas instrumentales del sector público autonómico, los concursos para la provisión de puestos de personal funcionario de carrera deberán resolverse en el plazo de seis meses, a contar desde la publicación de las listas definitivas de personas admitidas y excluidas."*

O artigo 90 da mesma norma determina as condicións do concurso ordinario, establecendo que:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

*"1. El concurso ordinario es el procedimiento general de provisión de los puestos de trabajo que no tengan establecida otra forma de provisión en la relación de puestos de trabajo.*

*2. El personal funcionario de carrera que ocupe con carácter definitivo un puesto de trabajo obtenido por concurso debe permanecer en él un mínimo de dos años para poder participar en los concursos ordinarios regulados en este artículo.*
*En el supuesto del personal funcionario de nuevo ingreso, es requisito necesario para poder participar en estos concursos, en todo caso, una antigüedad mínima de dos años desde el nombramiento como personal funcionario de carrera.*
*El personal que haya adquirido la condición de personal funcionario de carrera al amparo de la disposición transitoria primera de la presente ley y la normativa de desarrollo de la misma podrá participar en los concursos ordinarios regulados en este artículo desde el momento de dicha adquisición, siempre que tenga una antigüedad mínima de dos años en la categoría profesional equivalente al cuerpo o escala en la que se realizó su funcionarización.*
*Número 2 del artículo 90 redactado por el número ocho del artículo 6 de la Ley 18/2021, 27 diciembre, de medidas fiscales y administrativas («D.O.G.» 31 diciembre).Vigencia: 1 enero 2022*
*3. En los concursos ordinarios se tendrán en cuenta únicamente los méritos y capacidades y, en su caso, aptitudes exigidos en la correspondiente convocatoria, entre los que figurarán de manera necesaria los que se determinen reglamentariamente."*
O procedemento de provisión de postos mediante concurso ordinario vén desenvolto polo RD 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento General de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado nos arts. 39 a 50; así como na lexislación autonómica polo Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico no seus arts. 9 a 19.

Será de aplicación o Acordo Regulador de condicións económicas e sociais dos funcionarios do Concello de Vigo e Convenio colectivos do persoal laboral xa citados, na forma e nos termos que o art. 9,3 CE 1978 (xerarquía normativa) determine; debendo adaptarse ás previsións do I Plan de Igualdade do Concello de Vigo así como ás do Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamiento del sector público por medios electrónicos, e á vixente Ordenanza Municipal de Administración Electrónica do Concello de Vigo.

## III.- NEGOCIACIÓN COLECTIVA

De conformidade co artigo 37.2, apartado e) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP) están expresamente excluídas da obrigatoriedade da negociación as seguintes materias: *e) La regulación y determinación concreta, en cada caso, de los sistemas, criterios, órganos y procedimientos de acceso al empleo público y la promoción profesional.*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 53 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

A proposta de criterios xerais para a execución das convocatorias de provisión de postos mediante o sistema de concurso ordinario dos postos de traballo A1 e A2 obxecto do presente expediente foi sometida a negociación colectiva na sesión ordinaria da Mesa Xeral de Negociación de data 29/07/2025, tal e como se ten exposto nos antecedentes.

A proposta foi sometida a votación quedando vinculada á modificación nos termos negociados, segundo o teor literal da certificación do acordo que obra incorporada ao expediente, que é a seguinte:

*"RESULTANDO DA VOTACIÓN DA PROPOSTA COAS MODIFICACIÓNS INIDCADAS*

*Votos a favor, Concello (4), CSI-CSIF (1,3) UXT (1,00), CCOO (0,9) e CIG (0,8)*
*Votos en contra: ningún*
*Abstención: ningún*

*E por isto que as partes integrantes da mesa común de negociación para o persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo acadan consenso na negociación da proposta de criterios xerais reitores do concurso ordinario para a provisión de postos de traballo A1 e A2 (Escala De Administración Xeral e Especial) E C1, C2 E AP."*

**IV.-SOMETEMENTO Á PRECEPTIVA FISCALIZACIÓN PREVIA DA PROPOSTA**

Non se estima necesaria a fiscalización previa de gasto conforme ó establecido no R.D Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (artigos 213 a 223) e Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, dado que o acordo proposto non resulta susceptible de xerar obrigas económicas a futuro para o Concello de Vigo, debendo salientar que as convocatorias e bases que se tramiten no marco da execución dos procedementos de provisión definitiva de postos de traballo sí conforman materia obxecto de fiscalización previa e preceptiva, e deberán ser, en consecuencia, fiscalizadas pola Intervención Xeral Municipal.

**V.- COMPETENCIA**

O art. 4.1.a) e c) da LBRL recoñécelles aos municipios, entre outras, respectivamente, as potestades públicas de autoorganización e as de programación e planificación.

O órgano competente para a aprobación de convocatorias e as súas bases no ámbito da xestión do persoal municipal é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En consecuencia, e coa conformidade das Concellerías competentes en materia de recursos humanos, sométese á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**“PRIMEIRO.-** Aprobar os criterios xerais reitores para a provisión mediante concurso ordinario dos postos de traballo correspondentes aos subgrupos A1 e A2 de titulación (Escala de Administración Especial) e C1, C2 e AP (Escalas de Administración Xeral e Especial) do Concello de Vigo, tras o proceso de diálogo social desenvolto en sesión de

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

data 29/07/2025 e trámites de audiencia obrantes no expediente, e de conformidade co informe-proposta que antecede; criterios que se incorporan como ANEXO I e que forman parte inseparable do presente acordo.

**SEGUNDO.-** Ordenar a realización das publicacións nos diarios oficiais que correspondan, dispoñendo a súa inserción no Taboleiro de anuncios e edictos, na web municipal e no Portal de transparencia do Concello de Vigo aos efectos do seu público coñecemento.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo que resulten competentes, no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ANEXO I**

"CRITERIOS XERAIS REITORES DO CONCURSO ORDINARIO PARA A PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO A1 E A2 (ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL) E C1, C2 E AP (ESCALAS DE ADMINISTRACIÓN XERAL E ESPECIAL)

**1– Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)**

O grao persoal consolidado como persoal funcionario do Corpo/Escala desde o que se participa valorarase en relación co nivel do posto ao que se convoca ata un máximo de 4 puntos do seguinte xeito:

Pola posesión dun grao persoal superior ao do posto solicitado: 4 puntos.
Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado: 3 puntos.
Pola posesión dun grao persoal inferior nun grao ao do posto solicitado: 2 punto.
Pola posesión dun grao persoal inferior en dous graos ao do posto solicitado: 1 puntos.

A cualificación máxima por este apartado non poderá ser superior a 4 puntos.

**2.- Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)**

Valorarase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo no Concello de Vigo e os seus organismos autónomos, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de funcionario ou funcionaria de carreira, ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

S.ord. 24/10/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados.

**3.- Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante ( ata un máximo de 1 puntos)**

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.

- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.

- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.

- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.

A cualificación máxima por este apartado non poderá ser superior a 1 puntos.

**4.- Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos).**

Valorarase a posesión de titulacións académicas oficiais, sempre que sexan distintas á requirida para o ingreso ao corpo desde o que se concurse e sexan de igual ou superior nivel académico conforme o seguinte baremo.

a) Doutorado: 1,00 puntos.
b) Master o titulacións equivalentes correspondentes ao nivel 3 do Marco español de cualificacións para a educación superior (MECES) (licenciatura universitaria, enxeñería, arquitectura): 0,80 puntos.
c) Grao ou titulacións equivalentes correspondentes ao nivel 2 do MECES (diplomatura universitaria, enxeñería técnica, arquitectura técnica):0,60 puntos
f) Técnico superior: 0,40 puntos.
g) Bacharelato ou equivalente: 0,30 puntos.
h) Graduado en ESO ou equivalente: 0,20 puntos.
i) Certificado de profesionalidade:0,10 puntos.

Para os efectos de equivalencia de titulacións, só se admitirán as establecidas polo Ministerio competente en materia de educación con carácter xeral, e válidas para todos os efectos, sempre que se indique expresamente a disposición en que se establece a equivalencia e o BOE en que se publica.

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

A cualificación máxima por este apartado non poderá ser superior a 3 puntos.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

**5.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 5 puntos).**

O desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación valorarase conforme se indica a continuación:

a) Pola prestación efectiva de servizos, con destino definitivo, adscrición provisional ou en comisión de servizos en postos de traballo no/a mesmo/a área/servizo/oficina/ unidade administrativa do posto ou postos solicitados e de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ou postos aos que se concursa: 0,06 puntos por cada mes completo.

b) Pola prestación efectiva de servizos, con destino definitivo, adscrición provisional ou en comisión de servizos en postos de traballo no/a mesmo/a área/servizo/oficina/ unidade administrativa do posto ou postos solicitados e de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao do posto ou postos aos que se concursa: 0,045 puntos por cada mes completo.

c) Pola prestación efectiva de servizos, con destino definitivo, adscrición provisional ou en comisión de servizos en postos de traballo de distinto/a área/servizo/oficina/unidade administrativa do posto ou postos solicitados e de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ou postos ao que se concursa: 0,03 puntos por cada mes completo

d) Pola prestación efectiva de servizos, con destino definitivo, adscrición provisional ou en comisión de servizos en postos de traballo de distinto/a área/servizo/oficina/ unidade administrativa do posto ou postos solicitados e de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ou postos ao que se concursa: 0,03 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional adquirida mediante prestación efectiva de servizos en comisión de servizos valorarase en todo caso coa limitación da duración máxima legalmente prevista.

A cualificación máxima por este apartado non poderá ser superior a 5 puntos.

**6.- Cursos de formación e perfeccionamento (ata un máximo de 5 puntos).**

Valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento relacionados directamente coas funcións propias do posto ao que se aspira convocado e nos que se expida diploma, certificado de asistencia, ou certificado de aproveitamento, conforme ao seguinte baremo.

| **Duración** | **Puntuación** |
|---|---|
| 5 a 20 h | 0,10 |
| 21 a 50 horas | 0,20 |
| 51 a 100 horas | 0,50 |
| 101 a 150 horas | 0,70 |
| 151 a 200 horas | 1 |
| Máis de 200 horas | 1,5 |



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado
Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 57 de 143
1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Valorarse a superación de cursos organizados e impartidos directamente pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), a Axencia de Coñecemento en Saúde (Acis), o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), as escolas oficiais de formación similares das restantes comunidades autónomas; universidades; os cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (AFEDAP) e os cursos impartidos polas organizacións sindicais, colexios profesionais e administracións públicas; e polas Universidades, nos termos do disposto na normativa educativa que resulte de aplicación.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 5 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Nos cursos de informática, valoraranse aqueles cuxos diplomas estean expedidos con posterioridade ao ano 2000. Igualmente, deberán valorarse polo seu carácter transversal os cursos en materia de linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Polo seu carácter obrigatorio, non serán obxecto de baremación os cursos básicos en materia de prevención de Riscos Laborais.

A puntuación máxima a acadar  será dun máximo de 5 puntos.

**7.- Nivel de coñecemento da lingua galega (ata un máximo de 2 puntos)**

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- Curso de iniciación de galego, Celga 3 ou equivalente:0,50 puntos.
- Curso superior de perfeccionamento de galego, Celga 4 ou equivalente: 0,75
- Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 punto.
- Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.

Só se valorará o título de maior nivel.

Só se concederá validez aos cursos, estudios ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 2,00 puntos

**CRITERIOS DESEMPATE**

En caso de empate na puntuación, dirimirase conforme os seguintes criterios:

1. En primeiro lugar, cando nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría do Concello de Vigo  se verifique a infrarrepresentación do sexo feminino, terá preferencia a muller.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

Enténdese por infrarrepresentación cando exista no corpo, escala, grupo ou categoría unha diferencia porcentual de polo menos 20 puntos entre o número de mulleres e o de homes.

2. En segundo lugar, terán preferencia aquelas persoas funcionarias de carreira que estean adscritas con carácter provisional na data de publicación da convocatoria en relación aos postos que están adscritos.

3. En terceiro lugar, atenderase á puntuación total obtida nos méritos de necesaria valoración que son a antigüidade, a valoración do traballo desenvolvido e o coñecemento da lingua galega.
Noutros termos, atenderase a suma da puntuación obtida nos 3 méritos sinalados, de tal forma que quen teña maior puntuación global terá preferencia.

4. E por último, de persistir o empate, decidirá a maior antigüidade do persoal funcionario no Concello de Vigo."

**10(806).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE BASES ESPECÍFICAS E CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO DUNHA PRAZA DE AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO 2017, 2018 E 2019. EXPTE. 47330/220.**

Visto o informe de fiscalización de data 17/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 29/09/2025, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I.-** Con data 28/12/2017, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, adoptou o acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público 2017 - exped. 29567/220- (publicacións oficiais no BOP de data 29/12/2017 e rectificacións no BOP 26/04/2018 e 14/08/2019 e DOGA 21/06/2018 e 12/09/2019).

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, en sesión do 23/11/2018, aprobou a Oferta de Emprego Público municipal para o ano 2018 – exped. 31180/220-, (publicacións oficiais no BOP do 26/11/2018 e no DOG 25/01/2019)- Resolución recurso de reposición contra o acordo de XGL de 23/11/2018 (BOP nº 27 07/02/2019 e DOGA nº 35 19/02/2019)

A Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2019 foi aprobada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30/08/2019 – exped. 33237/220 – (publicacións oficiais BOP 11/09/2019 e DOGA 25/09/2019).

Das ofertas 2017-2018-2019 resultaban pois ofertadas un total de 8 prazas de auxiliar de administración xeral procedentes de: 2 libres + 3 promoción interna OPE 2017; 3 libres OPE 2018 e ningunha de 2019.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 59 de 143 |
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**II.-** As devanditas ofertas de emprego de 2017, 2018 e 2019 executáronse en tres fases correspondentes cos expedientes de bases e convocatorias seguintes: 1ª Fase. Bases xerais (expediente.34733/220) aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local, de 12/03/2020, e a convocatoria e bases específicas das prazas do SPEIS e Policía Local exclusivamente, acordo publicado no BOPP de 07/07/2020 e DOG 12/08/2020), bases que foron rectificadas por acordo do mesmo órgano municipal de data 2 de outubro de 2020, (BOPP 26/10/2020). 2ª Fase (expediente 36498/220) aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 05/11/2020 (BOPP 17/11/2020 e DOG 02/12/2020); e 3ª Fase (expediente 38308-220) aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local do 11/08/2022 (BOPP 20/09/2022 e DOG 14/10/2022).

**III. -** No último expediente, foron incluídas as prazas de auxiliar de administración xeral (promoción interna, incluídas na OEP 2017).

Con carácter previo á elaboración das bases e da convocatoria desta 3ª fase, no expediente realizouse unha verificación de se as prazas inicialmente incluídas nas OEP 2017, 2018 e 2019 foran consideradas na oferta de estabilización aprobada no expediente núm. 39998-220. Así, consta informe de verificación de data do 22/06/2022 (incorporado no trámite 110 do expediente 38308/220), con base no informe do 25/05/2022 elaborado pola consultora adxudicataria Galivalia (incorporado no trámite 5 do 39998-220).

Con carácter previo á aprobación das Bases específicas e convocatoria para cobertura das prazas incluídas nas Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2017, 2018, 2019 (3ª fase), ao amparo do artigo 82 da Lei 39/2015, procedeuse a publicar no BOPP de data 08/07/2022, o seguinte trámite:

*"Outorgar trámite de audiencia ao obxecto de que posibles interesados, no prazo de 10 días seguintes á publicación do presente documento na páxina web municipal e Boletín oficial da Provincia de Pontevedra, podan formular as alegacións que teñan por conveniente logo de aportar a documentación que consideren oportuna.*
*Acordar excluír da convocatoria das OEPs 2017, 2018 e 2019 (anuncio audiencia previa BOPPO nº 130 08/07/2022):*
*• As prazas que se incluirán na referida convocatoria serán as correspondentes á Ofertas de Emprego Público 2017, 2018, 2019 (3ª fase), logo de detraer:*
*• As prazas que no apartado de observacións das Ofertas de Emprego Público publicadas, consta "DT 4ª, persoal indefinido, ou proceso de estabilización de emprego".*
*• As prazas incluídas na Oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo (expte 39.998-220) BOPPO n º 103 de 31/05/2022, no caso de que as prazas a estabilizar estean ocupadas con persoas que ocupan vacantes de prazas incluídas en algunha das OEP 2017, 2018 e 2019.*

-Recollíase, entre outras, as prazas da seguinte categoría:

*"-Auxiliar de administración xeral: 3 promoción interna (1 reservada para persoas con diversidade funcional).*

**IV.-** Posteriormente ao trámite de audiencia indicado, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 11 de agosto de 2022, acordou (BOPP 20/09/2022):

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

*“PRIMEIRO.- Aprobar, de conformidade co informe que antecede, a convocatoria e bases específicas dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2017, 2018 e 2019, (cuxas Bases xerais dos referidos procesos selectivos, foron aprobadas en sesión de XGL de data 12/03/2020–BOPPO nº 128 de 07/07/2020 -), na 3ª fase:*

***AUXILIAR ADMINISTRACIÓN XERAL***
***I.—NÚMERO DE PRAZAS: 3 (tres pola quenda de promoción interna****, unha delas reservada a persoas con diversidade funcional)” (...).*

**V.-** Con data 03/09/2025 recíbese dilixencia de data 29/08/2025 da xefatura de RRHH e Formación segundo a cal: ***“****Verificada a falta de convocatoria de 1 praza de categoría auxiliar/ administrativa, encadrada nas ofertas de emprego público 2017-2018-2019 xa rematadas, que se atopa interinamente cuberta no Servizo de Estatística; e recabada a información correspondente no marco do expediente administrativo nº 46.090-220; pola presente ordénase* ***a realización das actuacións que en estricta legalidade procedan para a cesación da situación detectada, con carácter prioritario e preferente.”***

**VI.-** Consta informe de data 08/04/2025 emitido a solicitude da xefatura, do técnico de administración xeral sobre “presunta falta de convocatoria dunha praza de categoría auxiliar administrativa (subgrupo C2)” que conclúe que:

*"Á vista de todo exposto e analizado, pasan a informase os distintos puntos recollidos na petición de informe realizada pola xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación;*

- *identificación da praza, do concreto posto de traballo de asociado, e da área ou servizo funcional de dependencia,*

*A praza de auxiliar de administración xeral, subgrupo C2, referida no presente informe, está asociada ao posto da RPT con código 377, dotación 11, Auxiliar atención ao publico ventanilla, na unidade 234 Estatística, no que que figura actualmente adscrita a empregada con número de persoal 83873.*

- *indicación da concreta oferta de emprego público na cal foi incluída dita praza, con cita da data de aprobación e publicación do acordo de aprobación e das modificacións ou rectificacións de erros que puidesen ter sido acordadas.*

*-Dita praza fora incluída na Oferta de Emprego Público 2018 aprobada pola Xunta de Goberno Local en data 23/11/2018, na que se incluían 3 prazas de auxiliares de administración xeral (subgrupo C2) pola quenda libre (acordo publicado no BOPP 26/11/2018 e DOG 25/01/2019).*

*-O mesmo órgano, na sesión extraordinaria e urxente do 21 de xaneiro de 2019, acordou a resolución do recurso de reposición interposto contra acordo do 23/11/18, polo que se aproba a Oferta de emprego público do Concello de Vigo para o ano 2018, sen que afecte ás vacantes de auxiliar previamente ofertadas ( acordo publicado no BOPP 07/02/2019 e DOG 19/02/2019).*

*-Non consta que dita praza fose obxecto de convocatoria en ningunha das tres fases nas que se executou a OEP 2017-2018-2019.*

- *indicación de si dita praza pode ter sido doblemente computada no marco dos procesos para a estabilización do emprego temporal, consonte aos informes emitidos no marco do expe-*

S.ord. 24/10/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

*diente 39.998-220 (trámites 5 e 6) e 39.712-220 (trámites 3, 6, 13, 24, 35, 41, 50, 52, 76, 87, 104 e 105).*

*- De toda a documentación analizada e conforme ao informe da técnica de Avaliación e Formación de data 05/03/202 transcrito no presente informe, non consta que fose detraída da Oferta de emprego público 2018 para a súa posterior inclusión na Oferta de estabilización de emprego temporal no concello de Vigo no expediente 39998-220.*

- *de verificarse a existencia de 1 praza interinamente cuberta non incluída en ningunha convocatoria, indicación das actuacións a desenvolver, instándose pola xefatura a realización das actuacións administrativas procedentes para o debido cumprimento de obrigas normativas por parte do Concello de Vigo.*

*-Toda vez superados os prazos de execución previstos no artigo 70 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de octubre, polo que se aprueba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empreado Público (TREBEP), as vías que poderían darse son:*

- *Proceder á súa convocatoria se se puidesen xustificar "razóns poderosas" que poidan rachar o carácter invalidante do incumprimento do prazo establecido no artigo 70 do TREBEP (STS 10/12/2018 (recurso 129/2016) e STS 12/12/2019 (recurso 3554/2017). En este suposto a persoa interina podería continuar ata a execución do proceso convocado no que a vacante sexa ocupada por persoal funcionario de carreira nomeado a tales efectos.*

- *En outro caso, procedería declarar a caducidade única e exclusivamente referida a dita praza que foi ofertada na OEP 2018 e que non consta convocada. De sarse este suposto, para poder proceder a súa convocatoria, sería necesaria a previa inclusión nunha nova oferta de emprego. A caducidade da praza ofertada conlevaría a finalización da interinidade conforme ao artigo 10.3 do TREBEP, sen prexuízo da salvagarda dos dereitos que lle poidan corresponder á persoa interesada conforme á normativa de aplicación. Tendo en conta ademais que os criterios xerais sobre ofertas do emprego público, son materia obxecto de negociación conforme ao disposto no artigo 37.1 l) do citado TREBEP, no suposto de considerarse máis axustada esta opción, estimaríase necesaria conceder audiencia previa ás representacións sindicais que forman parte actualmente da Mesa de negociación de asuntos comúns a persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo.*

*Sexa cal o procedemento a seguir, deberáselle dar audiencia en todo momento á funcionaria interina con número de **Persoal 83873** na defensa dos seus dereitos e intereses, por ter a condición de interesada conforme ao artigo 4 da LPACAP.*

*O que se informa salvo mellor criterio fundado en Dereito e sen prexuízo de calquer cuestión ou circunstancia que, por erro ou omisión, este técnico poida descoñecer ou ignorar referida á tramitación das Ofertas acumuladas dos anos 2017-2018-2019 e as súas posteriores convocatorias e da oferta e convocatorias da Oferta de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo."*

**VII.-** Consta igualmente informe de ampliación de informe de data 19/08/2025, no que se conclúe que:

*"- Con respecto a se a caducidade dunha oferta de emprego público conforma materia de negociación colectiva, aclárase que en ningún momento se determina por este técnico no informe cuxa aclaración que agora se solicita, que a caducidade da oferta teña que ser obxecto de negociación, o que se recollía era que, dado que a aprobación da oferta si é materia obxecto de negociación conforme ao artigo 37.1 l) do TREBEP, (como foi neste caso a oferta de emprego público 2018) no suposto de entender que se produciu a caducidade (referida unicamente con respecto á praza analizada) estimábase necesaria conceder un trámite de audiencia previa ás representacións*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

*sindicais que forman parte actualmente da Mesa de negociación de asuntos comúns a persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo, no marco da boa fe negocial e o deber de información mútua recollidos no artigo 33.7 do TREBEP, en relación igualmente co disposto no artigo 3.1 e) da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, que lle impón á administración o deber de actuación conforme á e boa fe e confianza lexítima.*

*Cómpre lembrar ademais o carácter excepcional do instituto da caducidade, que non se pode considerar como un acto de execución da oferta de emprego, senón como unha "anómala" forma de rematar o procedemento.*

*Polo tanto, non se trata dun acto sometido a negociación colectiva pero considérase oportuno un trámite de audiencia previo ao órgano partícipe na negociación da oferta 2018 cuxa caducidade parcial se podería agora apreciar.*

*- No que atinxe a análise da viabilidade de inclusión da praza identificadada como pertencente a unha oferta de emprego público xa executada na oferta de emprego público 2025, actualmente en instrucción en expediente nº 45.859-220, para proceder á súa pública convocatoria consonte á normativa vixente, infórmase que, para optar por esta opción, debería considerarse previamente que se produxo a caducidade parcial referida únicamente da praza de auxiliar de administración xeral analizada e ofertada na OEP 2018, o que conlevaría a finalización da interinidade da funcionaria interina con número de* ***Persoal 83873,*** *conforme ao artigo 10.3 do TREBEP, sen prexuízo da salvagarda dos dereitos que lle poidan corresponder á persoa interesada conforme á normativa de aplicación.*

*Polo tanto, toda vez que se solvente a posible apreciación da caducidade parcial (referida exclusivamente á praza ofertada pero non convocada) e da situación da persoa interina, que deberá determinarse no procedemento que corresponda, a vacante, unha vez liberada dunha oferta anterior, sería susceptible de ser incluída na oferta de emprego público 2025, respectando en todo caso o cálculo da taxa de reposición de efectivos segundo o previsto no marco normativo de aplicación, consonte á normativa vixente.*

*O que se informa salvo mellor criterio fundado en Dereito e sen prexuízo de calquer cuestión ou circunstancia que, por erro ou omisión, este técnico poida descoñecer ou ignorar referida á tramitación das Ofertas acumuladas dos anos 2017-2018-2019 e as súas posteriores convocatorias e da oferta e convocatorias da Oferta de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo."*

**VIII.-** En data 09/09/2025 realízase trámite de audiencia a interesada do seguinte tenor literal:

*"Entendese que procede a actuación proposta en primeiro lugar, é dicir a "convocatoria da praza, e que a persoa interina continúe ata a execución do proceso convocado no que a vacante sexa ocupada por persoal funcionario de carreira nomeado a tales efectos".*

*Elo polas razóns seguintes:*

***1.-*** *O artigo 70 do mesmo TREBEP recolle que: "En todo caso, la ejecución de la oferta de empleo público o instrumento similar deberá desarrollarse dentro del plazo improrrogable de tres años". A este respecto cómpre citar as Sentenzas do Tribunal Supremo, STS 10/12/2018 (recurso 129/2016) e STS 12/12/2019 (recurso 3554/2017), nas que se recoñece o carácter esencial do prazo de tres anos deste artigo 70 do TREBEP.*

*Mais recentemente a Sentenza do Tribunal Supremo de 9 de xullo de 2025, que conclúe que "execución" da OEP implica realizar actos de desenvolvemento e tal desenvolvemento co que se executa a oferta supón que se de efectividade ao que esta planifica, e que de este modo, no prazo de 3 anos dende súa aprobación se leve a sua debida execución. Así concretamente dita a referida Sentenza: "Pues bien, los obiter dicta de las sentencias antes expuestas más la evolución de la normativa también expuesta, permiten avanzar en la interpretación del artículo 70.1 del EBEP y, dentro del recto entendiendo del instituto de la OEP como instrumento para la dotación de me-*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 63 de 143
1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*dios humanos a las Administraciones públicas, concluir que el desarrollo de la ejecución de un OEP implica, primero, que partiendo de la declaración de puestos vacantes preexistentes o de nueva creación, se programe su provisión; seguidamente, que esa provisión se haga efectiva mediante convocatorias públicas, de ahí que para su efectiva provisión el artículo 70.1 del EBEP prevea un plazo razonable, lo que no quita para que, justificada y excepcionalmente, sea admisible un retraso en ese proceso.*

*En consecuencia y, a efectos del artículo 93,1 de la LJCA, declaramos – como regla general – que el plazo de tres años del artículo 70.1 del EBEP, se cumple cuando el proceso selectivo convocado para ejecutar la OEP se desarrolle íntegramente dentro de ese plazo...”/*

***2.-** As prazas das OPE 2017, 2018, 2019 (3ª fase), polas circunstancias que constan no expediente, convocáronse no ano 2022. Concretamente as de auxiliar de administración xeral, correspondían a OEP 2017 (quenda de promoción interna), e 2018 (quenda libre). Polo tanto foron convocadas e tramitadas transcorrido o prazo de execución ordinario, sen que se produxeran impugnacións ou anulacións xudiciais.*

*Na convocatoria, segundo conclúe o informe de data 08/04/2025, e por un erro da Administración, deixouse sen convocar unha praza correspondente a OEP 2018, praza que está actualmente ocupada por unha interina.*

*Nestas circunstancias anteriormente descritas, a pesar de deixar constancia da falta de dilixencia da persoa interina, que logo do trámite de audiencia efectuado con carácter previo a convocatoria da OEP 2017, 2018, 2019 (3º fase), non detectou a falta da praza que ela ocupaba. A non convocatoria de esa praza concreta, suporía un trato discriminatorio sen unha xustificación obxectiva que restrinxiría o dereito da interina a acceder en condicións de igualdade á función pública, privando da oportunidade da afectada de presentarse á praza que ocupa, dereito que si tiveron as demais persoas interinas que estaban na súa mesma situación.*

*Cesar a interina declarando caducada a oferta de emprego, suporía un efecto arbitrario prohibido polo artigo 9.3 da Constitución española. Elo a pesar da falta de dilixencia da persoa interesada, que poderíase xustificar na complexidade que supuxo a execución 3ª fase do emprego público, na que se consideraron prazas posteriormente incluídas na oferta de estabilización, e que foi necesario detraer. O atraso da convocatoria da praza deriva dun erro da administración e elo non debería prexudicar a oportunidade da interina que ocupa a praza a presentarse a mesma.*

*En atención ao exposto, considerase xuridicamente mais conforme cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, proceder a convocatoria da praza ocupada pola interina en execución da OEP 2018 a maior brevidade para reducir a temporalidade e garantir o acceso en igualdade á función pública.*

*Por conseguinte, ao amparo do previsto no artigo 82.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, outórgaselle un prazo de 10 días para presentar a documentación ou alegacións que teña por conveniente na defensa dos seus dereitos e intereses, con carácter previo á resolución que proceda.”*

**IX.-** Recibida a notificación o día 12/09/2025, a salvo de erro ou omisión, consultado o programa informático de xestión de expedientes, non consta a presentación de alegacións no prazo outorgado.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### I.- As Ofertas de Emprego Público e a súa execución: marco legal e previsións ao respecto.

As Administracións Públicas están suxeitas no seu funcionamento aos principios constitucionais de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con somete-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

mento pleno á Lei e ao Dereito (artigo 103.1 CE 1978), rexendo os principios de interdicción da arbitrariedade (artigo 9.3) e legalidade, debendo en consecuencia a Administración Pública garantir a plena observancia de que os procesos selectivos se desenvolvan garantindo os principios de igualdade, mérito, capacidade, transparencia, publicidade e concorrencia competitiva recollidos no artigo 55 do Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e demais normativa sectorial de concordante aplicación.

As peculiaridades da función pública local contémplanse, con carácter xeral, na lexislación básica sobre réxime local; así, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, preceptúa nos seus artigo 100 que:

*“1. Es competencia de cada Corporación local la selección de los funcionarios con la excepción de los funcionarios con habilitación de carácter nacional.*
*2. Corresponde, no obstante, a la Administración del Estado, establecer reglamentariamente:*

> *a) Las reglas básicas y los programas mínimos a que debe ajustarse el procedimiento de selección y formación de tales funcionarios.*
>
> *b) Los títulos académicos requeridos para tomar parte en las pruebas selectivas, así como los Diplomas expedidos por el Instituto de Estudios de Administración Local o por los Institutos o Escuelas de funcionarios establecidos por las Comunidades Autónomas, complementarios de los títulos académicos, que puedan exigirse para participar en las mismas.”*

En igual senso, o artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección do persoal funcionario de Administración Local, establecendo expresamente que:
*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*
A vocación unificadora do poder lexislativo en materia de función pública ten sido manifestada pola xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal,en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"*FD CUARTO.-*

*(….) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas:* ***1º)*** *cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (…....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 65 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público,* ***en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal*** *a la legislación autónomica sobre función pública.”*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirma que:

*“......según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (…......) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que* ***la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución****.”*

As ofertas de emprego público constitúen elementos esenciais da ordenación de recursos humanos no sector público, dentro da actividade de planificación de recursos humanos, cuxo obxectivo fundamental é o de contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión adecuada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade.

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público, regula as ofertas de emprego público no seu artigo 70, establecendo que:

*“1. Las necesidades de recursos humanos, con asignación presupuestaria, que deban proveerse mediante la incorporación de personal de nuevo ingreso serán objeto de la Oferta de empleo público, o a través de otro instrumento similar de gestión de la provisión de las necesidades de personal, lo que comportará la obligación de convocar los correspondientes procesos selectivos para las plazas comprometidas y hasta un diez por cien adicional, fijando el plazo máximo para la convocatoria de los mismos.* ***En todo caso, la ejecución de la oferta de empleo público o instrumento similar deberá desarrollarse dentro del plazo improrrogable de tres años*****.**

*2. La Oferta de empleo público o instrumento similar, que se aprobará anualmente por los órganos de Gobierno de las Administraciones Públicas, deberá ser publicada en el Diario oficial correspondiente.*

*3. La Oferta de empleo público o instrumento similar podrá contener medidas derivadas de la planificación de recursos humanos.”*

O Informe da Comisión de Persoal Experto constituída para a elaboración do borrador técnico de Estatuto Básico do Empregado Público, designado por Orde APU 3018/2004, do 16 de decembro, xa sinalaba, con respecto ás ofertas de emprego público, a necesidade de es-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

tablecemento dun prazo para a sua execución, aos efectos de evitar irregularidades[1], lembrando a obriga de convocar as prazas ofertadas no prazo máximo que se establecese ao efecto, e aconsellando que se contemplase este no desenvolvemento normativo do EBEP. O certo é que a redacción final da norma contempla un prazo de 3 anos para a súa execución, sen dúbida coa finalidade de garantir a efectiva materialización do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade que toda persoa que reúna os requisitos ao efecto ten, sen que ese dereito poda ser susceptible de non materializarse por dilación ou ineficiencia imputables á Administración.

Os procesos de desenvolvemento normativo do EBEP prolongáronse durante anos dende a súa entrada en vigor (12/05/2007) e non foi ata o ano 2015 -tras efectuar certas adaptacións de relevancia a través do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, do texto refundido da Lei de Función pública de Galicia- cando o lexislador da nosa Comunidade Autónoma de Galicia procedeu á aprobación da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego público de Galicia, en exercicio das competencias que ten atribuídas na materia.

A dita norma contempla no seu artigo 48, con carácter xeral, en desenvolvemento do previsto no artigo 70 do TREBEP, e polo que atinxe ás ofertas de emprego público, que:

*"1. Las necesidades de recursos humanos con asignación presupuestaria que no puedan ser cubiertas con los efectivos de personal existentes, incluidas las vacantes desempeñadas por personal funcionario interino o laboral temporal, serán objeto de oferta de empleo público, lo que comportará la obligación de convocar los correspondientes procesos selectivos para las plazas comprometidas y hasta un diez por ciento adicional, salvo que se decida su amortización, estén incursas en un procedimiento de provisión de puestos de trabajo por concurso o, en el caso del personal docente, la planificación educativa lo impida.*
*2. En las ofertas de empleo público se reservará un porcentaje no inferior al siete por ciento de las plazas convocadas para ser cubiertas entre personas con discapacidad, siempre que superen las pruebas selectivas y acrediten su discapacidad y la compatibilidad de esta con el desempeño de las tareas y funciones, de forma que progresivamente se alcance el dos por ciento de los efectivos totales de cada Administración pública incluida en el ámbito de aplicación de la presente ley.*

*La reserva del mínimo del siete por ciento se realizará de manera que, al menos el dos por ciento de las plazas ofertadas lo sea para ser cubiertas por personas que acrediten discapacidad intelectual, y el resto de las plazas ofertadas lo sea para personas que acrediten cualquier otro tipo de discapacidad.*

*La reserva se hará sobre el número total de las plazas incluidas en la respectiva oferta de empleo público, pudiendo concentrarse las plazas reservadas para personas con discapacidad en aquellas convocatorias que se refieran a cuerpos, escalas o categorías que se adapten mejor a las peculiaridades de las personas con discapacidad. Cuando de la aplicación de los porcentajes resulten fracciones decimales, se redondearán por exceso para su cómputo.*

1 Vid. Páxina 74 do Informe da Comisión.

S.ord. 24/10/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

*Si las plazas reservadas y que fueron cubiertas por las personas con discapacidad no alcanzasen el porcentaje del tres por ciento de las plazas convocadas en la correspondiente oferta de empleo público, las plazas no cubiertas del número total de las reservadas se acumularán al porcentaje del siete por ciento de la oferta siguiente, con un límite máximo del doce por ciento.*

*3. Las ofertas de empleo público pueden prever que las plazas reservadas para personas con discapacidad se convoquen conjuntamente con las plazas ordinarias o mediante convocatorias independientes, garantizándose, en todo caso, el carácter individual de los procesos selectivos. Las pruebas de los procesos objeto de convocatoria independiente tendrán el mismo contenido que las que se realicen en las convocatorias ordinarias y las personas que participen en ellas deberán acreditar el grado de discapacidad indicado. Las plazas incluidas en estas convocatorias se computarán en el porcentaje reservado en la oferta de empleo público para su cobertura entre personas con discapacidad.*

*4. **Una vez aprobada y publicada la oferta de empleo público, los respectivos procesos selectivos se convocarán en el plazo máximo fijado en la misma. En todo caso, la ejecución de la oferta de empleo público debe desarrollarse dentro del plazo improrrogable de tres años, a contar a partir del día siguiente al de la publicación de aquella en el correspondiente diario oficial.***

*5. La oferta de empleo público podrá contener medidas derivadas de la planificación de recursos humanos.”*

Dentro do Título X, denominado “Especialidades do persoal ao servizo das entidades locais” a norma autonómica contempla que:

*“1. Las entidades locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a los criterios fijados en la normativa básica estatal, así como a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de aquella para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las administraciones públicas.*
*2. No podrá nombrarse personal interino para plazas que no se hubieran incluido en la oferta de empleo público, salvo cuando se trate de vacantes producidas con posterioridad a su aprobación.”*

No ámbito do sector público local, tanto a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, como o Real Decreto lexislativo 781/1985, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, non contemplan especialidade algunha no concreto aspecto indicado, sen prexuízo do cal debe lembrarse a obrigatoriedade de observancia da lexislación básica ex artigo 2.1 do RD lexislativo 2/2015, do 30 de outubro, así como da lexislación de función pública no ámbito autonómico correspondente (artigo 7 Lei autonómica 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia).

Por tanto, o marco legal vixente establece unha dobre obriga: a de execución das ofertas de emprego público dentro dun límite temporal de 3 anos, contados dende a data de publica-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

ción no diario oficial correspondente[1], e a de convocatoria dos procesos selectivos dentro do prazo establecido ao efecto.

No relativo ás bases, non pode obviarse a aplicación directa do previsto no Real Decreto 896/1991, de 7 de junio, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección do persoal funcionario da Administración Local, en cuxo artigo 6 se establece expresamente que:

*"1. Las bases de las pruebas selectivas, así como las correspondientes convocatorias, se publicarán en el «Boletín Oficial» de la provincia, en el «Boletín Oficial» de la Comunidad Autónoma, y en su caso, en otros diarios oficiales o en el período oficial de la Corporación interesada.*

*2. El anuncio de las convocatorias se publicará en el «Boletín Oficial del Estado» y deberá contener:*
*Denominación de la Escala, subescala y clase para cuyo ingreso se convocan las pruebas selectivas, Corporación que las convoca, clase y número de plazas, con indicación de las que se reserven, en su caso, a promoción interna, así como las que se reserven para personas con minusvalías, fecha y número del Boletín o diarios oficiales en que se han publicado las bases y la convocatoria."*
No presente caso, e vistas as circunstancias referidas nos antecedentes de este informe, de conformidade co informado, considerase xuridicamente mais conforme cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, proceder a convocatoria da praza ocupada pola interina en execución da OEP 2018 a maior brevidade para reducir a temporalidade e garantir o acceso en igualdade á función pública.

**II.- Ausencia de preceptividade da negociación colectiva**

De conformidade co artigo 37.2, apartado c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) están expresamente excluídas das materias obxecto de negociación colectiva " *la regulación y determinación concreta, en cada caso, de los sistemas, criterios, órganos y procedimientos de acceso al empleo público y la promoción profesional*."

**III.- Sometemento á preceptiva fiscalización previa da proposta de acordo.**

Será preceptiva a fiscalización previa de gasto conforme ó establecido no RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (artigos 213 a 223) dado que, aínda carecendo de contido económico, resulta susceptible dexerar obrigas económicas a futuro para o Concello de Vigo, polo cal o presente expediente electrónico será sometido á fiscalización da Intervención Xeral Municipal.

**IV.- Procedemento.**

1 A diferencia do preceptuado no EBEP, que únicamente contempla un límite temporal de 3 anos, sen indicar unha referencia concreta para o cómputo.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 69 de 143 |
| --- | --- | --- |
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

O procedemento de desenvolvemento rexerase polo establecido nas bases da convocatoria, o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, la Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública; a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; o Texto Refundido das disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; e Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal a Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; o Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro, polo que se regula o Acceso ao Emprego Público e a Provisión de Postos de Traballo das Personas con Discapacidade; o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as Regras Básicas e Programas Mínimos do Procedemento de Selección do Persoal Funcionario de Administración Local e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia,

**V.- COMPETENCIA.**

O art. 4.1.a) e c) da LBRL recoñécelle ó municipios, entre outras, respectivamente, as potestades públicas de autoorganización e as de programación é planificación.

O órgano competente para a aprobación de convocatorias das ofertas de emprego público e as súas bases no ámbito da xestión do persoal municipal é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1., apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En consecuencia, e á vista do exposto; coa conformidade da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“**PRIMEIRO.-** Aprobar, de conformidade co informe que antecede, a convocatoria e bases específicas do proceso selectivo destinados á execución da praza de auxiliar de administración xeral (quenda libre) correspondente a OEP do 2017, 2018, 2019 3ª fase, (cuxas Bases xerais dos referidos procesos selectivos, foron aprobadas en sesión de XGL de data 12/03/2020 - BOPPO nº 128 de 07/07/2020 -), nos termos do informe xurídico-proposta de acordo que antecede e do informe preceptivo de fiscalización previa, de conformidade coas bases da convocatoria respectiva.

**SEGUNDO.-** Notoficar o presente acordo á interesada e ordenar a realización das publicacións oficiais que correspondan, dispoñendo a súa inserción na web municipal www.vigo.org e na Intranet Municipal aos efectos do seu público coñecemento.

**TERCEIRO.-** Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

## PERSOAL FUNCIONARIO

**AUXILIAR ADMINISTRACIÓN XERAL**

I.—NÚMERO DE PRAZAS: 1 (pola quenda libre).

II.—CARACTERÍSTICAS: Enmarcadas no Grupo C de titulación, Subgrupo C2; escala, Administración xeral; subescala, auxiliar. Estarán dotadas coas retribucións básicas que legalmente corresponden ao subgrupo C2 e as complementarias propias do posto de traballo ao que resulten adscritas as prazas que se convocan. Figurarán incluídas no réxime de dedicación exclusiva.

III.—SISTEMA DE SELECCIÓN: Establécese o de oposición libre, de conformidade co previsto nestas bases específicas.

IV.—CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título académico oficial de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

V.- EXERCICIOS

**Primeiro exercicio.**- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos as persoas participantes.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 30 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran o programa das bases específicas, que será determinado polo dito órgano inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada. Non se puntuarán as non contestadas.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

**Segundo exercicio.**- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Desenvolverase por escrito, durante o período máximo de dúas horas e consistirá na resolución de dous supostos teórico-prácticos que determinará o órgano de selección inmediatamente antes do comezo do exercicio, relativo ás tarefas propias da subescala. Durante o de-



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 71 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

senvolvemento desta proba as/os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos.

Non se permitirá o manexo de textos comentados, libros de formularios nin de dispositivos dixitais.

Neste exercicio avaliarase a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas presentados. Este exercicio deberá ser lido obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

**Terceiro exercicio.-** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá nunha proba de coñecementos de informática a nivel usuaria/o de contornos operativos Windows, Linux ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (Open Office ou similar) e de utilidades básicas de internet en ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), no tempo que estableza o órgano de selección. Esta proba cualificarase de conformidade cun baremo obxectivo que estableza o órgano de selección antes de iniciarse o exercicio, que deberá comunicárselles ós/as aspirantes no momento de comezar a proba e incluírse na correspondente acta.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

**Cuarto exercicio.**- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, que se realizará conforme ao previsto na base 10ª das xerais que determinará o de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

A persoa aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba quedará excluída do proceso selectivo.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten no prazo de presentación de instancias, posuír o título CELGA 3 ou equivalente homologado, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Anexo I), aos que se lle asignarán 2 puntos.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dous (2) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de un (1) punto.

VI.—ORDE DE PRELACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES PARA A QUENDA LIBRE.

A cualificación dos tres primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación do cuarto será de 0 a 2 puntos, de acordo co previsto na base décima das xerais, e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 1 punto.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

| Oposición | | | |
|---|---|---|---|
| Primeiro exercicio | Segundo exercicio | Terceiro exercicio | Cuarto exercicio |
| Teórico | Suposto teórico-práctico | Proba de coñecementos de informática | Proba de lingua galega |
| 0-10 puntos | 0-10 puntos | 0-10 puntos | 0-2 puntos |
| 0-32 puntos | | | |

A puntuación final obterase sumando as puntuacións de cada un dos exercicios, sendo o total sobre a base de 32 puntos.

Así, no caso de obter 6,70 puntos no primeiro exercicio, 8,30 puntos no segundo exercicio, 7 puntos no terceiro exercicio e 1,80 puntos no quinto exercicio, resultaría:

(6,70)+(8,30)+(7)+(1,80)= 23,80 puntos sobre un total de 32 posibles.

A relación de persoas aprobadas por orde de puntuación farase de conformidade coa base 10ª das xerais.

VII.- PROGRAMA ESPECÍFICO QUENDA LIBRE.

(EXCLÚESE O COMÚN PARA PRAZAS DO SUBGRUPO C2, QUE FIGURA COMO ANEXO ÁS BASES XERAIS)

Tema 1. A Constitución española de 1978: estrutura e contido. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois. Garantía e suspensión dos dereitos e liberdades.
Tema 2. A Coroa. As Cortes Xerais: composición e funcións. A elaboración das leis.
Tema 3. O Goberno e a Administración. O poder xudicial. O Tribunal Constitucional.
Tema 4. A organización territorial do Estado. O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.
Tema 5. A Administración Pública no ordenamento español: principios da actuación da administración pública. Sometemento da administración á lei e ao dereito. Fontes do dereito público.
Tema 6. A Administración do Estado, a administración autonómica e a administración local. Administración institucional e corporativa. A relación xurídico-administrativa: os dereitos dos cidadáns nas súas relacións coa Administración.
Tema 7. A Administración electrónica: regulación e principios. A sede electrónica. Identificación e autenticación. Rexistros e comunicacións electrónicas
Tema 8. O acto administrativo: concepto, clases e elementos. Validez, eficacia e execución dos actos administrativos: a execución forzosa. A notificación e a publicación: especial referencia á notificación electrónica.
Tema 9. Nulidade e anulabilidade dos actos administrativos. A revisión de oficio e a declaración de lesividade. Os recursos administrativos.

S.ord. 24/10/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

Tema 10. O procedemento administrativo: principios xerais e fases. O deber de resolver: o silencio administrativo.
Tema 11. Réxime local español. A Administración local na Constitución de 1978. Principios do réxime local: significado e alcance do principio de autonomía.
Tema 12. O municipio: concepto e elementos. O termo municipal. A poboación: especial mención ao empadroamento. Competencias municipais e servizos mínimos obrigatorios. A organización municipal: órganos necesarios e órganos complementarios. Os Municipios de grande poboación: réxime de organización e funcionamento dos órganos necesarios.
Tema 13. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificacións de acordos.
Tema 14. Outras entidades locais. Mancomunidades. Agrupacións. Entidades locais menores. Relación entre entes territoriais. Autonomía municipal e tutela.
Tema 15. A potestade normativa das entidades locais: ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación.
Tema 16. A función pública local: a selección de persoal. Organización: tipoloxía de funcionarios o servizo da Administración local. As situacións administrativas.
Tema 17. Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. A responsabilidade administrativa dos funcionarios locais. Réxime e procedemento disciplinario.
Tema 18. Facendas locais: clasificación dos ingresos. Ordenanzas fiscais. Réxime xurídico do gasto público local. Os orzamentos locais.
Tema 19. Procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacións e notificacións.
Tema 20. A igualdade de xénero. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(807).- PRÓRROGA DO ACORDO MARCO PARA AMPLIACIÓN DAS XORNADAS LABORAIS DA POLICÍA LOCAL: ANO 2026. EXPTE. 47443/220.**
Visto o informe de fiscalización de data 14/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 15/10/2025, asinado pola técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I- Mediante número de documento 250266673 (expediente 113-2125), remítese a esta Área de Recursos Humanos e Formación, informe proposta asinado polo Intendente Xefe da Policia Local e conformado pola Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, no que se propón a aprobacion pola Xunta de Goberno Local da prórroga, durante o ano 2026, do Acordo para a ampliación das xornadas laborais para o servizo da Policía Local, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 22 de xuño de 2017 (expte. 30140-220) coa modificación puntual do número máximo de xornadas a realizar (4.368) e o importe máximo das mesmas, que ascendería a 1.112.410,13 €; e co obxectivo

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

principal de poder acometer de xeito eficaz necesidades ordinarias puntuais e os eventos extraordinarios detallados no mesmo informe, e aqueles que de xeito imprevisto poidan acontecer ao longo do ano.

II- En canto á motivación sobre a necesidade da prórroga solicitada, remitímonos ao recollido no citado informe da Xefatura da Policía Local, conformado pola Concelleira da Área, que consta incorporado ao presente expediente (trámite 2).

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### I- Normativa e aplicación

O artigo 24.c) Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba a lei do texto refundido do estatuto básico do empregado público TREBEP, recolle con carácter xeral que a contía e estrutura das retribucións complementarias dos funcionarios, estableceranse pola correspondentes leis de cada Administración Pública atendendo, entre outros factores, ao grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desempeña o seu traballo e o rendemento ou resultados obtidos.

Xa máis concretamente referido ao eido local, o artigo 5 do RD 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o Réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local, define o complemento de produtividade como aquel que está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa co que o funcionario desempeña o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignado ao mesmo.
En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Por resolución da Concelleira delegada da área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 27/12/2022, e rectificación do Anexo I de data 13/02/2023 (dándose conta do aprobado ao órgano delegante, Xunta de Goberno Local) publicados no BOP de Pontevedra de datas 19/01/2023 e 16/03/2023, aprobáronse os "Criterios para a asignación do complemento retributivo de produtividade no Concello de Vigo", (expediente 39599-220).

Non obstante, os citados criterios manteñen vixentes transitoriamente unha serie de supostos previstos nas Instruccións sobre plantilla e Relación de postos de traballo do persoal ao servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, entre os que se atopa, no seu punto terceiro, apartado j) :



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado
Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 75 de 143
1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*-Os programas de disponibilidade horaria que fose preciso acometer en atención a circunstancias excepcionais que podieran concurrir nalgún servizo, nas condicións que regulamentariamente aprobe a Xunta de Goberno local e previa elaboración por parte da Unidade Xestora dun estudio da concurrencia de circunstancias motivadoras excepcionais e urxentes, a imposibilidade de reasignación de efectivos e/ou de prestar o servizo cos efectivos existentes e os obxectivos a acadar co dito programa.*

Asi mesmo, nas Bases de execución do Orzamento do exercicio 2025 vixente, base 32, no apartado, 2.5, recóllese que:

*""No caso excepcional de existencia de gastos relativos a xornadas de reforzo e gratificacións por prestacións feitas fóra da xornada laboral, deberá estar vixente un plan previamente aprobado pola Xunta de Goberno Local ou órgano que teña a competencia delegada, cuantificando o número máximo de xornadas, custe de cada unha delas e custe total, mapa de eventos, obxectivos a perseguir, número de horas necesarias. Unha vez aprobado o Plan anual, o servizo xestor estará obrigado a tramitar o preceptivo expediente para verificar a súa adaptación ao Plan e informar sobre a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte as xornadas que se queren executar. Con posterioridade, comprobarase que se achega a certificación da xefatura do servizo en canto a súa execución, facendo constar na mesma ou nun documento independente, como mínimo a seguinte información: o nome do empregado/a que executou as horas ou a xornada, día en que se fixo, o evento a cubrir, referencia sucinta das necesidades a cubrir, as horas feitas se se trata de gratificación, ou xornadas se se trata de reforzos. Todo elo sen prexuízo que se poidan establecer modelos para acreditar a autorización do gasto e a súa execución. Se achegará para a súa inclusión na nómina do mes que corresponda, a proposta do gasto feita pola Área de RR.HH e Formación, a fiscalización da proposta e o acordo adoptado de recoñecendo a obriga (Resolución do/a Sr./Sra. Concelleiro/a Delegado/a de Persoal), ao que se unirá, o acordo de autorización das xornadas."*

**II-Análise das circunstancias concretas**

O Acordo Marco para a ampliación das xornadas laborais do Corpo da Policía Local, aprobado pola Xunta de Goberno local en sesión de data 22/06/2017 (expte. 30140-220), na súa disposición 3º, dispón a posibilidade de prórroga para sucesivas anualidades sempre que se den as causas e condicionantes de feito, circunstancias que se motivan no informe proposta asinado polo Intendente Xefe da Policia Local e conformado pola Concelleira delegada da Área, que consta incoporado ao expediente.

Solicítase a prórroga do citado acordo marco para o ano 2026, coa proposta de autorización total de 4.368 xornadas, que ascendería á cantidade máxima de 1.112.410,13 €.

A proposta supón unha lixeira diminución do número de xornadas con respecto ás 4.420, que foron autorizadas para o ano 2025 (expediente 45653-220), cun importe máximo de 1.124.213,99 €

A súa execución estará determinada polas necesidades do servizo debidamente xustificadas, polos eventos que requiran un reforzo por enriba das dispoñibilidades ordinarias e, en todo caso, sempre condicionadas á dispoñibilidade orzamentaria.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

A autorizacion da realizacion das xornadas de disponibilidade realizarase previa solicitude do servizo da Policia Local, na que conste as circunstancias excepcionais e coxunturais que motivan a necesidade de realizacion de xornadas de dispoñibilidade, número de efectivos previstos e custo das mesmas, e toda vez que por parte da Intervencion Xeral sexa realizada a fiscalización previa do gasto, ao abeiro do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes, verificando a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 1320.150.0000.

Salvo erro ou omisión, segundo consulta da aplicación de xestión de persoal de persoal, constan os seguintes datos sobre a ocupación dos postos da Policía Local:

- Dotación total Policía Local: 401    Ocupados: 333    Vacantes: 68

A estes datos habería que engadirlle dúas xubilacións voluntarias solicitadas para o mes de outubro e novembro (NP 23886 e 18336) polo que, os datos reais para o 2026, serían 331 postos ocupados e 70 vacantes, o que supón unha ocupación do 83,04 % dos 401 postos dispoñibles, todo iso, sen ter en conta o número efectivos que, acadarían as condicións para acollerse á xubilación voluntaria por aplicación do coeficiente redutor no ano 2026.

No momento de aprobación do acordo marco de 2017 que agora se pretende prorrogar, o corpo da Policía Local contaba cunha dotación total de 402 postos, dos que estaban ocupados 341 e vacantes 61, representando un 84,8% de ocupación, superior aínda pois aos datos de hoxe en día.

No informe da Xefatura da Policía Local incorporado ao expediente, recóllese ademais o impacto negativo das altas taxas de absentismo, afectando as situacións de incapacidade temporal ao persoal adscrito a Unidades de tres quendas, o que obriga a reforzar a quenda de noite.

A vista, pois, dos datos expostos, existen causas obxectivas e xustificadas que serven de motivación para acordar a prórroga solicitada.

Agora ben, sen prexuízo do anterior, a Xunta de Goberno Local, na sesión do 16 de marzo de 2023, prestou aprobación inicial á proposta de aplicación de estudio de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local e aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo (RPT) 2023, expediente 40934/220, e que ao non contar con alegacións no período de exposición pública, elevouse a definitivo dito acordo adoptado, procedéndose á súa publicación, no BOP de Pontevedra nº 93, de 16 de maio de 2023 e á súa remisión ao portal de Transparencia.

Por outra banda, se están a desenvolver os traballos e actuacións de execución do contrato de revisión e avaliación dos postos de traballo con perspectiva de xénero, avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo (expte. 43010-220)

S.ord. 24/10/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 77 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Polo tanto, a presente prórroga que se está a tramitar quedará condicionada ao que resulte da tramitación da proposta dun novo acordo marco adaptado ás condicións actuais e á organización recollida na RPT, para a súa análise e estudio por se, logo da tramitación procedimental oportuna, procedese a súa aprobación polo órgano competente.

CONCLUSIÓNS:

-A proposta de prórroga do Acordo Marco, trátase dun plan de dispoñibilidade de máximos (4.368 xornadas, cun máximo de 13 xornadas por efectivo) , polo que non se terá que executar na súa totalidade. O seu desenvolvemento virá determinado polas necesidades do servizo debidamente xustificadas, polos eventos que requiran un reforzo por enriba das dispoñibilidades ordinarias e, en todo caso, sempre condicionadas á dispoñibilidade orzamentaria. Retribuiranse en concepto de produtividade, polo que non poden ser consideradas de xeito algún retribucións de carácter fixo nin periódico.

- A presente prórroga queda condicionada á aprobación da proposta dun novo acordo marco xa adaptado ás condicións actuais da organización dos postos da Policía Local, logo da aprobación da última RPT do ano 2023, e da tramitación procedimental oportuna, se procedese a súa aprobación polo órgano competente, e se as circunstancias existentes así o motivasen.

-Os importe a aboar actualizarase segundo o que dipoña en cada momento a Lei de orzamentos xerais.

**FISCALIZACIÓN PREVIA**

Someteuse a fiscalización previa da Intervención Xeral, de conformidade co disposto nos artigos 213 a 223 Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos, e en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 1320.1500000- “Produtividade” do orzamento do ano 2026.

O servizo xestor achega unha proposta por un importe máximo, ascendería a 1.112.410,13 €, co incremento retributivo do persoal do sector público do 0,5 %.

**RÉXIME COMPETENCIAL**

Correspóndelle a competencia de aprobación á Xunta de Goberno Local conforme ao artigo 127.1 h) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Á vista do exposto, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte,

**PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO-** Prórrogar durante o ano 2026 o Acordo para a ampliación das xornadas laborais para o servizo da Policía Local aprobado pola Xunta de Goberno Local o 22 de xuño de 2017 (expte. 30140/220) e que terá como obxectivo principal, seguir garantindo a

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

prestación ordinaria das funcións legalmente atribuidas cun mínimo de eficacia e satisfacción social e atender, ao mesmo tempo, os importantes eventos e campañas inicialmente previstas, naquelas circunstancias coxunturais nas que poidan ser precisas.

**SEGUNDO.-** Aprobar a realizacion dun número máximo de xornadas anuais (4.368, cun máximo de 13 xornadas por efectivo) , sendo o seu custo máximo de 1.112.410,13 €. Os importes a aboar por cada xornada de disponibilidade realizada serán actualizados segundo lexislación vixente.

**TERCEIRO.-** Delegar na Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, a tramitación dos expedientes en execución do Plan Marco, tanto en canto a autorización trimestral das xornadas como a autorización do gasto e recoñecemento das obrigas devengadas en execución das mesmas.

**CUARTO-** A autorizacion da realizacion das xornadas de disponibilidade realizarase previa solicitude da Xefatura da Policia Local, na que conste, as circunstancias excepcionais e coxunturais que motivan a necesidade de realizacion de xornadas de disponibilidade, numero de efectivos previstos e custo das mesmas, e unhaa vez que por parte da Intervencion Xeral sexa realizada a fiscalización previa do gasto, ao abeiro do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes, verificando a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 1320.150.0000.

**QUINTO-** A realización das xornadas estará determinada polas necesidades do servizo debidamente xustificadas, polos eventos que requiran un reforzo por enriba das dispoñibilidades ordinarias e, en todo caso, sempre condicionadas á dispoñibilidade orzamentaria. Retribuiranse en concepto de produtividade, polo que non poden ser consideradas de xeito algún retribucións de carácter fixo nin periódico.

**SEXTO.-** A presente prórroga quedará sin efecto de producirse a aprobación da proposta dun novo acordo marco adaptado ás condicións actuais da organización dos postos da Policía Local, logo da aprobación da última RPT, e da oportuna tramitación procedimental, de proceder a súa aprobación polo órgano competente, de xeito que substitúa o acordo que agora se prorroga e sempre que as circunstancias existentes así o motivasen.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o adoptor no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións establecidos nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 24/10/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

**12(808).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO DE NOMEAMENTO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DAS PRAZAS DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS: OEP DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (TRIBUNAL 3). EXPTE. 46628/220.**

Sométese a aprobación o informe-proposta do 20/10/2025, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 11 de Xullo de 2025, no expediente 46628/220; adoptou o seguinte acordo:
*" PRIMEIRO.- Cesar como persoal interino das prazas de auxiliar de administración xeral, subgrupo C2, toda vez que ditas prazas que ocupan actualmente foron executadas na respectiva oferta de emprego público de estabilización do Concello de Vigo, e os respectivos nomeamentos como persoal funcionario serán realizados conforme ao apartado SEGUNDO do presente acordo, a*

*-O. González Arias, nº persoal 80566, do posto 377- auxiliar atención público ventanilla, dotación 21, na Xestión Catastral delegada (503).*

*- M. Costas Sousa, nº persoal 82757, do posto 377, auxiliar atención público ventanilla, dotación 4, na Oficina de Asitencia, Rexistro e Información (OAR- 232).*

*- A. B. Vieira Parada, nº persoal 82405, do posto 138- auxiliar, dotación 102, na Unidade de apoio Consorcio Casco Vello (17).*

*-N. M, Núñez Aboy, nº persoal 80411: cesará como funcionaria interina de programa, no posto 138- auxiliar na Dirección de Ingresos (500) para poder tomar posesión como funcionaria de carreira*

*SEGUNDO.- Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo a 8 prazas vacantes de persoal auxiliar administrativo de administración xeral, réxime funcionario, subgrupo C2, ofertadas na Oferta de estabilización do Emprego temporal do Concello de Vigo, a:*

*-GONZÁLEZ ARIAS, O, con DNI *** 6293***
*-CAMPOS RIVAS, L, con DNI ***9657***
*-NÚÑEZ VÁZQUEZ M.T, con DNI ***0106***
*-SONEIRA VILLARINO X, con DNI ***6367***
*-MOURIÑO BARROS M.D.C, con DNI ***3476***
*-GONZÁLEZ RODRÍGUEZ,M, con DNI *** 6850***
*-NÚÑEZ ABOY N.M. con ***8401***
*-SISTO RAMOS, M, con DNI **6801****
*(...)"*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

II.- En data 11/08/2025, A. B. Vieira Parada, presenta recurso de reposición contra o acordo anterior, no que en síntese, manifesta:

-Nulidade de pleno dereito segundo o artigo 47.1 a) por, supostamente, lesionar o dereito fundamental de acceso e permanencia den funcións públicas en condicións de igualdade, recollido no artigo 23.2 CE.

-Inexistencia de causa válida para o seu cesamento por incumprimento dos requisitos legais e xurisprudenciais, porque a extinción do nomeamento do persoal interino require a efectiva incorporación do titular da praza, e no presente suposto a persoa nomeada para ocupar a praza solicitou excedencia polo que dita praza non foi cuberta de forma real e efectiva por ningún funcionario de carreira, atopándose actualmente vacante.

-Nulidade de pleno dereito do proceso de estabilización por vulneración do principio de igualdade por valorarse segundo o baremo das bases xerais do proceso, con valor dobre os servizos prestados no Concello de Vigo con respecto aos prestados en outras administracións.

-Se se declara a nulidade do proceso debe ser considerada como se nunca cesara no seu posto de traballo debendo ser reposta con todas as consecuencias económicas e administrativas inherentes.

-De xeito subsidiario, manifesta que ocupa o primerio posto na lista de reserva de auxiliar administrativo e polo tanto, a administración ten a obriga de chamar á primeira persoa por orde de prelación non debendo aplicarse o "período de espera" de nove meses recollida nos "criterios de lista de reserva", por tratarse dun criterio de xestión interna que non debe prevalecer sobre os principios constitucionais de mérito e capacidade.

-Polo exposto, solicita a nulidade do acordo con respecto ao seu cesamento, e en consecuencia, que sexa reposta ao posto de traballo de auxiliar administrativa na Unidade de apoio ao Consorcio Casco Vello, con efectos económicos e administrativos dende a data de cesamento.

-Subsidiariamente que sexa nomeada con carácter inmediato como funcionaria interina para a cobertura da praza.

III.- Dada a existencia de máis interesadas no procedemento, conforme ao artigo 118.2 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, déuselle traslado ao resto de interesadas do recurso presentado para que no prazo de 10 DÍAS, puidesen presentar as alegacións que estime procedentes na defensa dos seus dereitos e intereses.

Unha vez concluído o prazo outorgado, constan presentados os seguintes documentos:
-Doc. 250267528 - M.T Núñez Vázquez
-Doc. 250272301 - X. Soneira Villarino
-Doc. 250271156 – M.C Mouriño Barros
-Cada unha delas esgrime os argumentos e fundamentos xurídicos na defensa dos seus dereitos (que algúns deles se reproducirán na presente proposta) para rematar solicitando todas a desestimación do recurso presentado pola recorrente.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 81 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**
**1- Recurso de reposición.**

O recurso de reposición vén actualmente regulado nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LAPAC).

Conforme ao exposto nos antecedentes, o recurso foi interposto dentro do prazo dun mes legalmente establecido, e a recorrente conta con lexitimidade pola súa consideración de interesada no procedemento conforme ao artigo 4 da mesma Lei.

Igualmente constan tres escritos de alegacións presentados por tres das interesados no procedemento, conforme ao artigo 118.3 da propia LPACAP aos que se fixo referencia nos antecedentes.

**2-Análise do recurso presentado e escritos de alegacións dos interesados**

O recurso presentado pola recorrente, fundaméntase, en síntese, nas seguintes cuestións:

- -Nulidade de pleno dereito segundo o artigo 47.1 a) da LPACAP por, supostamente, lesionar o dereito fundamental de acceso e permanencia den funcións públicas en condicións de igualdade, recollido no artigo 23.2 CE.
- -Inexistencia de causa válida para o seu cesamento por incumprimento dos requisitos legais e xurisprudenciais, porque a extinción do nomeamento do persoal interino require a efectiva incorporación do titular da praza, e no presente suposto a persoa nomeada para ocupar a praza solicitou excedencia polo que dita praza non foi cuberta de forma real e efectiva por ningún funcionario de carreira, atopándose actualmente vacante.
- -Nulidade de pleno dereito do proceso de estabilización por vulneración do principio de igualdade por valorarse segundo o baremo das bases xerais do proceso, con valor dobre os servizos prestados no Concello de Vigo con respecto aos prestados en outras administracións.
- -Se se declara a nulidade do proceso debe ser considerada como se nunca cesara no seu posto de traballo debendo ser reposta con todas as consecuencias económicas e administrativas inherentes.
- -De xeito subsidiario, manifesta que ocupa o primerio posto na lista de reserva de auxiliar administrativo e polo tanto, a administración ten a obriga de chamar á primeira persoa por orde de prelación non debendo aplicarse o "período de espera" de nove meses recollida nos "criterios de lista de reserva", por tratarse dun criterio de xestión interna que non debe prevalecer sobre os principios constitucionais de mérito e capacidade.
-

-Polo exposto, solicita a nulidade do acordo con respecto ao seu cesamento, e en consecuencia, que sexa reposta ao posto de traballo de auxiliar administrativa na Unidade de apoio ao Consorcio Casco Vello, con efectos económicos e administrativos dende a data de cesamento.

-Subsidiariamente pide que sexa nomeada con carácter inmediato como funcionaria interina para a cobertura da praza.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

En primeiro lugar, cómpre pór de manifesto, como así tamén o alega de xeito acertado algunha das interesadas no seu escrito de alegacións de oposIción ao recurso, que se aprecia unha certa discordancia entre os argumentos esgrimidos pola recorrente nos fundamentos do seu escrito, co concreción final da súa solicitude ou "petitum", que non abarca a totalidade do esgrimido por ela con anterioridade, senón que se centra, como petición principal, na nulidade da parte precisa do acordo recorrido onde se acorda o seu cesamento como interina.

Subsidiarimente, pide que sexa nomeada novamente con carácter inmediato como funcionaria interina para a cobertura de dita praza, petición que se excedería do obxecto do recurso ao tratarse, en todo caso, dunha tramitación independente ao acto agora impugnado.
Polo tanto, a obriga de contestación por parte da administración tan só se impón con respecto das pretensión concretas, en razón a que cada una delas se convierte en una «causa petendi» que esixe unha resposta motivada aos efectos, pero non aquelas fundamentacións ou argumentos que, aínda formando parte do escrito da interesada, sean alleos ou non formen parte esencial da súa petición final.

Esa concreta obriga é o que esgotaría o necesario principio de congruencia, recoñecido, entre outras, na STC 168/1987, de 26 de outubro, e que foi definido e delimitado, entre outras, polas STS de 8 de xullo de 2011 -rec. 3780/2008) e STS de 3 de junio de 2020 -rec. 3654/2017.

Manifestado o anterior, pasaremos a contestar as alegacións recollidas pola recorrente no seu escrito, centrándonos principalmente nas que fundamentan a petición final.

- Sobre a nulidade de pleno dereito segundo o artigo 47.1 a) da LPACAP por, supostamente, lesionar o dereito fundamental de acceso e permanencia den funcións públicas en condicións de igualdade, recollido no artigo 23.2 CE e inexistencia de causa válida para o seu cesamento , porque a extinción do nomeamento do persoal interino require a efectiva incorporación do titular da praza, e no presente suposto a persoa nomeada para ocupar a praza solicitou excedencia atopándose actualmente vacante.

Pois ben, a vacante que viña ocupando a agora recorrente en réxime interino dende o 15 de outubro de 2018, foi incluída na oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31/05/2022, expediente nº 39.998/220 (publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP) de data 31/05/2022 e no Diario Oficial de Galicia (DOG) de data 08/06/2022).

-Unha vez finalizado o proceso, o órgano encargado de xulgar a selección das prazas de auxiliar de administración xeral, subgrupo C2, da OEP de estabilización de emprego público (Órgano de selección -Tribunal 3) acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento como persoal funcionario daquelas persoas que superaron o proceso conforme ás bases establecidas, así como as que, sen superar o proceso, pasarán a formar parte dunha lista de reserva a efectos do seu chamamento como persoal interino cando así proceda.

S.ord. 24/10/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

-Por acordo da Xunta de Goberno Local do 11/07/2025 (contra o que se presenta o presente recurso), acordouse nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo a 8 prazas vacantes de persoal auxiliar administrativo de administración xeral, réxime funcionario, subgrupo C2, ofertadas na Oferta de estabilización do Emprego temporal do Concello de Vigo, ordenándose igualmente o cese do persoal que ata ese momento viña ocupando ditas dotacións en réxime de interinidade, entre elas, a agora recorrente.

-O prazo previsto para a toma de posesión das novas incorporacións das prazas ofertadas era o 04/08/2025, conforme á elección realizada polas aspirantes e segundo a prelación da lista establecida polo órgano de selección.

-Seguindo esta orde de preferencias, a praza que ocupaba a agora recorrente, vinculada ao 138- auxiliar, dotación 102, na Unidade de apoio Consorcio Casco Vello foi adxudicada á aspirante L. C. R., con DNI ***9657**.

- A interesada con DNI ***9657**, presenta, dentro do prazo previsto para a súa toma de posesión, solicitude de excedencia por prestación de servizos no sector público, por ser actualmente funcionaria en outra administración, excedencia que foi autorizada por resolución da concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 06/08/2025, no epxediente 471148-220.

Polo tanto, unha vez executada a oferta na que se incluía a praza da recorrente, e unha vez nomeadas polo órgano competente as aspirantes que superaron o proceso para a cobertura das vacantes ofertadas, procede o cese do persoal funcionario interino que viña ocupando esas dotacións, con fundamento no artigo 10.3 do TREBEP.

Que a persoa que foi nomeada e a cal se lle asignou a vacante que ocupaba a recorrente, solicitase a excedencia por prestación de servizos no sector público ao amparo do artigo 10 Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas e 174 da Lei 2/2015, de 29 de abril de emprego público de Galicia, non afecta a situación da recorrente, dado que a persoa solicitante da citada excedencia, adquiriu a todos os efectos a condición de funcionaria de carreira do Concello de Vigo con cargo a dita vacante o que conleva o necesario cese da persoa que a viña ocupando en relación de interinidade.

Sobre o alcance deste dereito de excedencia a optar o empregado público polo seu posto de orixe, incluso sen necesidade de toma de posesión na nova administración, pronunciouse o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, entre outras, na Sentenza 936/2023, do 20 de decembro de 2023, na que se recolle que:

*"...muy recientemente, con ocasión de la resolución de un recurso de apelación análogo, declaramos en la Sentencia de 20.9.2023 que, en efecto, el artículo 10 de la Ley 53/1984 permite ejercitar el derecho de opción por uno de los puestos a quien acceda a un nuevo puesto en el sector público que, con arreglo a la Ley, resulte incompatible con el que viniera desempeñando, exigiendo que ese derecho de opción se ejercite dentro del plazo de toma de posesión. Y, lógicamente, si se opta por el puesto originario ese derecho de opción ha de manifestarse ante la Administración correspondiente al nuevo puesto, ya que es esta quien ha de declararlo en excedencia por incompatibilidad en cuanto que el interesado permanecerá en servicio activo en el originario y es el nuevo el que no desempeñará(...).*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

*Así pues, ante la constancia de la opción manifestada por el demandante solo cabría, obligadamente, por el Ayuntamiento demandado acceder a dicha pretensión dado que estaba vinculado legalmente por lo dispuesto en el artículo 10 ya citado.*
*Ni siquiera era precisa la toma de posesión, lo cual no entraña renuncia (...).*
*Como ya habíamos aclarado en nuestra sentencia de 17 de julio de 2019 (recurso de apelación 42/2019): "... el único supuesto en que la ausencia de toma de posesión no comporta la pérdida del derecho a la plaza en el sector público viene dado por el caso de quien, ostentando la condición de funcionario en activo al obtener nueva plaza, asimismo en el sector público, por superar el procedimiento selectivo, opta dentro del plazo de toma de posesión por la plaza originaria, decisión que le coloca en situación de excedencia , de conformidad con lo previsto en el artículo 10 de la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, de Incompatibilidades del Personal al Servicio de las Administraciones Públicas (...)".*
- Doutrina afianzada polo mesmo Tribunal nas súas sentenzas posteriores; Sentenza 78/2024 do 07/02/2024 ou Sentenza 532/2024 do 03/07/2024, entre outras.

Polo tanto, o cese da recorrente como persoal interino axústase a normativa vixente, sen que se vexa condicionada polo dereito a solicitar excedencia por parte da persoa que foi nomeada como funcionaria de carreira na vacante que ela viña ocupando.

-Cuestión distinta é que, a non existir dereito de reserva do posto para a persoa excedente, a administración poida proceder á súa cobertura polo procedemento que legalmente corresponda.

-Cómpre engadir, que, en relación co cese da agora recorrente, tramitouse o expediente 47104-220, de recoñecemento de compensación económica polo seu cese como persoal interino, trala celebración e non superación do proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Vigo, nos termos legalmente establecidos, e que foi estimada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/10/2025.

A alegación debe ser desestimada.

- Nulidade de pleno dereito do proceso de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, por presunta vulneración do principio de igualdade por valorarse segundo o baremo das bases xerais do proceso, con valor dobre os servizos prestados no Concello de Vigo con respecto aos prestados en outras administracións.
- Se se declara a nulidade do proceso debe ser considerada como se nunca cesara no seu posto de traballo debendo ser reposta con todas as consecuencias económicas e administrativas inherentes

Tal e como adiantamos anteriormente na nosa constestación, hai argumentos e fundamentación que a recorrente recolle no seu escrito que logo non se materializan na súa petición concreta do recurso presentado.

Unha delas é a referencia á suposta nulidade do proceso de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, polas causas alegadas, pero sen que finalmente se recolla como solicitude a declaración de nulidade de dito proceso.

S.ord. 24/10/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

Aínda así, cómpre facer as seguintes consideracións:

A convocatoria e bases xerais dos referidos procesos selectivos derivados da oferta de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, foron aprobadas en sesión de Xunta de Goberno Local de data 23/12/2022 (BOPPO de data 30/12/2022) e as bases específicas dos procesos selectivos das prazas ofertadas polo sistema selectivo de concurso, foron aprobadas polo mesmo órgano por acordo de data 19/05/2023 (BOPP de data 31/05/2023 e DOG do 23/06/2023), entre as que se atopaban 10 prazas de persoal auxiliar administrativo, réxime funcionario, do subgrupo C2.

Ditas bases non foron recorridas pola agora recorrente unha vez publicadas e antes de iniciarse o proceso selectivo, polo que foron consentidas e admitidas por ela. Non é ata unha vez finalizado o proceso, e se procede por parte do órgano competente ao nomeamento das aspirantes aprobadas e o cese do persoal interino que non superou o proceso, cando se poñen ditas bases en cuestión pola interesada, pero sen que tan sequera exista agora unha impugnación indirecta, porque, tal e como se vén recalcando, tal solicitude en nigún momento se recolle na súa petición do recurso.

O argumento utilizado é a presunta vulneración do principio de igualdade (artigo 14 CE) por valorarse segundo o baremo das bases xerais do proceso, con valor dobre os servizos prestados no Concello de Vigo con respecto aos prestados en outras administracións (que se recolle na base específica Décima).

En primeiro lugar, non especifica nin xustifica como se vería afectado o resultado final do proceso con respecto ás persoas aspirantes aprobadas que foron propostas polo órgano de selección, no caso de non recollerse esa diferenciación de servizos prestados, nin tampouco con respecto á súa situación particular da propia recorrente dentro do proceso.

Con respecto ao contido das bases, a recorrente pon agora en cuestión (unha vez non superado o proceso selectivo) o seu tenor literal que tiña que ter recorrido en todo caso de maneira directa no prazo establecido no momento da súa publicación.

Remitímonos en esta cuestión ao establecido na Sentenza 680/2023 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 27 de setembro de 2023:

*“Se considera que, como ya se indicó en el fundamento anterior, el tenor literal de las bases en este caso es claro, y que la discrepancia que el actor refiere nada tienen que ver con su interpretación o forma de aplicación, sino con la base misma, y en concreto con la decisión misma tomada por la Administración, en ejercicio de su potestad de autoorganización, de dar valor a los efectos de los subepígrafes de que se trata a unos trabajos, creaciones u obras y no a otros.*

*Lo anterior implica que en este supuesto el recurrente podría, y debería, en su caso, haber recurrido las bases de la convocatoria en el plazo legal, una vez que tuvo conocimiento de las mismas, pues de ellas ya se derivaba que no se le iban a computar los méritos por él pretendidos, y de esto tuvo conocimiento desde el mismo momento que conoció la convocatoria del proceso en el que intervino sin efectuar impugnación alguna hasta que tuvo lugar la concreta valoración por el tribunal.*

*Es por ello que no puede estimarse su recurso, que conlleva la pretensión de variar el procedimiento mismo, sustituyendo el criterio de la Administración por el del demandante, a la hora de hacer consideración de los méritos que habrían de computarse para el acceso a las plazas (...)".*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

-Non está de máis lembrar unha vez máis o carácter excepcional dos procesos de estabilización do emprego temporal, con unhas particularidades singulares, o que determina precisamente que só se acuda a este tipo de procedementos por unha soa vez, pois doutro modo perdería a súa condición de remedio excepcional, e ademais, que esta posibilidade, estea prevista nunha norma con rango legal (condicións impostas, entre outras, na STC 12/1999, de 11 de febreiro de 1999). Neste caso a cobertura legal estableceuse na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

E precisamente para argumentar estes casos singulares ou excepcionais, está ben acudir a unha selección de diversa doutrina do Tribunal Constitucional ao respecto:

*“No obstante, en determinados supuestos extraordinarios, se ha considerado acorde con la Constitución que, en procesos selectivos de acceso a funciones públicas, se establezca un trato de favor en relación a unos participantes respecto de otros. Esta excepción a la regla general se ha considerado legítima en supuestos verdaderamente singulares, en los que las especiales circunstancias de una Administración y el momento concreto en el que se celebraban estas pruebas, justificaban la desigualdad de trato entre los participantes, beneficiando a aquéllos que ya habían prestado en el pasado servicios profesionales en situación de interinidad en la Administración convocante. Estos supuestos varían desde la celebración de pruebas restringidas (STC 27/1991, de 14 de febrero) a pruebas en las que se primaba de manera muy notable los servicios prestados en la Administración, pero en uno y otro caso, ha existido siempre justificación de las singulares y excepcionales circunstancias que de manera expresa se explicaban en cada una de las convocatorias (SSTC 67/1989, de 18 de abril; 185/1994, de 20 de junio; 12/1999, de 11 de febrero; 83/2000, de 27 de marzo, o 107/2003, de 2 de junio). En definitiva, para que sea constitucionalmente legítimo establecer un proceso selectivo restringido o uno en el que se prime notablemente un determinado mérito en relación a otros, debe existir una justificación amparada en una situación excepcional, ya que, en otro caso, la desigualdad de trato lesionaría el art. 23.2 CE (STC 27/2012, FJ 5).*

E a STC 111/2014, de 26 de xuño FJ 5, recolle que *«este Tribunal ha reconocido que ‘la consideración de los servicios prestados no es ajena al concepto de mérito y capacidad, pues el tiempo efectivo de servicios puede reflejar la aptitud o capacidad para desarrollar una función o empleo público y, suponer además, en ese desempeño, unos méritos que pueden ser reconocidos y valorados’ [SSTC 67/1989, de 18 de abril, FJ 3, y 107/2003, de 2 de junio, FJ 5 b)]. Pero no puede llegar a convertirse en un requisito que excluya la posibilidad de concurrencia de terceros, ni tener una dimensión cuantitativa que rebase el ‘límite de lo tolerable’ [SSTC 67/1989, FFJJ 3 y 4; 185/1994, FJ 6, y 73/1998, FJ 3 b)]*

Basándonos igualmente na recente Sentenza do Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Vigo 180/2025, de 30/09/2025, con pronunciamento sobre o proceso de estabilización da Xerencia Municipal de Urbaniso de Concello de Vigo, poderíamos considerar que non se vulnera o principio de igualdade cando a diferencia de puntuación dos servizos previos non resulta desproporcionada, e esa distinta valoración podería xustificarse, incluso, na diferenciación da propia tramitación administrativa motivada pola utilización das distintas aplicacións ou programas de xestión de expedientes diferenciados que posúe cada administración.

S.ord. 24/10/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

Polo exposto, a alegación debe ser desestimada.

- De xeito subsidiario, manifesta que ocupa o primerio posto na lista de reserva de auxiliar administrativo e polo tanto, a administración ten a obriga de chamar á primeira persoa por orde de prelación non debendo aplicarse o "período de espera" de nove meses recollida nos "criterios de lista de reserva", por tratarse dun criterio de xestión interna que non debe prevalecer sobre os principios constitucionais de mérito e capacidade.

Tal e como comentamos con anterioridade, esta petición excedería do obxecto do recurso ao tratarse, en todo caso, dunha tramitación independente ao acto agora impugnado. Aínda así, consideramos necesaria facer as seguintes consideracións;
En primeiro lugar, procede lembrar que, a tan citada Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, veu a reforzar o carácter temporal da figura do persoal interino delimitando o prazo máximo de duración da prestación de servizos, e introducindo a necesidade e obriga de establecer límites para evitar concatenacións e situacións de temporalidade fraudulentas.

Norma que contempla expresamente unha serie de medidas para o control da temporalidade no emprego público introducindo a Disposición Adicional 17ª no TREBEP, implantando un réxime de responsabilidades reforzadas respecto de eventuais incumprimentos, e que nos seus tres primeiros apartados recolle o seguinte:

*"1. Las Administraciones Públicas serán responsables del cumplimiento de las previsiones contenidas en la presente norma y, en especial, velarán por evitar cualquier tipo de irregularidad en la contratación laboral temporal y los nombramientos de personal funcionario interino.*

*Asimismo, las Administraciones Públicas promoverán, en sus ámbitos respectivos, el desarrollo de criterios de actuación que permitan asegurar el cumplimiento de esta disposición, así como una actuación coordinada de los distintos órganos concompetencia en materia de personal.*

*2. Las actuaciones irregulares en la presente materia darán lugar a la exigencia de las responsabilidades que procedan de conformidad con la normativa vigente en cada una de las Administraciones Públicas.*

*3. Todo acto, pacto, acuerdo o disposición reglamentaria, así como las medidas que se adopten en su cumplimiento o desarrollo, cuyo contenido directa o indirectamente suponga el incumplimiento por parte de la Administración de los plazos máximos de permanencia como personal temporal será nulo de pleno derecho."*

En base a esa disposición, o Concello de Vigo, aprobou, primeiramente, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18/08/2022, os *"Criterios de xestióndas listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego no Concello de Vigo"* (expediente 36685/220), publicados no BOPP do 1 de setembro do 2022 e na web municipal.

Ditos criterios foron validados xudicialmente por Sentenzas do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo, nº 153/2023, do 6 xuño de 2023, e nº 157/2023 do 21 de xuño de 2023 (XCA nº2), e Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 819/2023, do 14 de novembro de 2023.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

-Unha das funcións establecidas nos citados criterios, era establecer unha serie de medidas para a redución da temporalidade, intentando cumprir as obrigas derivadas da normativa de redución da temporalidade, compatibilizando coa necesidade de satisfacer as necesidades inaprazables e urxentes derivadas das prestación dos servizos públicos.

Así, establecíase en ditos criterios un período de permanencia máximo de 3 anos do perso-al interino (salvo as excepcións contempladas legalmente), e se establecía igualmente un período de espera mínimo de nove meses ao finalizar o nomeamento ou contrato laboral (ou a parte proporcional en caso de non esgotarse o período máximo como persoal temporal).

Este período de espera, é o que cuestiona agora tamén a recorrente, alegando que un crite-rio de xestión interna non pode prevalecer sobre os principios constitucionais de mérito e ca-pacidade.

-Pois ben, en primeiro lugar, hai que resaltar que os propios criterios recollían expresamente o seguinte:
*“A pertenza a unha lista de reserva unicamente xerará o dereito a ser notificado, pola vía que se determina no presente documento, daquelas ofertas de nomeamento como persoal interino que o Concello de Vigo aprobe consonte ao disposto no marco normativo de aplicación en materia de selección de persoal interino(...)”*
*“As ofertas realizadas terán o carácter de propostas, non xerando dereitos de ningunha índole e podendo quedar sen efecto, en caso de que non se fiscalicen favorablemente ou desaparezan as razóns de necesidade que as motiven, o calquera outra circunstancia que deberá motivarse."*

-En este aspecto incide a Sentenza nº 157/2023 do 21 de xuño de 2023 do XCA nº 2:
*"Por tanto, aunque los Criterios lo dejan meridianamente claro, es preciso insistir en que los integrantes de las listas de reserva no son empleados públicos, por lo que está demás la apelación a los derechos estatutarios de éstos. Desde luego, cuando un integrante de las listas es llamado para desempeñar un puesto y presta sus servicios en cualquiera de las modalidades previstas, adquiere la condición de empleado público interino, y en esa situación es acreedor de los derechos propios de cualquier empleado público. Pero cuando deja de prestar sus servicios y vuelve a la lista de reserva, que es cuando opera la previsión controvertida, vuelve a quedar desposeído de aquella condición de empleado público y vuelve a ser titular únicamente de una mera expectativa de ser llamado."*

-E por outro lado, con respecto ao establecemento dun período obxectivo concreto de espera, neste caso de nove meses, tamén se pronuniciou, en primeiro lugar a mesma Sentenza nº 157/2023 do 21 de xuño de 2023 (XCA nº2);

*"El sentido de la previsión que se impugna hay que buscarlo en la Ley, concretamente, en la nueva Disposición adicional 17a EBEP, sobre medidas dirigidas al control de la temporalidad en el empleo público, concretamente en la norma que se contiene en su apartado cuarto, que contempla compensaciones económicas a favor del funcionario interino, cuando se incumplan los plazos máximos de permanencia, en lógica consonancia con el espíritu de la Ley que persigue la temporalidad en el empleo público. La finalidad de la previsión que discute la actora es clara, evitar la concatenación de interinidades*

S.ord. 24/10/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

*estableciendo un intervalo durante el que el integrante de la lista de reserva que ya ha sido llamado, no puede prestar sus servicios, no puede volver a ser llamado, pues de lo contrario, se corre el riesgo objetivo de que se aprecie una concatenación fraudulenta de empleo público temporal que por exceder los tiempos máximos de permanencia acabaría por convertir a la demandada en deudora de la compensación económica prevista en esa DA 17a EBEP."*
-E posteriormente a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 819/2023, do 14 de novembro de 2023, tamén valida dito período de carencia coa seguinte argumentación:
*"Pone en tela de juicio la parte demandante el establecimiento de un tiempo de espera de nueve meses para que quien forma parte de una lista de reserva pueda volver a ser llamado a un puesto de trabajo o, lo que es igual, su exclusión provisional del listado por ese período.*
*No lleva razón la representación apelante, porque ese, precisamente, es un criterio adoptado por razones de seguridad jurídica para impedir el encadenamiento o concatenación de nombramientos. Dicho período de nueve meses fue fijado por el legislador para los supuestos de acumulación de tareas y propuesto y aceptado por las representaciones sindicales más significativas; y esa espera temporal ningún perjuicio acarrea al integrante de la lista que aguarda su llamamiento. De ahí que nada impida, con igual criterio de objetividad, extender este período de espera al resto de los supuestos, sin más respeto que a las excepciones legales."*
E ese mesmo período de carencia validado xudicialmente, e o que se recolle no acordo da Xunta de Goberno Local do 29 de agosto de 2025, polo que se aprobou a *"Proposta de revisión integral e aprobación das listas de reserva do Concello de Vigo*", expediente 45860/220, publicados no BOPP de 19 de setembro de 2025, e actualmente vixentes.
Por todo o exposto, procede desestimar o recurso presentado pola interesada.

**3. - Órgano municipal competente.**
De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e artigo 123.1 da LPACAP. resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/09/2025).

Á vista do exposto, elévase ao órgano competente a seguinte;

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO.**- Desestimar o recurso de reposición presentado A. B. Vieira Parada, DNI ***3435** presentado contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data do 11 de xullo de 2025, no expediente 46628/220, en base aos antecedentes e fundamentos xurídicos expostos.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas no procedemento, indicando que contra el, poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente."

**13(809).- LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NA PROVISIÓN DEFINITIVA DA XEFATURA DE ELECTROMECÁNICOS (SEGUNDA CONVOCATORIA). EXPTE. 46749/220.**

Sométese a aprobación o informe-proposta do 21/10/2025, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 6 de xuño de 2025 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras da provisión definitiva do posto de traballo de Xefe/a de Electromecánicos, mediante o sistema de concurso específico.

No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto en segunda convocatoria, ao ter quedado a primeira deserta, tramitada en expediente nº 44.254-220.

As bases e convocatoria constan publicadas no BOPPO núm. 114, do martes 17 de xuño do 2025.

O extracto da convocatoria consta publicada no DOG núm. 131, do xoves 10 de xullo do 2025.

No Boletín Oficial del Estado núm. 187, do martes 5 de agosto do 2025, consta publicado anuncio da convocatoria polo cal procedeuse a apertura do prazo de presentación de instancias.

En data 27 de agosto do 2025 rematou o prazo de presentación de instancias durante o cal, e segundo os documentos que obran incorporados ao expediente (trámite 60) presentaronse os seguintes aspirantes:

1.- B. Arranz González, con DNI ***7035**

Os documentos que, de conformidade tanto co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas como nas propias bases rectoras do procedemento de provisión definitiva aprobadas estímase que deben constar inexcusablemente asinados polas persoas aspirantes son os seguintes:

-Solicitude de participación no procedemento de provisión.

-Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.

-Memoria requerida no apartado Cuarto das bases.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 91 de 143 |
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

De conformidade coa cláusula terceira das bases da convocatoria procedeuse a aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/09/2025) polo que trala preceptiva publicación da lista provisional, exposta segundo certificación obrante no trámite 82 do expediente dende o 23/09/2025 ata o 07/10/2025, formúlase a seguinte a **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Prestar aprobación á lista definitiva de admitidos e excluídos no procedemento de provisión definitiva en segunda convocatoria do posto de Xefe/a de Electromecánicos, que seguidamente se recolle:

**ADMITIDOS**

| **ASPIRANTE** | **DNI** |
|---|---|
| B. Arranz González | ***7035** |

**SEGUNDO.-** Designar aos membros da comisión de valoración conforme a cláusula quinta das bases da convocatoria que de seguido se relacionan:

Presidente/a:

Titular: D. Alberto Escariz Couso, Interventor Xeral Municipal do Concello de Vigo.
Suplente: Dª Maria de Mar Suárez del Campo, Viceinterventora xeral adxunta.

Vogais

Titular: D.  Antonio Villanueva Guimeráns, Xefe do Servizo de Administración Electró nica.
Suplente: Dª Ángela Fernández López, Xefa do Servizo de Contratación.

Titular: Dna. Beatriz Barbará Rodríguez, Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.
Suplente: Dª Susana Garcia  Álvarez, Letrada-Xefa de Asesoramento.

Titular: Dª Fátima Dueñas Corchero, Xefa do Servizo de Turismo.
Suplente:  Dª Luz María González Domínguez, Xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía.

Secretario/a:

Titular: D. José Villán Fuertes, Secretario Xeral do Pleno.
Suplente: Dª Maria Dolores Hernández Vidal, Xefa do Servizo de Fiscalización.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

**TERCEIRO.-** Convocar aos membros da Comisión de Valoración á sesión constitutiva e de valoración provisional dos méritos que terá lugar o día **3 de novembro de 2025 as 9:00 h** na sala de xuntas da Secretaría do Concello (primeiro andar).

**CUARTO.-** Contra o presente acordo, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo competentes no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**QUINTO.-** Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos e páxina web do Concello.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(810).- LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NA PROVISIÓN DEFINITIVA DA XEFATURA DE XUVENTUDE. EXPTE. 46751/220.**
Sométese a aprobación o informe-proposta do 21/10/2025, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 6 de xuño do 2025 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación ás bases reguladoras da provisión definitiva do posto de traballo de Xefe/a de Xuventude, mediante o sistema de concurso específico. No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto .

As bases e convocatoria constan publicadas no BOPPO núm. 114, do martes 17 de xuño do 2025.

O extracto da convocatoria consta publicada no DOG núm. 131, do xoves 10 de xullo do 2025.

No Boletín Oficial del Estado núm.187, do martes 5 de agosto do 2025, consta publicado anuncio da convocatoria polo cal procedeuse a apertura do prazo de presentación de instancias.

En data 27 de agosto do 2025 rematou o prazo de presentación de instancias, e exposto ao público segundo a certificación de exposición pública do anuncio (trámite 62) presentaronse os aspirantes que constan documentados nos trámites 56 a 59 (ambos inclusive) do expediente, sendo os seguintes:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado
Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 93 de 143
1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

1.- MEDIERO RODRÍGUEZ, M.B., con DNI ***637***
2.- NÚÑEZ ABOY, M., con DNI ***383***
3.- CAMPOS BESTILLEIRO, M. con DNI ***344***

Os documentos que, de conformidade tanto co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas como nas propias bases rectoras do procedemento de provisión definitiva aprobadas estímase que deben constar inexcusablemente asinados polas persoas aspirantes son os seguintes:

-Solicitude de participación no procedemento de provisión.

-Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.

-Memoria requerida no apartado Cuarto das bases.

De conformidade coa cláusula terceira das bases da convocatoria procedeuse a aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/09/2025) polo que trala preceptiva publicación da lista provisional, exposta segundo certificación obrante no trámite 86 do expediente dende o 23/09/2025 ata o 07/10/2025, formúlase a seguinte a **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Prestar aprobación á lista definitiva de admitidos e excluídos no procedemento de provisión do posto de Xefe/a de Xuventude, que seguidamente se recolle:

**ADMITIDOS**

| ASPIRANTE | DNI |
|---|---|
| 1.- MEDIERO RODRÍGUEZ, M.B., | ***637*** |
| 2.- NÚÑEZ ABOY, M. | ***383*** |
| 3.-CAMPOS BESTILLEIRO, M. | ***344*** |

**SEGUNDO.-** Designar aos membros da comisión de valoración conforme a cláusula quinta das bases da convocatoria que de seguido se relacionan:

Presidente/a:

Titular: D. Jerónimo Centrón Castaños, Xefe da Área de Servizos Xerais do Concello de Vigo.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

Suplente: Dª Beatriz Barbará Rodríguez, Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos do Concello de Vigo.

Vogais

Titular: Dª Fátima Dueñas Corchero, Xefe do Servizo de Turismo.
Suplente: D. Luz Mª González Domínguez, Xefa da Unidade Administrativa da Alcal día.

Titular: Dª. Olga Román Celada, Xefa do Servizo de Festas.
Suplente: Dª Elena Ares Salgado, Letrada-Asesora da Asesoría Xurídica.

Titular: Dª Ángela Fernández López, Xefa do Servizo de Contratación.
Suplente: Dª Mónica Domínguez Estévez, Xefa do Servizo de Estatística.

Secretaria:

Titular: Dª José Villán Fuertes, Secretario Xeral do Pleno.
Suplente: Dª Pilar del Carmen Saborido Díaz, Secretaria de Administración Munici pal.

**TERCEIRO.**- Convocar aos membros da Comisión de Valoración á sesión constitutiva e de valoración provisional dos méritos que terá lugar o día **5 de novembro de 2025 as 9:00 h** na sala de xuntas da Secretaría do Concello (primeiro andar).

**CUARTO.-** Contra o presente acordo, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**QUINTO.-** Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos e páxina web do Concello".

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(811).- CRITERIOS XERAIS REITORES DO CONCURSO ORDINARIO PARA A PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO A1 E A2 (ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL). EXPTE. 1928/1102.**
Sométese a aprobación o informe-proposta do 17/10/2025, asinado pola secretaria de goberno local como instrutora do expediente e conformado pola concelleira dele-



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 95 de 143 |
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

gada de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.-Por resolución de data 17 de xullo do 2025 acordouse o seguinte:

*"Primeiro.- Incoar expediente de actuacións administrativas para a elaboración de criterios xerais rectores da provisión definitiva polo sistema de concurso ordinario dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1, A2, C1, C2 e AP de titulación existentes no Concello de Vigo.*

*Segundo.- Designar como instrutoras dos expedientes tendentes á elaboración de proposta de criterios xerais, así como das correspondentes bases e convocatorias, ás funcionarias de carreira seguintes:*

*-Postos de traballo A1 e A2 da Escala de Administración Xeral a proveer polo sistema de concurso ordinario: Dª S. Gallardo Fariña, Secretaria do Goberno Local.*

*-Postos de traballo A1 e A2 da Escala de Administración Especial a proveer polo sistema de concurso ordinario: Dª M. Dapena Gómez, xefa da Área de RRHH e Formación.*

*-Postos de traballo C1, C2 e AP pertencentes a ambas escalas: elaboración de proposta conxunta de criterios xerais, convocatoria e bases tipo, e calendarización das convocatorias polas dúas funcionarias anteriormente citadas, para a súa posterior execución polo persoal da Área de RRHH e formación conforme á calendarización previa elaborada.*

*Terceiro.- Notificar a presente resolución ás persoas designadas como instrutoras dos procedementos de provisión definitiva dos postos de traballo do Concello de Vigo e á Asesoría Xurídica Municipal (Titularidade e servizos xurídicos) para coñecemento e efectos"*

2.- En sesión de data 29 de xullo do 2025, as partes integrantes da mesa xeral de negociación (materias comúns a persoal funcionario e laboral) do Concello de Vigo acadaron consenso na negociación da proposta de criterios xerais reitores do concurso ordinario para a provisión de postos de traballo A1 e A2 (Escala De Administración Xeral e Especial) E C1, C2 E AP, incorporando as seguintes modificacións:

- No apartado: Criterios de desempate", eliminar "segunda fase".

- No apartado: Cursos de formación e perfeccionamento:

    - Valorarse a superación de cursos organizados e impartidos directamente pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), a Axencia de Coñecemento en Saúde (Acis), o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), as escolas oficiais de formación similares das restantes comunidades autónomas e as universidades públicas; os cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (AFEDAP) e os cursos impartidos polas organizacións sindicais, colexios profesionais e administracións públicas.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

- Que se incorpore especificamente na redacción a valoración de cursos en materia de carácter transversal.

No apartado de titulacións académicas:

- Establecer as equivalencias ao Marco español de cualificacións para a educación superior (MECES) e conforme a elo revisar a seguinte redacción "*Neste apartado non se valorarán aquelas titulacións que serviron para o acceso a dito corpo ou escala no que está clasificado o posto de traballo ao que se concursa así como os que sexan de inferior nivel académico que require o posto de traballo ao que se concorra".*

- Valorar os certificados de profesionalidade cunha puntuación de 0,10 puntos.

**A vista do acordo, e previa verificación da viabilidade do mesmo, formúlase unha nova proposta coas seguintes modificacións**

- No apartados de criterios de desempate eliminar "segunda fase": procede a súa corrección.

- No apartado de Cursos de formación e perfeccionamento: incorpórase a redacción proposta respecto a valoración de cursos e se especifica a valoración dos cursos de carácter transversal. Proponse a mesma redacción que a contida nos criterios de provisión de postos mediante concurso específico.

- No apartado de titulacións académicas incorpórase as equivalencias ao Marco español de cualificacións para a educación superior (MECES). Así mesmo, respecto a valoración de das titulacións diferentes as requiridas para o ingreso a corpo cómpre destacar a sentenza do Tribunal 104/2024 de 24 Ene. 2024, Rec. 16/2022 que recolle a doutrina fixada pola sentenza do Tribunal Supremo 1400/2023, do 7 de novembro (recurso de casación 8517/2021) dispón " *2ª) El* Real Decreto 967/2014, *que regula el procedimiento para determinar la correspondencia de los títulos oficiales de Arquitectura, Ingeniería, Licenciatura, Arquitectura Técnica, Ingeniería Técnica y Diplomatura a los niveles del Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior, que incluye estas dos específicas previsiones:*

*" A) El artículo 24.6, cuando dispone que "Las resoluciones de correspondencia de los títulos a un determinado nivel del Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior causarán los efectos académicos y profesionales de conformidad con la normativa sectorial correspondiente, asociados a las enseñanzas incluidas en dichos niveles".*

*B) La disposición adicional octava, cuando indica: "Lo previsto en este real decreto no resulta de aplicación al régimen de titulaciones exigible para el ingreso*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 97 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*en las Administraciones Públicas, que se regirá, en todo caso, por lo previsto en la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público, y el resto de su normativa específica que resulte de aplicación". Dos puntualizaciones hay que hacer sobre ella: 1ª) que la remisión hay que entenderla referida hoy día al vigente TREBEP de 2015. 2ª) que su alcance es el fijado por* esta Sala en sentencias de 15 marzo de 2016 (recursos 964/14, 14 *y* 19/2015 *): "la remisión a las normas que regulan el acceso a la Función Pública no determina que los títulos del sistema anterior (arquitecto, ingeniero, licenciado, arquitecto técnico, ingeniero técnico, diplomado) " dejen de tener valor a los efectos de acceso a las Administraciones Públicas; Supone, simplemente, la constatación de que el sistema de acceso al empleo público se regula por la legislación que le es propia (el Estatuto Básico del Empleado Público y la normativa complementaria), a la que habrá de estarse en todo caso cuando de la incorporación a la Función Pública se trate.".*

3.- Tralo acordo adoptado pola mesa común de negociación para o persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo na citada data 29 de xullo do 2025, formulouse unha nova proposta, asinada electrónicamente en data 23/09/2025, outorgando un trámite de audiencia por un prazo de 10 días hábiles á representación sindical para novas aportacións.

Finalizado o prazo e a salvo de erro ou omisión, na aplicación informática xestora de expedientes únicamente consta o documento nº 250272382, presentado polo secretario do sindicato SICO, instando a rectificar un erro, concretado na incorporación ao apartado "cursos de formación" da previsión de valoración da superación de cursos organizados e impartidos por todas as universidades do sistema universitario.

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

**I.- MARCO NORMATIVO RECTOR DA PROVISIÓN DE POSTOS E PRELACIÓN DE FONTES**

O artigo 149.1.18ª da Constitución Española de 1978 establece a competencia exclusiva do Estado sobre as bases do réxime xurídico das Administracións Públicas e o réxime estatutario dos seus funcionarios que, en todo caso, garantirán aos administrados un tratamento común ante estas.

A Carta Magna prevé a existencia dunha reserva de lei do estatuto xeral dos funcionarios públicos no seu artigo 103.3, así como o acceso á función pública de acordo cos principios de mérito e capacidade, as peculiaridades do exercicio do seu dereito á sindicación, o sistema de incompatibilidades e as garantías para a imparcialidade no exercicio dos seus funcións. En este sentido a Sentenza do Tribunal Constitucional 99/1987, de 11 de xuño delimita o contido da reserva de lei do estatuto dos funcionarios públicos, declarando

"*c) En el primer inciso de su art. 103.3 la Constitución ha reservado a la Ley la regulación de la situación personal de los funcionarios públicos y de su relación de servicio o «régimen estatutario», por emplear la expresión que figura en el art. 149.1.18 de la misma Norma fundamental. Es éste, desde luego, un ámbito cuyos contornos no pueden definirse en abstracto y a priori, pero en el que ha de entenderse comprendida, en principio, la normación relativa a la adquisición y pérdida de la condición de funcionario, a las condiciones de promoción en la carrera administrativa y a las situaciones que en ésta puedan darse, a los derechos y deberes y responsabilidad de los funcionarios y a su régimen disciplinario, así como a la creación*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

*e integración, en su caso, de Cuerpos y Escalas funcionariales y al modo de provisión de puestos de trabajo al servicio de las Administraciones Públicas, ..*.
Así, a Constitución establece a competencia exclusiva do Estado respecto ao réxime estatutario dos funcionarios públicos común a todas as Administracións Públicas formulado a través de bases que poderán ser desenvoltas polas Comunidades Autónomas, e en particular sobre un dos aspectos do seu estatuto xurídico, no que aquí nos atinxe, ao modo de provisión dos postos de traballo ao servizo das Administracións Públicas. Cómpre ter así mesmo presente a competencia exclusiva do Estado sobre lexislación laboral (artigo 149.1.17ª CE 1978).
A provisión de postos na administración local rexérase pola lexislación básica estatal, sendo de aplicación os preceptos básicos da lexislación sobre función pública previstas no Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TRLEBEP), e función pública local da Lei 7/1985, Reguladora de bases de réxime local (LRBRL) así como aqueles preceptos básicos do Real Decreto 781/1986, de 18 abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Tras os preceptos básicos e dada a ausencia de desenvolvemento normativo do TRLEBEP neste aspecto por parte do lexislador estatal básico, no que atinxe estritamente á provisión de postos de traballo serán de aplicación as previsións en materia de función pública local da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, en atención ao principio de xerarquía normativa desta norma (artigo 9.3 CE 1978)

A lei autonómica en materia de función pública desenvolvese regulamentariamente en materia de mobilidade e provisión mediante o Decreto 151/2022, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, aplicable segundo o seu artigo 2.2 ao persoal funcionario de carreira da Administración Local no non reservado á lexislación do Estado, e sen prexuízo da aplicación da lexislación específica para o persoal funcionario de Administración local con habilitación con carácter nacional, e vén a colmar as lagunas existentes na lexislación autonómica derogando en particular os artigos 1 a 17 e Disposición transitoria Terceira do Decreto 93/1991, de 20 de marzo.

Pola súa banda, resulta igualmente de aplicación supletoria o Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

Tras a normativa exposta de carácter legal e regulamentario resulta aplicable o Acordo Regulador de Condicións económicas e sociais dos funcionarios do Concello de Vigo e o Convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Vigo, ambos aprobados polo Pleno da Corporación en acordos de data 28/12/1998.

## II.-CONCURSO ORDINARIO COMO SISTEMA DE PROVISIÓN DE POSTOS

-Os artigos 101 e 102 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local establecen que:
Artigo 101



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 99 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*Los puestos de trabajo vacantes que deban ser cubiertos por los funcionarios a que se refiere el artículo anterior se proveerán en convocatoria pública por los procedimientos de concurso de méritos o de libre designación, de acuerdo con las normas que regulen estos procedimientos en todas las Administraciones públicas.*

*En dichas convocatorias de provisión de puestos de trabajo, además de la participación de los funcionarios propios de la entidad convocante, podrán participar los funcionarios que pertenezcan a cualquiera de las Administraciones públicas, quedando en este caso supeditada la participación a lo que al respecto establezcan las relaciones de puestos de trabajo.*

Artigo 102

*1. Las pruebas de selección y los concursos para la provisión de puestos de trabajo, a que se refiere el presente capítulo, se regirán por las bases que apruebe el Presidente de la Corporación, a quien corresponderá su convocatoria.*

*2. En las pruebas selectivas, el tribunal u órgano similar elevará la correspondiente relación de aprobados al Presidente de la Corporación para hacer el nombramiento, a quien también corresponderá la resolución motivada de los concursos para la provisión de puestos de trabajo, previa propuesta de aquellos órganos de selección."*

- A Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia, contempla no seu artigo 89 o concurso como sistema ordinario de provisión de postos de traballo:

*1. El concurso es el procedimiento normal de provisión de puestos de trabajo por el personal funcionario de carrera y consiste en la valoración de los méritos y capacidades y, en su caso, aptitudes de los candidatos conforme a las bases establecidas en la correspondiente convocatoria.**El concurso puede ser ordinario o específico**.*

*2. Los concursos para la provisión de puestos de trabajo pueden convocarse para la generalidad de los puestos de trabajo vacantes, para puestos de trabajo de un determinado ámbito o para puestos de trabajo concretos, en atención a las necesidades del servicio. En todo caso, no se incluirán en ellos los puestos de trabajo que tengan adscrito personal funcionario de carrera por motivos de salud o rehabilitación o por motivos de violencia de género.*

*No obstante, el personal funcionario de carrera que esté adscrito por motivos de salud o rehabilitación a un puesto de trabajo en distinta localidad de aquella en la que tenga su destino definitivo estará obligado a participar en los concursos de provisión, para puestos adecuados a su cuerpo o escala, que se convoquen y a solicitar todos los puestos situados en la misma localidad del puesto al que figure adscrito provisionalmente.*

*El incumplimiento de esta obligación determinará el cese en el puesto en el que figure adscrito por motivos de salud o rehabilitación.*

*Lo dispuesto en este apartado será de aplicación en exclusiva a los puestos de personal funcionario de administración general y especial. En el caso del personal funcionario de la Administración de justicia, personal docente o personal estatutario del sistema de salud, no será de aplicación directa, y se observará su regulación específica.*

*3. Para la valoración de los méritos, capacidades y, en su caso, aptitudes de los candidatos, se crearán comisiones de valoración, con la composición y el régimen de funcionamiento que se determinen reglamentariamente, garantizándose en los casos de los concursos ordi-*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

*narios la participación de la representación del personal. La composición de estos órganos responderá a los principios de profesionalidad y especialización de sus miembros y se adecuará al criterio de paridad entre hombre y mujer. Su funcionamiento se ajustará a los principios de imparcialidad y objetividad.*

*4. Las convocatorias para proveer puestos de trabajo por concurso deben incluir, en todo caso, los siguientes datos y circunstancias:*

*a) La identificación de los puestos que se oferten.*
*b) Los requisitos necesarios para participar en la convocatoria.*
*c) El baremo de méritos.*

*5. En el ámbito de la Administración general de la Comunidad Autónoma de Galicia y de las entidades públicas instrumentales del sector público autonómico, los concursos para la provisión de puestos de personal funcionario de carrera deberán resolverse en el plazo de seis meses, a contar desde la publicación de las listas definitivas de personas admitidas y excluidas."*

O artigo 90 da mesma norma determina as condicións do concurso ordinario, establecendo que:

*"1. El concurso ordinario es el procedimiento general de provisión de los puestos de trabajo que no tengan establecida otra forma de provisión en la relación de puestos de trabajo.*

*2. El personal funcionario de carrera que ocupe con carácter definitivo un puesto de trabajo obtenido por concurso debe permanecer en él un mínimo de dos años para poder participar en los concursos ordinarios regulados en este artículo.*
*En el supuesto del personal funcionario de nuevo ingreso, es requisito necesario para poder participar en estos concursos, en todo caso, una antigüedad mínima de dos años desde el nombramiento como personal funcionario de carrera.*
*El personal que haya adquirido la condición de personal funcionario de carrera al amparo de la disposición transitoria primera de la presente ley y la normativa de desarrollo de la misma podrá participar en los concursos ordinarios regulados en este artículo desde el momento de dicha adquisición, siempre que tenga una antigüedad mínima de dos años en la categoría profesional equivalente al cuerpo o escala en la que se realizó su funcionarización.*
*Número 2 del artículo 90 redactado por el número ocho del artículo 6 de la Ley 18/2021, 27 diciembre, de medidas fiscales y administrativas («D.O.G.» 31 diciembre).Vigencia: 1 enero 2022*
*3. En los concursos ordinarios se tendrán en cuenta únicamente los méritos y capacidades y, en su caso, aptitudes exigidos en la correspondiente convocatoria, entre los que figurarán de manera necesaria los que se determinen reglamentariamente."*
O procedemento de provisión de postos mediante concurso ordinario vén desenvolto polo na lexislación autonómica polo Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais inte-



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 101 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

grantes do sector público autonómico no seus arts. 9 a 19. Así mesmo, aplicarase supletoriamente o RD 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento General de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado nos arts. 39 a 50.

Será de aplicación o Acordo Regulador de condicións económicas e sociais dos funcionarios do Concello de Vigo e Convenio colectivos do persoal laboral xa citados, na forma e nos termos que o art. 9,3 CE 1978 (xerarquía normativa) determine; debendo adaptarse ás previsións do I Plan de Igualdade do Concello de Vigo así como ás do Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamiento del sector público por medios electrónicos, e á vixente Ordenanza Municipal de Administración Electrónica do Concello de Vigo.

**III.- NEGOCIACIÓN COLECTIVA**

De conformidade co artigo 37.2, apartado e) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP) están expresamente excluídas da obrigatoriedade da negociación as seguintes materias: *e) La regulación y determinación concreta, en cada caso, de los sistemas, criterios, órganos y procedimientos de acceso al empleo público y la promoción profesional.*

A proposta de criterios xerais para a execución das convocatorias de provisión de postos mediante o sistema de concurso ordinario dos postos de traballo A1 e A2 obxecto do presente expediente foi sometida a negociación colectiva na sesión ordinaria da Mesa Xeral de Negociación de data 29/07/2025, tal e como se ten exposto nos antecedentes.

A proposta foi sometida a votación quedando vinculada á modificación nos termos negociados, segundo o teor literal da certificación do acordo que obra incorporada ao expediente, que é a seguinte:

*"RESULTANDO DA VOTACIÓN DA PROPOSTA COAS MODIFICACIÓNS INIDCADAS*

*Votos a favor, Concello (4), CSI-CSIF (1,3) UXT (1,00), CCOO (0,9) e CIG (0,8)*
*Votos en contra: ningún*
*Abstención: ningún*

*E por isto que as partes integrantes da mesa común de negociación para o persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo acadan consenso na negociación da proposta de criterios xerais reitores do concurso ordinario para a provisión de postos de traballo A1 e A2 (Escala De Administración Xeral e Especial) E C1, C2 E AP."*

Así mesmo, a proposta modificada, foi sometida a trámite de audiencia a proposta modificada. Durante dito prazo presentouse alegación por parte do Sindicato. A solicitude que se recolle no escrito se axusta á legalidade, toda vez que tanto os títulos unversitarios impartidos polas universidades españolas e aqueles estranxeiros recoñecidos en España (tanto da UE como fóra da UE) surten os plenos efectos que a normativa establece, polo que poden ser debidamente considerados. E por isto polo que se procede a modificación do

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

apartado "cursos de formación" segundo o solicitado.

**V.- COMPETENCIA.**

O art. 4.1.a) e c) da LBRL recoñécelles aos municipios, entre outras, respectivamente, as potestades públicas de autoorganización e as de programación e planificación.

O órgano competente para a aprobación de convocatorias e as súas bases no ámbito da xestión do persoal municipal é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En consecuencia, , sométese á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar os criterios xerais reitores para a provisión mediante concurso ordinario dos postos de traballo correspondentes aos subgrupos A1 e A2 de titulación (Escala de Administración Xeral) que se incorporan como ANEXO I e que forman parte inseparable do presente acordo.

**SEGUNDO.-** Ordenar a realización das publicacións nos diarios oficiais que correspondan, dispoñendo a súa inserción no Taboleiro de anuncios e edictos, na web municipal e no Portal de transparencia do Concello de Vigo aos efectos do seu público coñecemento.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo que resulten competentes, no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

"CRITERIOS XERAIS REITORES DO CONCURSO ORDINARIO PARA A PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO A1 E A2 (ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL).

**1– Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)**

O grao persoal consolidado como persoal funcionario do Corpo/Escala desde o que se participa valorarase en relación co nivel do posto ao que se convoca ata un máximo de 4 puntos do seguinte xeito:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 103 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Pola posesión dun grao persoal superior ao do posto solicitado: 4 puntos.
Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado: 3 puntos.
Pola posesión dun grao persoal inferior nun grao ao do posto solicitado: 2 punto.
Pola posesión dun grao persoal inferior en dous graos ao do posto solicitado: 1 puntos.

A cualificación máxima por este apartado non poderá ser superior a 4 puntos.

**2.- Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)**

Valorarase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo no Concello de Vigo e os seus organismos autónomos, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de funcionario ou funcionaria de carreira, ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados.

**3.- Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante ( ata un máximo de 1 puntos)**

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.

- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.

- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.

- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.

A cualificación máxima por este apartado non poderá ser superior a 1 puntos.

**4.- Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos).**

Valorarase a posesión de titulacións académicas oficiais, sempre que sexan distintas á requirida para o ingreso ao corpo desde o que se concurse e sexan de igual ou superior nivel académico conforme o seguinte baremo.

a) Doutorado: 1,00 puntos.
b) Master o titulacións equivalentes correspondentes ao nivel 3 do Marco español de cualificacións para a educación superior (MECES) (licenciatura universitaria, enxeñería, arquitectura): 0,80 puntos.
c) Grao ou titulacións equivalentes correspondentes ao nivel 2 do MECES (diplomatura universitaria, enxeñería técnica, arquitectura técnica):0,60 puntos
f) Técnico superior: 0,40 puntos.
g) Bacharelato ou equivalente: 0,30 puntos.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

h) Graduado en ESO ou equivalente: 0,20 puntos.
i) Certificado de profesionalidade:0,10 puntos.

Para os efectos de equivalencia de titulacións, só se admitirán as establecidas polo Ministerio competente en materia de educación con carácter xeral, e válidas para todos os efectos, sempre que se indique expresamente a disposición en que se establece a equivalencia e o BOE en que se publica.

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

A cualificación máxima por este apartado non poderá ser superior a 3 puntos.

**5.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 5 puntos).**

O desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación valorarase conforme se indica a continuación:

a) Pola prestación efectiva de servizos, con destino definitivo, adscrición provisional ou en comisión de servizos en postos de traballo no/a mesmo/a área/servizo/oficina/ unidade administrativa do posto ou postos solicitados e de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ou postos aos que se concursa: 0,06 puntos por cada mes completo.

b) Pola prestación efectiva de servizos, con destino definitivo, adscrición provisional ou en comisión de servizos en postos de traballo no/a mesmo/a área/servizo/oficina/ unidade administrativa do posto ou postos solicitados e de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao do posto ou postos aos que se concursa: 0,045 puntos por cada mes completo.

c) Pola prestación efectiva de servizos, con destino definitivo, adscrición provisional ou en comisión de servizos en postos de traballo de distinto/a área/servizo/oficina/unidade administrativa do posto ou postos solicitados e de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ou postos ao que se concursa: 0,03 puntos por cada mes completo

d) Pola prestación efectiva de servizos, con destino definitivo, adscrición provisional ou en comisión de servizos en postos de traballo de distinto/a área/servizo/oficina/ unidade administrativa do posto ou postos solicitados e de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ou postos ao que se concursa: 0,03 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional adquirida mediante prestación efectiva de servizos en comisión de servizos valorarase en todo caso coa limitación da duración máxima legalmente prevista.

A cualificación máxima por este apartado non poderá ser superior a 5 puntos.

**6.- Cursos de formación e perfeccionamento (ata un máximo de 5 puntos).**
Valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento relacionados directamente coas funcións propias do posto ao que se aspira convocado e nos que se expida diploma, certificado de asistencia, ou certificado de aproveitamento, conforme ao seguinte baremo.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 105 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| Duración | Puntuación |
|---|---|
| 5 a 20 h | 0,10 |
| 21 a 50 horas | 0,20 |
| 51 a 100 horas | 0,50 |
| 101 a 150 horas | 0,70 |
| 151 a 200 horas | 1 |
| Máis de 200 horas | 1,5 |

Valorarse a superación de cursos organizados e impartidos directamente pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), a Axencia de Coñecemento en Saúde (Acis), o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), as escolas oficiais de formación similares das restantes comunidades autónomas; universidades; os cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (AFEDAP) e os cursos impartidos polas organizacións sindicais, colexios profesionais e administracións públicas, e universidades nos termos do disposto na normativa educativa que resulte de aplicación.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 5 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Nos cursos de informática, valoraranse aqueles cuxos diplomas estean expedidos con posterioridade ao ano 2000. Igualmente, deberán valorarse polo seu carácter transversal os cursos en materia de linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Polo seu carácter obrigatorio, non serán obxecto de baremación os cursos básicos en materia de prevención de Riscos Laborais.

A puntuación máxima a acadar será dun máximo de 5 puntos.

**7.- Nivel de coñecemento da lingua galega (ata un máximo de 2 puntos)**

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- Curso de iniciación de galego, Celga 3 ou equivalente:0,50 puntos.
- Curso superior de perfeccionamento de galego, Celga 4 ou equivalente: 0,75
- Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 punto.
- Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.

Só se valorará o título de maior nivel.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

Só se concederá validez aos cursos, estudios ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 2,00 puntos

**CRITERIOS DESEMPATE**

En caso de empate na puntuación, dirimirase conforme os seguintes criterios:

1. En primeiro lugar, cando nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría do Concello de Vigo se verifique a infrarrepresentación do sexo feminino, terá preferencia a muller.

Enténdese por infrarrepresentación cando exista no corpo, escala, grupo ou categoría unha diferencia porcentual de polo menos 20 puntos entre o número de mulleres e o de homes.

2. En segundo lugar, terán preferencia aquelas persoas funcionarias de carreira que estean adscritas con carácter provisional na data de publicación da convocatoria en relación aos postos que están adscritos.

3. En terceiro lugar, atenderase á puntuación total obtida nos méritos de necesaria valoración que son a antigüidade, a valoración do traballo desenvolvido e o coñecemento da lingua galega.
Noutros termos, atenderase a suma da puntuación obtida nos 3 méritos sinalados, de tal forma que quen teña maior puntuación global terá preferencia.

4. E por último, de persistir o empate, decidirá a maior antigüidade do persoal funcionario no Concello de Vigo."

**16(812).- DAR CONTA DA ACEPTACIÓN DA ASIGNACIÓN DA SENDA FINANCEIRA FEDER A PLANS DE ACTUACIÓN INTEGRADOS DE ENTIDADES LOCAIS. EXPTE. 2247/441**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/10/2025, asinado polo xefe de Área de Investimentos, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES :

1.- Con data do 7 de outubro de 2024 o BOE publica a Orde HAC/1072/2024, do 2 de outubro, pola que se aproban as bases reguladoras para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de actuación integrados de entidades locais, no marco do Desenvolvemento Urbano Sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no periodo de programación 2021-2027.

2.- Con data do 23 de decembro de 2024 a Dirección Xeral Desenvolvemento Urbano De Fondos Europeos resolve a aprobación da convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 107 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

marco do desenvolvemento urbano sustentable, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no operado de programación 2021-2027.

3.- Con data do 30 de decembro de 2024 o BOE publica o extracto da resolución do 23 de decembro de 2024 da Dirección Xeral de Fondos Europeos pola que se aproba a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sustentable, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no decreto de programación 2021-2027.

4.- Con data 25 de febreiro de 2025, a Xunta de Goberno Local acordou no marco do expediente 2247-441:

Primeiro: Aprobar a participación do Concello de Vigo na convocatoria publicada pola "Resolución do 23 de decembro de 2024 da Dirección Xeral de Fondos Europeos pola que se aproba a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sustentable, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027", aceptando de forma expresa o procedemento regulado por esta resolución.

Segundo: Aprobar el "**PLAN DE ACTUACIÓN INTEGRADO VIGO VERTICAL TRAVESAS - CASTRELOS"**, de acordo co contido do epígrafe III, da parte expositiva do informe proposta, co obxecto de concorrer á convocatoria publicada pola "Resolución do 23 de decembro de 2024 da Dirección Xeral de Fondos Europeos pola que se aproba a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de Entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sustentable, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027".

O **PLAN DE ACTUACIÓN INTEGRADO VIGO VERTICAL TRAVESAS – CASTRELOS",** enmárcase no seguinte marco da senda financeira correspondente a Grandes cidades (maiores de 75.000 habitantes) :

| | TOTAL |
|---|---|
| P1. A1: Rehabilitación e transformación do contorno urbano de Gran Vía | 6.504.353,00 € |
| P1. A2:Transformación del Complexo As Travesas en edificio de consumo case nulo. | 648.000,00 € |
| P1. A3. Ampliación de actuacións da oficina de rehabilitación e vivenda sustentable para a rexeneración residencial de Travesas-Castrelos. | 440.000,00 € |
| P1. A4. Impulso ao comercio local e os mercados urbanos para a dinamización económica e a innovación comercial. | 300.000,00 € |
| P2. A1. Humanización do contorno urbano Rúa Gerona para favorecer a permeabilidade e a conectividade de Travesas-Castrelos co Centro Histórico. | 1.263.680,96 € |
| P2. A2. Humanización del entorno urbano del complexo deportivo As Travesas | 1.336.155,55 € |

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| | |
|---|---|
| P2. A3. Construción carril bici entre Praza América co Parque Castrelos a través do complexo das Travesas | 1.060.000,00 € |
| P3. A1. Rehabilitación integral do Museo Liste | 275.000,00 € |
| P3. A2. Rehabilitación e posta en valor do Pazo Museo Quiñones de León. | 2.116.141,51 € |
| P3. A3. Mellora ambiental e adecuación ao cambio climático do Parque Castrelos | 450.000,00 € |
| P3. A4. Adecuación do contorno urbano e posta en valor da Igrexa de Santo Tomé de Freixeiro | 121.036,88 € |
| P3. A5. Dixitalización do patrimonio cultural e dos arquivos municipais como activo turístico | 220.000,00 € |
| P4. A1. Modernización e mellora da accesibilidade ao transporte público mediante a integración da tarxeta PASSVIGO en sistemas de pagamento NFC | 302.500,00 € |
| P4. A2. Electrificación das cocheiras municipais | 1.020.443,02 € |
| P4. A3. Adquisición de vehículos eléctricos de transporte público | 3.942.688,92 € |
| **Total** | **20.000.000,00 €** |

No caso de ser beneficiario da axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco da convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sustentable, FEDER 2021-2027, o Concello de Vigo comprométese a habilitar o crédito adecuado e suficiente para financiar toda a execución do proxecto en caso de resultar seleccionado este, de acordo coas normas reguladoras da convocatoria.

Terceiro: Aceptar todas as condicións establecidas na Orde HAC/1072/2024, do 2 de outubro, pola que se proban as bases reguladoras para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de actuación integrados de entidades locais, no marco do Desenvolvemento Urbano Sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no decreto de programación 2021-2027, e así mesmo, de acordo coa 'Resolución do 23 de decembro de 2024 da Dirección Xeral de Fondos Europeos pola que se proba a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de Entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sustentable, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no operado de programación 2021-2027", en caso de ser beneficiado de esta convocatoria, o Concello de Vigo comprométese desenvolver a capacidade administrativa suficiente para exercer as funcións que lle correspondan á entidade, con relación coas obrigas recollidas no artigo 20 da Orde de bases, e así mesmo se compromete a tramitar ante as autoridades competentes os certificados do cumprimento dos requisitos ambientais requiridos para a execución das actuacións previstas no Plan.

Cuarto: Delegar no Segundo tenente de Alcalde e Concellería da área de Fomento, Servizos e Deportes D. Francisco Javier Pardo Espiñeira a



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado
Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 109 de 143
1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

competencia de representación do Concello de Vigo para os efectos do proceso de formalización da solicitude de subvención regulada por Orde HAC/1072/2024, do 2 de outubro; así como no resto de trámites relacionados co procedemento.

Esta delegación alcanza para tódolos efectos, a execución de tódolos trámites administrativos necesarios e conformación da documentación complementaria que requira a súa presentación na sede electrónica do Ministerio de Facenda, así como de calquera procedemento administrativo vinculado coa dita solicitude.

5.- Con data 28 de febreiro de 2025, a Xunta de Goberno Local acordou no marco do expediente 2247-441:

Primeiro: Ampliar o contido da parte dispositiva do acordo da Xunta de Goberno Local da sesión sesión extraordinaria e urxente do 25 de febreiro de 2025, sobre o expediente 2247-441 para a PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO Á CONVOCATORIA PARA ASIGNACIÓN DUNHA SENDA FINANCEIRA FEDER A PLANS DE ACTUACIÓN INTEGRADOS DE ENTIDADES LOCAIS, NO MARCO DO DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE, CON CARGO AO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO DECRETO DE PROGRAMACIÓN 2021-2027, co seguinte contido:

- Solicitar unha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) por importe de 12.000.000,000 euros, no marco da convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sustentable, FEDER 2021-2027.

6.- Con data 7 de outubro de 2025, recíbese no rexistro xeral do Concello de Vigo o aviso da publicación da Resolución provisional da convocatoria para a asignación da senda financeira FEDER a Plans de actuación integrados das entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo o Fondo Europeo de Desarrollo Regional para o período de programación 2021-2027. Na citada resolución se recolle no anexo I coa cualificación de "seleccionado" o proxecto presentado polo Concello de Vigo coa seguinte "Senda Financeira"

- Nº de expediente: 228/2025
- Entidade Solicitante: Ayuntamiento de Vigo
- Senda Financeira asignada: 8.730.304,00 €
- Tasa de cofinanciación: 60%
- Inversión pública correspondente: 14.550.506,00 €

7.- Coa data do 17 de outubro de 2025, achegase a través do rexistro do Concello de Vigo a seguinte notificación:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

***"Comunicación do órgano instrutor para os interesados tras a Resolución do 1 de outubro de 2025, da Dirección Xeral de Fondos Europeos, pola que se resolve provisionalmente a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a plans de actuación integrados de entidades locais***

*Asunto: Ampliación do prazo de alegacións e publicación da valoración detallada da convocatoria de axudas para a asignación de senda financeira FEDER.*

*Trala publicación da resolución do do 1 de outubro de 2025 pola que se resolve provisionalmente a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a plans de actuación integrados de entidades locais e á vista das peticións de información, así como o volume de alegacións recibidas, o órgano instrutor comunica o seguinte:*

*1. Ampliación do prazo de alegacións en virtude do artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, amplíase o prazo de alegacións en 5 días adicionais ao prazo inicialmente concedido. As entidades interesadas poderán formular alegacións ata o venres 24 de outubro ás 15:00 horas.*

***2. Aceptación da senda financeira.***
***Recoméndaselles ás entidades beneficiarias proceder á aceptación da senda financeira asignada durante este trámite de audiencia, co fin de axilizar a tramitación definitiva da axuda.***

*Ben que a normativa xeral (artigo 17.4 da Orde HAC/1072/2024) recolle a aceptación tras a proposta de resolución definitiva, a propia convocatoria (punto 9 da Resolución do 23 de decembro de 2024) habilita expresamente a aceptación nesta fase provisional.*

*A aceptación formalizada agora considerarase válida e definitiva. Só será necesaria unha nova aceptación no suposto de que a proposta de resolución definitiva introducise modificacións na axuda concedida.*

*Para iso, deberán cubrir e presentar a través da sede electrónica (https://tramitesfondoseuropeos.hacienda.gob.es/dossier) o modelo publicado no taboleiro de anuncios dela.*

*Recórdase así mesmo que tal e como se desprende do punto quinto da resolución provisional, as entidades ás que se asigna máis ou igual ao 70% da axuda solicitada non necesitan volver realizar unha reformulación do Plan de Actuación. Neste sentido, recoméndase que as ditas entidades avancen na execución dos seus plans de actuación e, en función do progreso da execución ao longo do perigo, valoren se requiren ou non facer uso da posibilidade de modi-*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 111 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

*ficación dos plans, de conformidade co previsto no artigo 19 da Orde HAC/1072/2024.*

*Ademais, recórdase que o artigo 23 da Orde HAC/1072/2024 recolle a posibilidade de que os PAIs que con data do 31 de marzo de 2027 cumpran os requisitos de selección e xustificación de gasto previstos poderanse beneficiar dunha posible reasignación de senda, coa cal se podería compensar a contía en que se reduciu esta primeira asignación recibida coa resolución da Convocatoria.*

*A presentación de solicitude de reformulación do Plan de Actuación nesta fase do proceso comezará unha nova avaliación por parte da comisión de valoración, a cal deberá confirmar que o novo plan presentado cumpre todos os requisitos exixidos na orde, especialmente no relativo á natureza integrada.*

**II.- PROPOSTA:**

A vista da comunicación de data 17 de outubro, procede executar o tramite requirido de aceptación da senda financeira asignada a través da RESOLUCIÓN DO 1 DE OUTUBRO DE 2025, DA DIRECCIÓN XERAL DE FONDOS EUROPEOS, POLA QUE SE RESOLVE PROVISIONALMENTE A CONVOCATORIA PARA A ASIGNACIÓN DE SENDA FINANCEIRA FEDER A PLANS DE ACTUACIÓN INTEGRADOS DE ENTIDADES LOCAIS, NO MARCO DO DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE, CON CARGO AO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO PERÍODO DE PROGRAMACIÓN 2021-2027.

Debese indicar que a “SENDA FINANCEIRA” asignada a los proxectos presentados en Galicia, se atopa minorada tendo en conta a seguinte consideración da Comisión de Valoración:

*“...constatado que la senda financiera disponible era insuficiente para asignar la correspondiente al presupuesto máximo solicitado por los planes aprobados, y con el doble objetivo de garantizar una asignación financiera prudente que permita su absorción y lograr una mayor vertebración del territorio mediante el incremento del número de beneficiarios, la asignación de la senda ha obedecido a los siguientes criterios:*

- *Se ha garantizado que todos los planes seleccionados cuentan con una senda financiera de, al menos, el 70% de lo solicitado.*
- *La senda se ha asignado a aquellos planes de cada categoría de beneficiario que, obteniendo una calificación mínima de 50 puntos y ordenados de mayor a menor puntuación, han absorbido el límite de la disponibilidad en cada Comunidad Autónoma.*

*...”*

En base a dita valoración a SENDA FINANCEIRA solicitada polo Concello de Vigo foi de 12.000.000,00 € (60%) sobre un proxecto de 20.000,00 €, e a resolución provisional asigna unha SENDA FINANCEIRA de 8.730.304,00 € o que representa sobre o

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

solicitado un 72,75 % e de acordo coa condición de que dita senda representa un 60% de cofinanciación o proxecto de inversión pública se sitúa en 14.550.506,00 €. En relación a esta minoración a "Comunicación recibida do órgano instrutor" vena indicar propia resolución provisional no punto quinto *ven a indicar:*

> *"... Recórdase así mesmo que tal e como se desprende do punto quinto da resolución provisional, as entidades ás que se asigna máis ou igual ao 70% da axuda solicitada non necesitan volver realizar unha reformulación do Plan de Actuación. Neste sentido, recoméndase que as ditas entidades avancen na execución dos seus plans de actuación e, en función do progreso da execución ao longo do perigo, valoren se requiren ou non facer uso da posibilidade de modificación dos plans, de conformidade co previsto no artigo 19 da Orde HAC/1072/2024.*
>
> *Ademais, recórdase que o artigo 23 da Orde HAC/1072/2024 recolle a posibilidade de que os PAIs que con data do 31 de marzo de 2027 cumpran os requisitos de selección e xustificación de gasto previstos poderanse beneficiar dunha posible reasignación de senda, coa cal se podería compensar a contía en que se reduciu esta primeira asignación recibida coa resolución da Convocatoria.*

Proceso para aceptación da SENDA FINANCEIRA:

A tal efecto no taboleiro de anuncios da sede electrónica, atopase publicado o modelo de aceptación requirido que se achega como anexo a esta proposta.

Así mesmo tendo en conta a delegación efectuada no acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de febreiro de 2025, a nome do Segundo tenente de Alcalde e Concellería da área de Fomento, Servizos e Deportes D. Francisco Javier Pardo Espiñeira de representación do Concello de Vigo en canto os efectos do proceso de formalización da solicitude de subvención regulada por Orde HAC/1072/2024, do 2 de outubro; así como no resto de trámites relacionados co procedemento e tódolos trámites administrativos necesarios e conformación da documentación complementaria que requira a súa presentación na sede electrónica do Ministerio de Facenda, así como de calquera procedemento administrativo vinculado coa dita solicitude, procedeuse a sinatura do modelo de DOCUMENTO DE ACEPTACIÓN DA SENDA FINANCEIRA de acordo co modelo que se achega o cal foi remitido con data 20 de outubro de 2025 o Dirección Xeral de Fondos Europeos no Ministerio de Facenda

En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Unico: Tomase coñecemento da aceptación da senda Financeira asignada pola Resolución de 1 de outubro de 2025, da Dirección Xeral de Fondos Europeos, pola que se resolve provisionalmente a convocatoria para a asignación da senda financeira FEDER a Plans de actuación integrados das entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo o Fondo Europeo de Desarrollo Regional para o período de programación 2021-2027, e remitida a Dirección Xeral de Fondos Europeos no Ministerio de Facenda con data 20/10/2025

S.ord. 24/10/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 113 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Na citada resolución se recolle no anexo I coa cualificación de "seleccionado" o proxecto presentado polo Concello de Vigo coa seguinte "Senda Financeira"

- Nº de expediente: 228/2025
- Entidade Solicitante: Ayuntamiento de Vigo
- Senda Financeira asignada: 8.730.304,00 €
- Tasa de cofinanciación: 60%
- Inversión pública correspondente: 14.550.506,00 €

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Anexo:

**DOCUMENTO DE ACEPTACIÓN DE LA SENDA CONCEDIDA**

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, en nombre y representación del Ayuntamiento de Vigo, en su calidad de Segundo teniente de Alcalde y Concejal del área de Fomento, Servicios e Deportes y de acuerdo con las competencias delegadas aprobadas por la Junta de Gobierno Local de fecha 25/02/2025

EXPONE:

Que, habiendo recibido notificación de la *Propuesta de Resolución provisional de 1 de octubre de 2025, de la Dirección General de Fondos Europeos, relativa a la convocatoria para la asignación de senda financiera FEDER a Planes de Actuación Integrados de entidades locales, en el marco del desarrollo urbano sostenible, con cargo al fondo europeo de desarrollo regional en el periodo de programación 2021-2027,*

MANIFIESTA:

**Primero**. Que acepta expresamente la senda concedida en los términos y condiciones establecidos en la mencionada resolución, comprometiéndose a cumplir las obligaciones que de ella se deriven, así como las establecidas en las bases reguladoras y demás normativa aplicable.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

**Segundo**. Que se compromete a destinar la senda concedida a la finalidad para la que ha sido otorgada, y a justificar su correcta aplicación en los plazos y forma que se determinen en la resolución de concesión y en las bases reguladoras de la convocatoria.

**Tercero**. Que conoce y acepta que el incumplimiento total o parcial de las condiciones establecidas podrá dar lugar a la revocación de la senda asignada y, en su caso, a la devolución de las cantidades percibidas, conforme a lo previsto en la normativa de aplicación.

Y en prueba de conformidad con todo lo anterior, firma el presente documento de aceptación, para su incorporación al expediente administrativo de referencia.

**17(813).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO "CUBRICIÓN DO PATIO DO CEP CELSO EMILIO FERREIRO". EXPTE. 6612/443.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/10/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe e Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**I.-** A concelleira delegado da Área de Goberno de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio,.Emprego, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude e o concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos os días 13 e 14.06.2024, resolveron autorizar o gasto e o contrato menor para a redacción do proxecto de referencia, a favor do Arquitecto Emilio Estévez Fernández.

**II.-** O Arquitecto Emilio Estévez Fernández presenta trala fase de supervisión, proxecto de "CUBRICIÓN DO PATIO DO C.E.P. CELSO EMILIO FERREIRO", cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS TRINTA E CATRO MIL DOUSCENTOS TRES EUROS con CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (734.203,53 €).
.
**III.-** O xefe da Área de Servizos Xerais informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta da xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o día 16.12.2024 resolveu iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

**III.-** A actuación desenvólvese no patio exterior situado na finca con referencia catastral 0640844NG2704S0001XB, dentro do solar onde se localiza o Centro de Educación Primaria Celso Emilio Ferreiro, na rúa Pontecaldelas nº1. O patio exterior a cubrir está situado nunha explanada horizontal ao nordés do centro escolar integrada nunha topografía practicamente plana que se destina a patio de xogos e recinto deportivo e que actualmente non conta de



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 115 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

unha cubrición que permita utilizala sen estar condicionado pola climatoloxía.

Para solucionar esta problemática, actúase nunha superficie de 1.803,00 $m^2$ e as obras a executar enuméranse a continuación:

- Instalación dunha cuberta de 1.105,50$m^2$ de superficie no patio exterior cunha estrutura independente de pórticos de formigón prefabricado que soporta unha cubrición lixeira de paneis metálicos e péchase parcialmente cun faldón continuo de placas de policarbonato celular nas súas fachadas, dándolle a súa imaxe característica.
- Construcción de bancadas realizadas con lousa de formigón armado con tabica de 46-45 cm, e pegada de 60 cm de ancho, e irán colocadas sobre muretes de formigón armado apoiados nas zapatas e vigas de atado dos piares.
- Instalación dun paso cuberto de 80,50m2 de superficie dende a pista cuberta ao edificio principal de aulas do centro cunha cubrición translucida de ferros de policarbonato celular soportadas por unha estrutura metálica.
- Renovación do pavimento nas zonas afectadas polas obras executándose unha nova soleira de formigón armado HA-25/P/20/IIa e=10 cm#15x15x5.
- Renovación do pavimento da pista multideportiva recubríndose con pavimento para uso deportivo formado por pintura acrílica de emulsión acuosa e bióxido de titanio con cargas minerais seleccionadas de 2 a 3 mm. de espesor, sobre pavimento de formigón, previo acondicionamento de superficie con morteiro marcado e sinalización con pintura especial. Colocado sobre base de formigón.
- Adáptase a zona verde axardinada á nova edificación.
- Mellora da iluminación da pista, mediante a disposición de proxectores con luminarias tipo LED de baixo consumo enerxético e gran durabilidade.
- Instalación dunha rede de evacuación de pluviais para a recollida das augas da cuberta e da pista, con baixantes metálicas e colectores de PVC. As baixantes conectaranse á rede de pluviais existente.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CINCO (5) MESES.

**IV.-** A Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos emite en data 01.10.2025 o informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

*"O planeamento vixente no Concello de Vigo é a "Revisión do Plan xeral de ordenación municipal de Vigo (PXOM)", aprobado definitivamente polo Concello de Vigo o 26/05/2025 (DOG n.º 123, do 30/06/2025; BOP n.º 146, do 04/08/2025). As actuacións están previstas no solo clasificado como urbano consolidado destinado a equipamentos SL-EQ-ED-151, sendo de aplicación a Ordenanza U10 Dotacional equipamentos, polo que as obras proxectadas son permisibles segundo a normativa do PXOM aprobado definitivamente o 26/05/2025 tal e como indica o Anexo 3 do proxecto.*

*O ámbito de actuación atópase fóra da área de protección arqueolóxica, arquitectónica e etnográfica, tal e como indica o informe do Servizo de Patrimonio Histórico de data 21/02/2025.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

*No Anexo 15 do proxecto recollese que as actuacións definidas non se engloban nos supostos contemplados nos anexos I e II da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, modificada pola Ley 9/2018, polo que non precisa someterse a ningún procedemento de avaliación de impacto ambiental.*

*As obras atópanse dentro da zona de servidume aeronáutica do Aeroporto de Vigo, e consta de autorización da Axencia Estatal de Seguridad Aérea de data 08/08/2025. No Anexo 21 do proxecto recollese que non son necesarias outras autorizacións sectoriais.*

*Os custes incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estímanse que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentarias, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo tódolos requisitos exixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente o proxecto presentado para aprobación, "CUBRICIÓN DO PATIO DO C.E.P. CELSO EMILIO FERREIRO".*

*Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe."*

**CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

**I.**- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.**- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 117 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

**IV**.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que "*non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)*"

**V.-** Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO**

Aprobar o proxecto de "CUBRICIÓN DO PATIO DO C.E.P. CELSO EMILIO FERREIRO", redactado e asinado polo Arquitecto D. Emilio Estévez Fernández cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS TRINTA E CATRO MIL DOUSCENTOS TRES EUROS con CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (734.203,53 €) e con sinatura dixital do día 24.09.2025.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(814).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO "PLAN EXTRAORDINARIO DE ASFALTADOS DO CONCELLO DE VIGO": FASE I- LOTE NORTE". EXPTE. 6817/443.**
Sométese a aprobación o informe-proposta de data 15/10/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe e Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**I.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes en data 07.07.2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

resolveu o autorizar o gasto e o contrato menor para a redacción da adecuación do proxecto de referencia, a favor da empresa favor de empresa Ingenia Proyectos Técnicos S.L.

**II.-** A empresa Ingenia Proyectos Técnicos S.L. presenta trala fase de supervisión, proxecto de "PLAN EXTRAORDINARIO DE ASFALTADOS DO CONCELLO DE VIGO". FASE I - LOTE NORTE redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos Maria Ferreiro Nuñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS SETE MIL SETECENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS (407.797,54 €).

**III.-** O Xefe da Área de Servizos Xerais en data 01.10.2025 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, en data 02.10.2025 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**IV.-** Trátase da mellora da pavimentación dos seguintes viais municipais:

- ✔ Avenida Santa Mariña, ramal desde el nº247 hasta el nº257.
- ✔ Rúa Medoña.
- ✔ Camiño Cerquide, desde la rúa Parada hasta el nº11.
- ✔ Camiño Amaro, desde la avenida Tranvía hasta la rúa Figueiras.
- ✔ Camiño Regueira.
- ✔ 3ª travesía Numancia, desde la rúa Jenaro de la Fuente hasta el nº24.
- ✔ Rúa Cambados, desde avenida Castrelos hasta rúa Canicouva.
- ✔ Travesía Couto Piñeiro, desde rúa Hortelana hasta rúa Couto Piñeiro.
- ✔ Baixada Don Martín.
- ✔ Rúa Subride, desde la confluencia con la vía principal hasta el nº147.
- ✔ Rúa Rivera Atienza, desde la rúa Portela hasta la rúa Fontáns.
- ✔ Rúa Bagunda, desde avenida Alcalde Lavadores hasta la confluencia con la rúa Súas Viñas y tramo
desde glorieta rúa Pateira hasta rúa Severino Cobas.
- ✔ Camiño Redomeira, desde el nº11 hasta el final de la calle.
- ✔ 1ª travesía Padre Celso, desde rúa Padre Celso hasta el nº61.
- ✔ Rúa Castañal, ramal desde el nº17 hasta el nº39.
- ✔ 1ª travesía Espiñeiro, ramal desde el nº36 hasta el nº24 y al nº32.

Proxéctase unha actuación de rehabilitación superficial do firme, co obxectivo de conservar e mellorar as características funcionais das vías, tanto de seguridade como de comodidade, así como de protexer o conxunto do firme, logrando un aumento da durabilidade, impermeabilidade, uniformidade e aspecto.

Prevense as seguintes actuacións:
- Realizarase o fresado da capa de rodadura cun espesor de 5 cm.
- Naquelas zonas da calzada onde sexa necesario realizar a reposición do paquete completo de firme, a sección de firme proxectada estará composta por unha capa de rodadura de 5 cm, de MBC tipo AC-16 SURF BC 50/70 D, sobre unha capa intermedia de 5 cm de MBC tipo AC-22 BIN BC 50/70 S, que á súa vez se coloca sobre unha subbase de



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 119 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

zahorra artificial de 25 cm. Sobre a capa de zahorra e previamente á extensión da MBC da capa base, dispoñerase un rego de imprimación C60BF4 IMP. Entre as capas de MBC dispoñerase un rego de adherencia.
- No resto da calzada realizarase o fresado e posterior aglomerado cunha capa de 5 cm de espesor de MBC tipo AC-16 SURF D BC 50/70 que irá estendida sobre o firme existente. Previamente á extensión da capa de rodadura dispoñerase un rego de adherencia.
- En cuanto á rede de recollida de augas pluviais, renovaranse ou reubicarán os sumidoiros naqueles casos que sexa necesario e dispoñeranse reixas para recollida das augas.
- Renovarase toda a sinalización horizontal do ámbito de proxecto.
- Recreceránse todas as arquetas á cota do vial proxectado.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (TRES) 3 meses.

**V.-** A Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite o día 02.10.2025 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

*"(...)*
*O planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia o 26 de maio de 2025. A aprobación definitiva de dito PXOU foi publicada no DOG nº 123 o día 30/06/2025 e a súa normativa foi publicada no BOPP número 146, de fecha 4 de agosto de 2025, o que permitiu que entrara en vigor o 27 de agosto de 2025.*

*O ámbito do proxecto atravesa terreos clasificados no PXOM como Solo Urbano en todos os tramos e na Avenida de Santa Mariña un pequeno tramo encontrase en Solo Rústico de Protección Agropecuaria; o Camiño Amaro, un tramo en Solo Rústico de Protección Agropecuaria e outro pequeno tramo en Solo Rústico de Protección de Infraestruturas; a Travesía Padre Celso, un tramo encontrase en Solo Urbanizable (SUB-402).*

*A actuación adaptase ás disposicións tanto do planeamento vixente como á Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.*

*Algunhas actuacións das recollidas no presente proxecto atópanse dentro do contorno da Zona de Policía de Leitos, delimitada no Plan Básico Autonómico, en concreto as seguintes:*

- *Rúa Medoña.*
- *Camiño Amaro.*
- *Baixada a Don Martín.*
- *Rúa Rivera Atienza.*
- *Camiño Redomeira.*
- *1ª travesía Padre Celso.*

*Realizarase unha comunicación a Augas de Galicia previamente ao inicio das obras contempladas no presente proxecto.*

*Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

*A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."*

**CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

**I.**- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.**- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

**IV**.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que "*non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)*"

**V.-** Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

S.ord. 24/10/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO**

Aprobar o proxecto de **"PLAN EXTRAORDINARIO DE ASFALTADOS DO CONCELLO DE VIGO". FASE I - LOTE NORTE"** redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos Maria Ferreiro Nuñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS SETE MIL SETECENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS (407.797,54 €) e con sinatura dixital do día 5 de setembro de 2025.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(815).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO "PLAN EXTRAORDINARIO DE ASFALTADOS DO CONCELLO DE VIGO": FASE I- LOTE SUR". EXPTE. 6818/443.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 15/10/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe e Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**I.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes en data 07.07.2025 resolveu o autorizar o gasto e o contrato menor para a redacción da adecuación do proxecto de referencia, a favor da empresa favor de empresa Ingenia Proyectos Técnicos S.L.

**II.-** A empresa Ingenia Proyectos Técnicos S.L. presenta trala fase de supervisión, proxecto de "PLAN EXTRAORDINARIO DE ASFALTADOS DO CONCELLO DE VIGO". FASE I - LOTE SUR redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos Maria Ferreiro Nuñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS CORENTA E NOVE MIL NOVECENTOS SESENTA E CINCO EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (449.965,11 €)

**III.-** O Xefe da Área de Servizos Xerais en data 01.10.2025 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, en data 02.10.2025 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**IV.-** Trátase da mellora da pavimentación dos seguintes viais municipais:

- Rúa Manuel Cominges, ramal de acceso al nº107.
- Avenida de Samil, desde la conexión con rúa Río hasta el inicio del recinto de las pistas
- deportivas.
- Camiño Pinal, ramal de acceso al nº42.
- Avenida Clara Campoamor, carril de subida desde la glorieta de conexión con Estrada Portal

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

- hasta glorieta conexión con Estrada da Garrida.
- Rúa Devesas, desde la glorieta del cruce con Estrada San Cosme hasta la glorieta del cruce con Camiño Arrieros.
- Camiño Bouzachán, desde Estrada Marcosende hasta el nº16

Proxéctase unha actuación de rehabilitación superficial do firme, co obxectivo de conservar e mellorar as características funcionais das vías, tanto de seguridade como de comodidade, así como de protexer o conxunto do firme, logrando un aumento da durabilidade, impermeabilidade, uniformidade e aspecto.

Prevense as seguintes actuacións:

- Realizarase o fresado da capa de rodadura cun espesor de 5 cm.
- Naquelas zonas da calzada onde sexa necesario realizar a reposición do paquete completo de firme, a sección de firme proxectada estará composta por unha capa de rodadura de 5 cm, de MBC tipo AC-16 SURF BC 50/70 D, sobre unha capa intermedia de 5 cm de MBC tipo AC-22 BIN BC 50/70 S, que á súa vez se coloca sobre unha subbase de zahorra artificial de 25 cm. Sobre a capa de zahorra e previamente á extensión da MBC da capa base, dispoñerase un rego de imprimación C60BF4 IMP. Entre as capas de MBC dispoñerase un rego de adherencia.
- No resto da calzada realizarase o fresado e posterior aglomerado cunha capa de 5 cm de espesor de MBC tipo AC-16 SURF D BC 50/70 que irá estendida sobre o firme existente. Previamente á extensión da capa de rodadura dispoñerase un rego de adherencia.
- En cuanto á rede de recollida de augas pluviais, renovaranse ou reubicarán os sumidoiros naqueles casos que sexa necesario e dispoñeranse reixas para recollida das augas.
- Renovarase toda a sinalización horizontal do ámbito de proxecto.
- Recreceránse todas as arquetas á cota do vial proxectado.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (TRES) 3 meses.

**V.-** A Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite o día 02.10.2025 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

*"(...)*
*O planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia o 26 de maio de 2025. A aprobación definitiva de dito PXOU foi publicada no DOG nº 123 o día 30/06/2025 e a súa normativa foi publicada no BOPP número 146, de fecha 4 de agosto de 2025, o que permitiu que entrara en vigor o 27 de agosto de 2025.*

*O ámbito do proxecto atravesa terreos clasificados no PXOM como Solo Urbano na rúa Manuel Cominges, Avenida de Samil, Camiño Pinal e rúa Devesas; Solo de Núcleo Rural no Camiño Bouzachán; e Solo Rústico de Protección de Infraestruturas na Avenida Clara Campoamor.*

*A actuación adaptase ás disposicións tanto do planeamento vixente como á Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.*

S.ord. 24/10/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

*Algunhas actuacións das recollidas no presente proxecto atópanse dentro do contorno da Zona de Policía de Leitos, delimitada no Plan Básico Autonómico, en concreto as seguintes:*

*•Avenida de Samil.*
*•Avenida Clara Campoamor.*
*•Rúa Devesas.*
*•Camiño Bouzachán.*

*Realizarase unha comunicación a Augas de Galicia previamente ao inicio das obras contempladas no presente proxecto.*

*Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."*

**CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

**I.**- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.**- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

**IV**.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que "*non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)*"

**V.-** Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO**
Aprobar o proxecto de **"PLAN EXTRAORDINARIO DE ASFALTADOS DO CONCELLO DE VIGO". FASE I - LOTE SUR"** redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos Maria Ferreiro Nuñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS CORENTA E NOVE MIL NOVECENTOS SESENTA E CINCO EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (449.965,11 €) e con sinatura dixital de data 5 de setembro de 2025.

**<u>ACORDO</u>**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(816).- DAR CONTA DO PASE A VÍA DE CONSTRINXIMENTO DAS TAXAS POLA ANOTACIÓN PREVENTIVA NO REXISTRO DA PROPIEDADE. EXPTE. 18306/407.**
Sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/10/2025, asinado pola técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos e conformado polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

A partir de xaneiro do ano 2000 os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.
Cando as taxas pola anotación preventiva no rexistro da propiedade non son ingresadas polos interesados no período voluntario, deben pasarse á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo "a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio".



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado
Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 125 de 143
1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada das seguintes liquidacións polas de taxas de anotación preventiva que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:

| | | |
|---|---|---|
| 01 Expediente 19061/423 | (***0512**) | 100,63 euros |
| 02 Expediente 21103/423 | (***2498**) | 248,74 euros |
| 03 Expediente 20210/423 | (***1718**) | 113,21 euros |
| 04 Expediente 22556/423 | (***9669**) | 138,25 euros |
| 05 Expediente 19505/423 | (***0601**) | 68,79 euros |
| 06 Expediente 22842/423 | (***7245**) | 210,99 euros |
| 07 Expediente 22242/423 | (***7248**) | 119,68 euros |
| 08 Expediente 23935/423 | (***6545**) | 97,89 euros |
| 09 Expediente 23934/423 | (***6545**) | 93,63 euros |
| 10 Expediente 23927/423 | (***6545**) | 95,20 euros |
| 11 Expediente 23931/423 | (***6545**) | 94,10 euros |
| 12 Expediente 22300/423 | (***6545**) | 101,76 euros |
| 13 Expediente 22550/423 | (***9230**) | 101,80 euros |

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local queda informada.

**21(817).- DAR CONTA DO PASE A VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE LIQUIDACIÓNS DEFINITIVAS DE EXECUCIÓNS SUBSIDIARIAS E MULTA COERCITIVA. EXPTE. 18327/407.**
Sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/10/2025, asinado pola técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos e conformado polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

Os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

Por parte deste organismo reclamáronse liquidacións definitivas de execucións subsidiarias que non foron ingresadas en período voluntario de pagamento, polo que deben pasar á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro ditará a correspondente providencia de apremio".

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por estes conceptos para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada dos seguintes conceptos urbanísticos que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dite a correspondente providencia de apremio:

Execucións subsidiarias:

| | | |
|---|---|---|
| 1. | Promociones Solymar Vigo SL (CIF B*****581) | 8.812,19 euros |
| 2. | Mulinver SL (CIF B*****522) | 23.097,81 euros |
| 3. | M. Fernández Baroja (NIF *****777Y) | 20.931,24 euros |
| 4. | R. Collazo Paredes (NIF *****212W) | 6.132,52 euros |
| 5. | Sareb SA (CIF A*****158) | 9.154,52 euros |

Multas coercitivas:

| | | |
|---|---|---|
| 1. | CPP Purificación Saavedra 28 (CIF H*****248) | 269,47 euros |

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Expediente de contratación do subministro de caramelos para a Cabalgata de Reis 2026. Expte. 10531/335.

.- Resolución da convocatoria de subvencións para festas tradicionais e patronais e desenvolvemento de actividades socioculturais período 2023-2024. Liña 2. Expte. 141/1061.

.- Expediente de contratación do servizo de gravación, retransmisión en Televigo dos actos institucionais do Concello de Vigo. Expte. 20700/101.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 127 de 143 |
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**22(818).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE CARAMELOS PARA A CABALGATA DE REIS 2026. EXPTE. 10531/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 23/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Festas e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Mediante resolución do 23 de setembro de 2025, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do subministro de caramelos para a Cabalgata de Reis 2026.

**Segundo.-** No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), xunto coa resolución da concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 23 de setembro de 2025.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2025, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 24 de setembro de 2025.
- Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares, de data 24 de setembro de 2025.
- Memoria económica, de data 8 de outubro de 2025.
- Certificado de retención de crédito de data 8 de outubro de 2025 (operación nº 12025000132554).
- Memoria xustificativa de data 29 de setembro de 2025.
- Informe do Servizo de Contratación do 9 de outubro de 2025 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares de data 23 de outubro de 2025.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciarase polo órgano de contratación.

Nos municipios de grande poboación aos que se refire o artigo 121 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a disposición adicional 2ª da LCSP sinala no seu apartado 4º que o órgano de contratación será a Xunta de Goberno local. No Concello de Vigo esta competencia de iniciación dos expedientes de contratación está delegada por acordo da Xunta do Goberno local do 22 de xuño do 2023 e posteriores modificacións, nos concelleiros da Área (BOPPO núm. 134 de 10 de xullo do 2024, última modificación vixente).

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada ao abeiro do disposto no artigo 159.6 da LCSP.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 129 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**Cuarto.-** Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (disposición adicional 3ª.8 LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Quinto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª.4 LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

**PROPOSTA**

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP, e o documento contable, proponse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **ACORDO:**

> *"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do subministro de caramelos para a Cabalgata de Reis 2026 (10531-335).*
>
> *Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 24 de setembro de 2025, asinado pola xefa do Servizo de Festas, e o prego de cláusulas administrativas particulares do 23 de outubro de 2025, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.*
>
> *Terceiro: Autorizar o gasto polo importe do orzamento base de licitación 36.036,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 32.760,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0901 "Cabalgata de Reis" e bolsa de vinculación.*
>
> *Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**23(819).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS PERÍODO 2023-2024. LIÑA 2. EXPTE. 141/1061.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

Visto o informe de fiscalización de data 23/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 15/10/2025, asinado pola xefa do Servizo de Festas e conformado pola secretaria de Administración Municipal e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Con data 20 de xuño de 2025 apróbase pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para festas tradicionais, patronai,s copatronais, gastronómicas, festivais folclóricos e actividades socioculturais, periodo 2024 - 2025 (expte. 141/1061). A cantidade destinada á presente convocatoria ascende a 370.000,00 € con cargo a partida 3380.489.0000 (Transf. a entidades e comisións de festas) do programa de Festas para o vixente exercicio.

Con data, 25 de xuño de 2025 foron publicadas no BOPPO as bases reguladoras das subvencións para desenvolvemento de festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas e actividades socioculturais, período 2024 - 2025. O prazo de presentación de solicitudes foi de 15 días hábiles, que comezou dende o día seguinte ao de publicación do extracto no BOPPO, sendo do 3 ao 23 de xullo de 2025 ambos os dous incluídos.

Faise constar que, de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que todos os beneficiarios cumpren cos requisitos necesarios para acceder a subvención.

Compróbase que o expediente de cada solicitante proposto como beneficiario contén os certificados acreditativos de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa AEAT, coa Xunta de Galicia, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo de conformidade co artigo 22 RD 887/2006 con carácter positivo e vixente, polo que faise necesaria a tramitación desta subvención co compromiso orzamentario no ano do seu inicio e executándose con cargo aos orzamento do ano 2025.

Respecto ao órgano competente para a concesión é a Xunta de Goberno Local conforme ao previsto nas bases e no artigo 127. 1 g) LRBRL e, fronte ao acordo, proceden os recursos previstos nas bases reguladoras da convocatoria.

De conformidade co establecido no artigo 8. 1 c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno deberá facerse pública, entre outra información, a relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas, con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios.

En sentido similar pronúnciase o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, se ben a devandita Lei non resulta de aplicación ás Entidades Locais, na medida na que o seu artigo 3 non inclúe a estas últimas no seu ámbito subxectivo de aplicación.

S.ord. 24/10/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

Procedese a resolución da solicitudes que optan a liña 2 conforme á base 8.2, as liñas 1 e 2 poderán tramitarse de xeito individualizado unha vez recibidas o total das solicitudes, clasificadas e valoradas en cadansúa liña, e coñecido o importe a conceder na liña 1.

Conforme a acta Comisión de Avaliación de 14/10/2025, que leva anexa a folla de cálculo co detalle das puntuacións e dos importes concedidos e á vista do exposto, e de acordo co estabelecido na base oitava, punto 5 das bases, previo informe da Intervención de Fondos e coa conformidade do concelleiro de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Unha vez finalizada a avaliación das solicitudes que optaron ao concepto subvencionable 1, distribuir o saldo  restante (49.000,00 €)  entre as solicitudes que optaron aos conceptos subvencionábeis 2: Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas:

> 2.1.-Programas de actividades relacionados coas artes escénicas, música, danza, artes plásticas e literatura: O nº máximo de programas a presentar será de DOUS (2).
> 2.2.- Programas de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias: O número máximo de programas a presentar será de DOUS (2).

**SEGUNDO.-** Desestimar a solicitude ás entidades que a continuación se relaciona:

| EXPTE | NOME DA ENTIDADE | CIF | CAUSA DA DESESTIMACIÓN |
|---|---|---|---|
| 197/1061 | A.C. THE WILD | G27867076 | Incumpre a base 9.2.1 (presentada fora do prazo estipulado na convocatoria) |
| 208-1061 | Asoc. Cultural Abella Producións | G27877703 | Incumpre a base 9.2.1 (presentada fora do prazo estipulado na convocatoria) |
| 213-1061 | Monte Vecinal en Mancomún de Beade | V36641371 | Incumpre a base 9.2.1 (presentada fora do prazo estipulado na convocatoria) |

**TERCEIRO.-** Aceptar a renuncia solicitada mediante documento W1358243-2015 na data 09/09/2025 por:

| EXPTE | NOME DA ENTIDADE | CIF |
|---|---|---|
| 198-1061 | Asoc. F. Os Ventos de Comsesaña | G36698140 |

**CUARTO.-** Outorgar as seguintes subvencións para o desenvolvemento de festas tradicionais, gastronómicas e actividades socioculturais – período 2024-2025 ás entidades e cos importes que se sinalan na seguinte táboa, dispondo o gasto con cargo á partida orzamentaria 3380.4890000 “Transf. a entidades e comisións de festas” do orzamento en vigor:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

**Liña 2.- Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas**,

| Expte | Entidade | CIF | Programa | importe subv. |
|---|---|---|---|---|
| 143-1061 | Asociación Cultural Traspes | G27739861 | XIII Concurso Canto e Percusión Tradic. Traspés | 868,35 € |
| | | | Festa fin de curso Traspés | 847,68 € |
| 146-1061 | Sociedad Cultural e Deportiva Atlántida - Matamá | G36620854 | Festifolc 2024 | 1.013,08 € |
| | | | Festa do Socio 2025 | 992,41 € |
| 203-1061 | Centro Cultura Vecinal de Deportivoa VIGOCENTRO | G27762434 | Samaín | 847,68 € |
| 205-1061 | Agrupación de Centros Deportivos e Culturais | G36791291 | Certame de Pandereitas 2025 | 930,38 € |
| 154-1061 | Asoc. de Veciños de San Roque | G36659894 | Festa das Castañas (Magosto) | 572,00 € |
| 142-1061 | Asoc. CSD Val do Fragoso | G36640860 | Noite de San Xoan | 909,70 € |
| 144-1061 | Asoc. CSD Val do Fragoso | G36640860 | Entroido | 476,43 € |
| 147-1061 | Asoc. Cultural e Deportiva Xestas | G36628543 | XXXVII Festa de San Xoan | 1.033,76 € |
| 148-1061 | Asoc. Cultural e Deportiva Xestas | G36628543 | XXXIII Certame da tortilla e churrasco | 1.054,43 € |
| 149-1061 | Asoc. Irmandade Nsa. Sra. Da Alba e San Bartolomeu | G36887933 | Romeria Alba 2025 | 1.116,46 € |
| 165-1061 | Centro Recreativo y Cultural de Cabral – Vigo | V36658680 | IX Festa Infantil | 930,38 € |
| 201-1061 | Asoc. Sociocultural As da Industria | G27852755 | San Xoan | 661,60 € |
| | | | Son da Industria – Día das Letras Galegas | 702,95 € |
| 159-1061 | Asoc. VCD San Xurxo de Saians | G36648988 | XXXVIII Festa da Amizade | 971,73 € |
| 152-1061 | Asoc. de Veciños Monte de Mina de Castrelos | G36623593 | Festa da Convivencia | 951,05 € |
| 175-1061 | Asoc. VCR San Mamedé de Zamáns | G36691855 | Festa do Socio | 1.075,11 € |
| 188-1061 | ASOC. SFORZA BEMBRIVE | G06929418 | II Serán do Chourizo a Sidra | 650,00 € |
| | | | Rexurdimento Sonoro | 827,00 € |
| 192-1061 | Asoc. de Veciños Parada - Maceiriña | G36655942 | Serán Popular | 764,98 € |
| | | | Magosto Popular | 806,33 € |
| 163-1061 | Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de Cabral | G36651073 | Fogueira San Xoan | 620,00 € |
| | | | XII Festa do Socio | 1.075,11 € |
| 191-1061 | Asoc. Cultural Xarabal | G36884864 | Outono Musical | 825,00 € |
| | | | Magosto Popular | 868,35 € |

S.ord. 24/10/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Expte | Entidade | CIF | Programa | importe subv. |
|---|---|---|---|---|
| 193-1061 | Asoc. Veciñal San Pedro de Matamá. A Unión | G36654036 | Festa do San Xoan | 992,41 € |
| | | | Festival Folclórico San Amaro | 1.013,08 € |
| 195-1061 | Asoc. de Veciños de Beade AV-CU-CSCR | G36632081 | Festa do Socio | 1.157,81 € |
| 174-1061 | Asoc Banda de Música, Unión Musical de Valladares | G36639110 | Festival VIGOSAXFORUM 2025 | 930,38 € |
| | | | Festival VIGOCLARACA-DEMY 2025 | 900,00 € |
| 183-1061 | Asoc.. Comisión Festas dos Ramallos | G36878395 | Romaría dos Ramallos | 1.302,53 € |
| 184-1061 | ASC Irmandade Nosa Sra. das Neves - Matamá | G36954162 | Festa da empanada | 909,70 € |
| | | | Festa do Entroido | 909,70 € |
| 162-1061 | Comisión de Festas Sta. Eulalia de Alcabre | G56634306 | Concerto de Nadal | 785,65 € |
| 179-1061 | Asoc. S. Cultural, Deportiva e R. Helios | G36633428 | Festa do Socio 2025 | 1.075,11 € |
| 160-1061 | Asoc. de Veciños Nosa Terra de Alcabre | G36649374 | Festa de San Xoan 2025 | 1.116,46 € |
| 151-1061 | Asoc. de Veciños Praza da Miñoca - Coia | G36842284 | Magosto | 640,93 € |
| | | | Chourizada de San Xoan | 640,93 € |
| 185-1061 | Asoc. Centro C. Artístico e R. de Valladares | G36617082 | Letras Galegas 2025 (XVII Edición) | 1.219,83 € |
| | | | Memorial Moxenas Edición XIII | 1.095,78 € |
| 145-1061 | Unión Veciñal Cultural e Deportiva de Candeán | G36863348 | San Xoán | 889,03 € |
| | | | Magosto | 909,70 € |
| 186-1061 | S. Cultural R. De Pardavila | G36648996 | San Xoan | 533,12 € |
| 196-1061 | Asoc. Festas del Rosario | G36710689 | Magosto | 868,35 € |
| 199-1061 | Asoc. Veciñal Socio-Cultural e Deportiva San Miguel de Oia | G36648640 | Música e Letras (NADAL) | 579,30 € |
| | | | Gastronómicas (Chourizada) | 629,08 € |
| 200-1061 | Asoc. Festas dos Liñares | G27784230 | Festa do Nadal | 804,00 € |
| | | | Festa de San Xoan | 587,00 € |
| 202-1061 | Ateneo Musical de Bembrive | G36784197 | Outono Musical | 909,70 € |
| | | | Ritmos da Terra | 909,70 € |
| 204-1061 | Centro Recreativo Artístico e Cultural Coruxo | G36627495 | Sardiñada de San Xoan | 909,70 € |
| 206-1061 | Asoc. Coral Polifónica Anduriña | G36898708 | XVIII Festival de Habaneras y Polifónica Coruxo | 909,70 € |
| **TOTAL** | | | | **46.520,66 €** |

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

O importe total concedido ao concepto subvencionábel Liña 2: Actividades Socioculturais relacionadas coas artes escénicas ascende a **46.520,66 €.**

**QUINTO.-** Notificar o acordo a tódolos interesados, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do dia seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

**SEXTO.-** Ordear a publicación da concesión das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e programa subvencionado, aos efectos do disposto nos artigos 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**24(820).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE GRAVACIÓN, RETRANSMISIÓN EN TELEVIGO DOS ACTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 20700/101.**
A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.
Visto o informe de xurídico do 20/10/2025 e o informe de fiscalización do 22/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/10/2025, asinado pola xefa do Departamento administrativo de Alcaldía e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES**

En base ás consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade, de data 3 de setembro de 2025, que consta no expediente, a Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal dispón que se inicie expediente administrativo para a execución dun contrato negociado sen publicidade para o servizo de gravación, retransmisión en Televigo dos actos institucionais do Concello de Vigo e mais en streaming.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 135 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**I.1.- No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:**

–Informe de necesidade e idoneidade e orden de inicio, asinado pola Xefa do departamento administrativo de Alcaldía e coa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal con data 3 de setembro de 2025. Fe pública da secretaria de Goberno Local de data 3 de setembro de 2025.

–Informe da empresa Ecovigo Publicidade, S.L. de data 2 de xullo de 2025. (anexado no trámite 3 do expediente).

–Memoria económica do contrato asinada pola xefa do departamento administrativo de Alcaldía coa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal de data 11 de setembro de 2025.

–Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares de data 19 de setembro de 2025 .

–Prego de Prescricións técnicas particulares asinado con data 19 de setembro de 2025 redactado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía.

–Memoria xustificativa do contrato de data 19 de setembro de 2025 asinada pola xefa do departamento administrativo de Alcaldía, e coa conformidade da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.

–Informe da Xefa da Área de Contratación de data 7 de outubro de 2025.

–Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola Xefa da Area do de Contratación con data 9 de outubro de 2025.

**I.2.- Xustificación da necesidade e da insuficiencia de medios.**

Os artigos 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, recollen as atribucións que lle corresponden ao Alcalde de Vigo, como Presidente da Corporación, e sinala entre outras as seguintes:

a) Representar ao Concello.

b) Dirixir o goberno e a administración municipal.

A Alcaldía, como superior órgano de goberno desta administración municipal, desenvolve diferentes actuacións institucionais, ocupándose da organización dos actos oficiais e institucionais que se realizan en representación do Concello de Vigo, en concreto, por Acordo da Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente de data 22 de xuño de 2023 de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local, a Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, encárgase da xestión administrativa en relación coa área administrativa da Alcaldía.

Así, para o normal desenvolvemento das atribucións de representación que corresponden ao Alcalde, en concreto as de carácter protocolario e institucional de interese para a cidadanía de Vigo, faise necesaria a súa difusión a través dun medio televisivo que permita darlle un maior alcance e difusión.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

Esta Alcaldía, estima necesario proceder a contratación da gravación, retransmisión en directo de eventos institucionais locais de interese para a cidadanía de Vigo a través dun medio de televisión local, así como a difusión multimedia en tempo real en formato "streaming" mediante calquera plataforma de internet, e a través dun link na web municipal, coa fin de facilitar a visualización dos actos institucionais, e para ofrecer enlace de acceso directo a terceiros. Estas ferramentas permitirán multiplicar exponencialmente o alcance da difusión da acción municipal.

As posibilidades para retransmisión en directo de eventos locais de Vigo nunha canle televisiva con cobertura en Vigo e a súa área, queda limitado a Televigo (INICIATIVAS AUDIOVISUALES, S.L.U), xa que é a única televisión local que hai en Vigo dentro da televisión dixital terrestre (TDT) actualmente adaptados á Alta Definición (HD), o único canle posible para a retransmisión en directo de eventos locais.

Achégase no trámite nº 3 do expediente, o informe de ECOVIGO PUBLICIDADE, S.L., relativo ás posibilidades para retransmisión en directo de eventos locais nunha canle televisiva con cobertura en Vigo, e expectativas de que a súa vez puidera dar cobertura en "streaming", que foi solicitado pola Xefa do departamento Administrativo de Alcaldía con data 23 de xuño de 2025.

É importante suliñar que ningunha outra televisión nacional ou rexional en aberto ten dentro da súa grella de emisión desconexións a nivel local de Vigo que admitan a programación, incluso de pago, de calquera evento local de interese para Vigo e a súa contorna.

O contrato daría cobertura a NOVE eventos institucionais que se consideran de interese para súa retransmisión en directo que poderían ser entre outros: Cabalgata de Reis, Rondallas, Entroido, acto de entrega galardóns Vigueses/as Distinguidos/as, acto de entrega da Medalla de Honra, Día de Galicia, Acendido e apagado da iluminación do Nadal ou Día da Constitución.

En relación o disposto no artigo 116 da Lei 9/2017 de Contratos del Sector Público, dito servizo, dadas as súas características técnicas, non pode ser realizado polos medios propios, nin materiais nin persoais, cos que conta este Concello polo que se debe proceder a súa contratación. Na actual plantilla municipal non consta persoal que poida desenvolver esas funcións.

## II.- CONDICIÓNS DEFINIDORAS DO CONTRATO

### II.1.- Obxecto e natureza do contrato

O obxecto do presente expediente e o servizo de contratación da gravación, retransmisión en directo de eventos institucionais locais que se consideran de interese para a cidadanía de Vigo a través dun medio de televisión local e mais en streaming.

O contrato daría cobertura a NOVE eventos institucionais que se consideran de interese para súa retransmisión en directo que poderían ser entre outros: Cabalgata de Reis, Rondallas, Entroido, Vigueses Distinguidos, Medalla de Honra, Día de Galicia, Acendido e apagado da iluminación do Nadal ou Día da Constitución.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 137 de 143 |
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**II.2.-Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.**

O contrato, polo seu obxecto, constitúe un contrato privado de servizos, de acordo co previsto nos artigos 17 e 25 da Lei 9/2017, de 8 novembro, de contratos do sector público.

O procedemento é o negociado sen publicidade, xa que concorre a situación obxectiva de que Iniciativas Audiovisuales Vigo, SLU é a única entidade que pode cubrir o servizo de retransmisión televisiva dos actos do Servizo de Festas que constitúe o seu obxecto e que xustifica que se lle encomende a unha empresa determinada, como esixe o artigo 168. a. 2) da LCSP.

Achegase no trámite nº 3 do expediente o informe sobre as posibilidades para retransmisión en directo de eventos locais nunha canle televisiva con cobertura en vigo e expectativas de que a súa vez poidera dar cobertura en streaming, elaborado por ECOVIGO PUBLICIDADE, S.L. con data 6 de marzo de 2024, solicitado pola Xefa do departamento administrativo de Alcaldía.

En relación aos criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato atenderase a un único criterio. Por tratarse dun expediente de exclusividade e tendo en conta de que existe un único contratista, o único factor determinante da adxudicación será o prezo.

O obxecto do contrato identifícase cos códigos CPV seguintes: 92200000-3 Servicios de radio y televisión.

Forma de tramitación:

A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP.

**II.3.- Orzamento máximo de licitación.**

O orzamento máximo de licitación é de 130.108,78 € co IVE engadido.

Prezo sen IVE: 107.527,92 €

Importe do IVE 21%: 22.580,86

Os prezos unitarios máximos para cada tipoloxía son os seguintes:

- EVENTO TIPO A): Prezo unitario 16.178,72 € IVE engadido.
- EVENTO TIPO B): prezo unitario 14.003,43 (IVE engadido).
- EVENTO TIPO C) prezo unitario: 11.555,50 (IVE engadido).

**II. 4.- Valor estimado do contrato**

O cálculo do valor estimado do contrato realizouse descontando o IVE ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 e 102 da Lei 9/2017, por canto neste contrato non se prevén modificacións, nin prorrogas. Sendo o valor estimado do contrato estipúlase en **215.055,84 €**

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

## II.5.- Prezo do contrato

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do contrato e incluirá, como partida independente o IVE. A oferta do licitador deberá ser, en todo caso, igual ou inferior ao orzamento base de licitación. En caso contrario, será excluída da licitación.

## II.6.-Prazo de execución.

Do 1 ano.

## II.7.- Anualidades.

Primeira e única anualidade: Do 15 de outubro de 2025 ao 15 de outubro de 2026 por im orte de **130.108,78** co ive engadido.

- Ano 2025: 27.734,22 €
- Ano 2026: 102.374,56 €

## II.8.- Prórroga.

Neste contrato prevénse 1 prórroga dun ano de duración:

| ANO | IMPORTE | APLICACIÓN ORZAMENTARIA |
|---|---|---|
| 2026 | 27.734,22 € | 912.0.227.995.05 (Programas Alcaldía) ou a súa bolsa de vinculación. |
| 2027 | 102.374,56 € | 912.0.227.995.05 (Programas Alcaldía) ou a súa bolsa de vinculación. |

## II.9.- Materias obxecto de negociación e criterios de adxudicación

O artigo 170.2 da LCSP determina que no caso de que unicamente participe un candidato, o órgano de contratación, sempre e cando sexa posible, deberá negociar con el os termos do contrato.

Pode considerarse que o prezo fixado no contrato é axustado, tendo en conta os cálculos dos custos, polo que dada a natureza do obxecto do contrato, e dada a imposibilidade de negociar sobre o desenvolvemento da produción do evento, o proceso de negociación versará unicamente sobre o prezo do contrato.

## II.10.- Revisión de prezos

Este contrato queda expresamente excluído da revisión de prezos que se determina no artigo 103 e seguintes da LCSP, polo que o prezo ofertado manterase durante toda a vixencia do contrato.

S.ord. 24/10/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

## II.11.- Seguro de responsabilidade civil.

O adxudicatario deberá contar cunha póliza de responsabilidade civil que cubra o obxecto da actividade contratada cunha contía mínima de 600.000 €.

## II.12.- Subcontratación

O adxudicatario poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación obxecto do contrato, conforme aos artigos 215, 216 e 217 e a disposición adicional quincuaxésima primeira da Lei 9/2017. Non se fixan tareas críticas.

## II.13.- Modificación do contrato

Non se contempla.

## II.14.- Responsable do Contrato

A responsable do Contrato será a Xefa do departamento administrativo da Alcaldía

## II.15.- Condicións especiais de execución:

De acordo co establecido no artigo 202 da LCSP, establécense como condicións especiais de execución do contrato para o adxudicatario a seguinte:

De carácter medioambiental:

- Redución de envases e embalaxes.
- Recollida selectiva de residuos.
- Minoración de ruídos e vibracións que poidan ocasionar molestias ós veciños e traballadores.

Co obxecto de contribuír a mellora dos valores ambientais que poidan verse afectados polo desenvolvemento deste contrato, en concreto no referido ao uso de materiais reciclados e reutilizables.

Os equipos de son emiten ondas acústicas que deben axustarse na intensidade ao emprazamento onde ser realice o servizo. Se xustifica a elección destas condicións na mellora da sustentabilidade e a protección do medio ambiente así como na protección das persoas contra as agresións producidas pola enerxía acústica, os ruídos e vibracións.

## II.16.- Cesión de datos e de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario

A execución do presente contrato non implica a cesión de datos nin de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

**II.17.- Referencia ao réxime de pagamento**

O pagamento do prezo do contrato efectuarase, tras a presentación das correspondentes facturas  con suxeición aos requisitos que estabelece na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público, e tras a conformidade polo responsable do contrato.

Conforme á Disposición adicional trixésima segunda da LCSP, o contratista  terá a obriga de presentar a facturas correspondentes que expedise no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, a través da plataforma FACE- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado- http://administracionelectronica.gob.es/ctt/face- de conformidade co establecido na citada Lei 25/2013.  Os Códigos para a súa presentación son os seguintes:

a) GE0000575 – Servizos Económicos

b) L01360577 – Concello de Vigo

c) GE0000668 – órganos de

**II.- 18.-** Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da lei orgánica 2/2012, de 27 de abril.

O importe da licitación podería tramitarse con cargo á aplicación 912.0.227.995.05 (Programas Alcaldía) do orzamento de Alcaldía para os anos 2025 e 2026, o a súa bolsa de vinculación.

O presente contrato está previsto no  "Plan anual de contratación" para o ano 2025 da Alcaldía. Compre sinalar que no antedito Plan non estaba prevista a realización dunha prórroga dun ano.

O gasto proposto, establécese tamén de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da esixencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro dos créditos vixentes no actual orzamento.  Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente.

**III.-PROPOSTA**

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 141 de 143 |
|---|---|---|
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**Primeiro.-** Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o servizo de contratación da gravación, retransmisión en Televigo dos actos institucionais do Concello de Vigo e mais en streaming.

**Segundo.-** Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía, asinado con data 19 de setembro de 2025.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa da Área de Contratación, con data 9 de outubro de 2025.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe máximo de licitación de 130.108,77 co ive engadido. Sendo o importe do ive de 22.580,86 €.

O importe da licitación podería tramitarse con cargo á aplicación 912.0.227.995.05 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do orzamento de Alcaldía para os anos 2025 e 2026.

- O prazo de execución será dun ano por un importe de 130.108,77 co ive engadido. O gasto imputarase as seguintes anualidades:

  - Ano 2025: 27.734,22 € con cargo a aplicación orzamentaria 912.0.227.995.05 (Programas Alcaldía) ou a súa bolsa de vinculación.
  - Ano 2026: 102.374,56 € con cargo a aplicación orzamentaria 912.0.227.995.05 (Programas Alcaldía) ou a súa bolsa de vinculación.

- Neste contrato prevénse 1 prórroga dun ano de duración:

  - Ano 2026: 27.734,22 € con cargo a aplicación orzamentaria 912.0.227.995.05 (Programas Alcaldía) ou a súa bolsa de vinculación.
  - Ano 2027: 102.374,56 € con cargo a aplicación orzamentaria 912.0.227.995.05 (Programas Alcaldía) ou a súa bolsa de vinculación.

**Quinto.-** Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

**Sexto.-** Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.

**<u>ACORDO</u>**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03

Documento asinado

**25(821).- ROGOS E PREGUNTAS.**
Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 05/11/2025 12:18:03
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/11/2025 12:18 | Páxina 143 de 143 |
| 1966-1102 Aprobado por XGL 31/10/2025 | CSV: A8AHDA-3B5DBH-874A8D-WNNPAH-PCAQQD-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv